42 outubro
novembro
decembro 1973

GRIAL



RAMÓN PIÑEIRO: Carta a Don Manuel Rodrigues Lapa.

X. L. FRANCO GRANDE: Introducción a Álvaro Cunqueiro.

J. L. PENSADO: Emigración e promoción económica de Galicia no século XVIII.

X. VILAS NOGUEIRA: Federales e rexionalistas galegos no XIX. Un exemplo de mistificación histórica.

LOIS CASTRO NOGUEIRA: Relato.

GERALD DENLEY: Poemas galegos.

DÁMASO ALONSO, RODRIGUES LAPA, ZAMORA VICENTE, PIEL, TAVANI, AGOSTINHO DA SILVA: No 1.º decenio da revista "Grial".

VIGO

GRIAL REVISTA GALEGA DE CULTURA
N.ª 42 - OUTUBRO, NOVEMBRO, DECEMBRO 1973

SUMARIO

ENSAIOS — Páxinas

Carta a Don Manuel Rodrigues Lapa, por RAMÓN PIÑEIRO 389
Introducción a Álvaro Cunqueiro, por X. L. FRANCO GRANDE 403
Emigración e promoción económica de Galicia, por J. L. PENSADO 417
Federales e rexionalistas galegos no XIX. Un exemplo de mistificación histórica, por X. VILAS NOGUEIRA 430

ESCOLMA

Relato, por LOIS CASTRO NOGUEIRA 437
Poemas galegos, de GERALD DENLEY 449
Historias da miña terra: o Herdeiro da Degolada, por MARÍA SILGAR 458
Rubindo á lúa por AURORA MARCO 463

PENEIRA DOS DÍAS

No 1.º decenio da revista "Grial", por DÁMASO ALONSO, M. RODRIGUES LAPA, ALONSO ZAMORA VICENTE, JOSEPH M. PIEL. GIUSEPPE TAVANI e AGOSTINHO DA SILVA 465
Un poeta con su tema: Don Juan de la Cueva Gómez y su lengua poética, por J. FILGUEIRA VALVERDE 475
Un vilancico galego inédito, por J. L. P. 485
O idioma de Aztlán: Unha lingua que xurde, por SALVADOR RODRÍGUEZ DEL PINO 488
Fernando Pérez-Barreiro, traductor de Shakespeare, por XOSÉ MANUEL LÓPEZ NOGUEIRA 493
Autonomía pra Escocia, por CARLOS DURÁN 496

LIBROS, por *S. Lorenzana, R. C. C., X. L. Franco Grande, E. R. R., M. L., O. H. V. e V. Arias* 498

O REGO DA CULTURA 511

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Director periodista: **Xosé Landeira Yrago.** — Codirectores: **Ramón Piñeiro López e Francisco Fernández del Riego.**—Consello de Redacción: **R. Carballo Calero - D. García Sabell - C. Fernández de la Vega - X. M. López Nogueira - M. Dónega Rozas - Camilo G. Suárez Llanos - Basilio Losada Castro - Ricardo García Suárez.**

CARTA A DON MANUEL RODRIGUES LAPA

Benquerido don Manuel:

Recibín o N.º 13 da revista *Colóquio/Letras*, no que figura o seu traballo "A recuperação literária do Galego". Pola nosa correspondencia xa tiña noticia de que estaba a preparar este traballo e tamén do pesimismo que rilla actualmente nas súas sinceras preocupacións galegas, así que xa pode imaxinar con canto interés o agardaba.

Como puido ver, reproducímolo no "Grial" para maior coñocemento dos seus puntos de vista no ámbito cultural galego. Nas mesmas páxinas do "Grial" quixera eu comentalo para corresponder ao que nel hai de diálogo amistoso conmigo. E como acho que no artigo trata tres temas fundamentáis —o do optimismo/pesimismo verbo da desaparición do galego, o da situación do galego como lingua literaria e o da opción portuguesa como solución única para o galego escrito—, comentaremos cada un deles por separado.

I. SOBRE A DESAPARICIÓN DO GALEGO.

Sabía que lle tiñan feito impresión algunhas opinións alarmistas manifestadas por Carlos Durán e por Xavier Alcalá, mas non supuña que chegarían a producir na súa mente un pesimismo moito mais radical que o que verdadeiramente senten aqueles dous mozos opinantes, cos que eu teño falado moito deste problema e non acho que sexan pesimistas (un e mailo outro están traballando intensamente no cultivo literario do galego). Eles proclaman públicamente a súa preocupación pola lingua como un acto de compromiso moral consigo mesmos e como unha chamada á sensibilidade colectiva. As patéticas palabras do Durán e do Alcalá teñen mais de rebeldía íntima, subxetiva, que de reflexivo pesimismo fatalista, mentres que as do admirado mestre Rodrigues Lapa acadan este matiz.

Na miña opinión, a actitude pesimista mais común ba-

séase na identificación da lingua galega coa cultura oral campesiña. Esta identificación é válida para un periodo histórico da nosa lingua, mas non para toda a súa historia, na que, en liñas moi xeráis, poderíanse establecer tres periodos, cada un deles coa súa peculiaridade cultural. Unha rápida consideración encol destes tres periodos históricos axudaranos a comprender a verdadeira situación actual da nosa lingua e das súas perspectivas.

No primeiro periodo —de varios séculos—, o galego foi unha lingua con pleno desenvolvemento cultural, tanto para os usos literarios como para os xurídicos, administrativos ou políticos. Acadóu unha vixencia social do máximo prestixio, non só nas camadas populares senón nas aristocráticas e cortesás. O prestixio do galego como lingua literaria trascendía da área xeográfica de Galicia e dominaba nas cortes de León e de Castela, nas que Alfonso IX, Fernando III e Alfonso X foron protectores ou cultivadores entusiastas da nosa lingua como instrumento poético. Todo esto, que é ben sabido, compre telo presente para non esquecéremos que o galego non aparece na historia como unha lingua "rural", "vulgar", "plebea", senon como unha lingua de pleno desenvolvemento cultural e máximo prestixio social.

No segundo periodo —tamén de varios séculos—, a evolución da historia española fixo que o galego deixase de ser lingua escrita e que, como lingua falada, fose perdendo gradualmente o seu antergo prestixio social. Pouco a pouco vai deixando de ser a lingua de toda a sociedade galega para ser só a lingua popular, a lingua dos iletrados. Mesmamente na época en que a cultura escrita acada unha gran forza expansiva pola invención da imprenta, o castelán imponse como única lingua escrita. A cultura oral popular e a cultura escrita teñen linguas distintas en Galicia. Durante séculos, a lingua oficial limitóuse a ser o instrumento cultural dos medios sociáis dominantes, que ao mesmo tempo utilizábana como signo de diferenciación, de superioridade, de privilexio frente ás camadas populares galego-falantes, despreciadas por *analfabetas* (analfabetas verbo da cultura escrita, mas cultas verbo da rica tradición cultural oral na que vivían). Nesta situación, cada unha das linguas delimitaba unha determinada esfera social: o galego, as camadas populares mergulladas na cultura oral; o castelán, as minorías privilexiadas donas do Poder e da cultura escrita. Mas como nos tempos modernos o proceso da *alfabetización* foi pasando a sectores cada vez mais amplos da poboación, a presión cultural da lingua oficial sobre a popular foi medrando na mesma medida, porque a alfabetización fíxose unilateralmente na lingua oficial. Cando, xa nos nosos días, este proceso de alfabetización se popularizóu, se fixo obligatorio para todos, chegouse a unha situación nova:

antes, como xa vimos, o galego e o castelán delimitaban sectores da sociedade —a maioría iletrada e a minoría letrada—; agora, delimitan niveis culturáis de toda a sociedade, xa que o galego sigue sendo a lingua *falada* da maioría dos galegos e o castelán pasóu a ser a lingua *escrita* de todolos galegos. A alfabetización, ao prescindir da lingua falada pola maioría, deu lugar a esta deturpadora dicotomía lingüística: que os galegos falen nunha lingua e escriban noutra distinta.

Neste segundo período histórico que estamos a considerar, domina o conflicto entre a tradición cultural oral e a presión crecente da cultura escrita. Na mesma medida en que aumenta a difusión da cultura escrita, a situación de inferioridade do galego tamén aumenta. Un proceso histórico fatalmente esmagador, porque na Edade Moderna a cultura oral, puramente oral, fica desplazada polo vigoroso dinamismo da cultura escrita, que ao pasar de *manuscrita* a *impresa* poténciase extraordinariamente, mentres que a cultura oral vai replegándose na tradición popular, vai resignándose a unha forzosa situación defensiva. Así, o noso rico herdo cultural dos primeiros séculos, amudecido na súa expresión escrita, convírtese en tradición oral popular. Mas, polo enorme predominio da poboación campesiña, esa tradición oral popular vaise convertindo, ao mesmo tempo, en cultura sustancialmente campesiña. A nosa lingua vaise convertir, durante séculos, no instrumento expresivo e comunicativo desa cultura oral campesiña. Resulta natural que, ao cabo, rematen por se identificaren ambas cousas.

A situación do galego neste segundo período da súa historia levaba consigo unha doble amenaza: a do triunfo da cultura escrita sobre a cultura oral e a da crisis da cultura agraria, campesiña, frente á cultura técnico-industrial. Tal era a tremenda perspectiva que se lle abría á nosa lingua. A primeira amenaza, a da cultura escrita, exerceu a súa acción erosiva durante os séculos modernos e culminóu na alfabetización obligatoria, en castelán, levada a cabo no noso tempo. A segunda amenaza, a da agresividade da cultura técnico-industrial, está agora en plena ofensiva. Non pode sorprendernos que aqueles que contemplen o panorama do galego ao traveso deste proceso histórico e das perspectivas que del se derivan, teman a súa inevitable, fatal e inmediata liquidación. O mais ilustre destes pesimistas é mesmamente o noso admirado amigo don Manuel Rodrigues Lapa.

Ora, na evolución histórica do galego producese un terceiro período que altera radicalmente esas abesadas perspectivas do segundo. Neste, vimos as amenazas ou agresións que lle viñan ao galego desde fora, obligándoo a se replegar no ámbito coloquial. Mas agora producese un feito novo, unha novedade interna, unha verdadeira revolución ocurrida na lingua mes-

ma, que por eso marca o comenzo dun novo periodo histórico, o terceiro. Trátase de que o galego, despóis de vivir varios séculos como lingua puramente oral, decide convertirse en lingua escrita. Unha minoría intelectual, da que foron portavoces iniciáis os poetas, acomete a empresa de facer do galego unha lingua literaria, de convertir o galego falado en lingua de cultura escrita. Na segunda mitade do XIX, o galego inicia a batalla de todalas linguas modernas, ou sexa, o seu desenvolvemento como lingua de cultura escrita. Empresa abondo difícil, non só porque tiña que partir dunha lingua totalmente arredada destes usos senón porque tiña que bater coa resistencia, desdeñosa dun ambiente dominado pola hexemonía secular do castelán. Contra ambas dificultades tiña que loitar o galego oral dos campesiños, manexado polos poetas, para abrirse paso como lingua moderna de cultura escrita.

Esta batalla xa leva máis de cen anos de esforzo. Durante bastantes decenios mantívose como lingua oral popular e lingua escrita dos poetas, mas pouco a pouco foi ampliando a súa actividade a todolos eidos da cultura. Fruto desta enérxica vitalidade é a existencia dunha cultura escrita en galego. As duas linguas desenvolven a súa propia cultura escrita. O castelán, en tanto que lingua oficial do Estado, ten os privilexios e exclusivas derivados de tal condición, con todo o prestixio que eso comporta; mas é importante sinalar que nesta nova situación a coexistencia das duas linguas ten que partir do feito de que existen duas culturas escritas. A superioridade dunha lingua verbo da outra xa non é, como antes, cultural (lingua dos iletrados, lingua dos letrados), senón que é política. Trátase de duas linguas, cada unha delas coa súa cultura escrita, unha das cales é lingua oficial e a outra non.

A batalla do galego por desenvolver a súa plena actividade cultural como lingua escrita tivo que vencer moitos atrancos. Quen siga a evolución cultural de Galicia nos derradeiros cen anos sabe ben que esta batalla é un dos acontecementos mais extraordinarios da cultura peninsular nese periodo. O punto de partida era unha lingua abafada, desprestixiada, reducida aos usos coloquiáis da vida rural. Hoxe é unha lingua escrita en condicións de asumir todalas necesidades expresivas da creación espiritual. Unha transformación semellante, lograda, además, frente ao desdén ou a hostilidade dun ambiente identificado coa hexemonía unilateral do castelán, representa unha verdadeira revolución na historia da lingua. Unha revolución que lle devolvéu o prestixio cultural ao galego e, como consecuencia, tamén o social. O galego ganóu a batalla do prestixio cultural porque ganóu a batalla da súa conversión en lingua de cultura escrita, e ganóu, parcialmente, a batalla do prestixio social: ganouna nas camadas mais cultas da sociedade —mesmamente as que o despreciaban—, e vaina ganando lentamente nas camadas mais populares, que

aínda siguen dominadas polo complexo colectivo de inferioridade herdado do pasado.

Os avances deste proceso intensificáronse notablemente no derradeiro decenio, no que a vitalidade cultural do galego acadóu unha sorprendente forza expansiva, sin precedentes desde o século XV. Nunca desde entón chegóu a ter o galego tanto prestixio cultural, tanta vitalidade creadora e tanta presencia en ámbitos como a Universidade ou a Eirexa, proba ben patente da súa revolucionaria transformación de lingua oral dos analfabetos en lingua de cultura como o castelán. Quer decir que, frente ao perigo histórico de se ir ensumindo como lingua coloquial rural esmagada pola presión crecente do castelán, o galego soupo desplegar a súa propia persoalidade cultural como lingua escrita e hoxe xa plantexa o problema da súa incorporación ao ensino, á liturxia, aos usos xurídicos, etc.

Además desta revolución que o salvóu de perecer pola inferioridade da lingua meramente oral frente á superioridade da lingua escrita, o galego está levando a cabo outra transformación revolucionaria: a de deixar de ser unha lingua puramente rural para se convertir en lingua urbana. Durante séculos, como temos visto, foi a lingua dunha cultura oral campesiña, unha cultura con moitos séculos de tradición e con grande riqueza de sabiduría pro unha cultura arraizada no campo. Mas velahí que, nos nosos tempos, a cultura tradicional campesiña está sendo rápidamente desintegrada pola enérxica agresividade da cultura técnico-industrial, de base urbana. E esta era a segunda amenaza histórica que se lle defrontaba ao galego. En canto que lingua dunha cultura rural-campesiña, estaba amenazada de morte pola asoballante ofensiva do racionalismo técnico-industrial. Mas, ao mesmo tempo que se liberaba da inferioridade da lingua oral frente á escrita, o galego tamén se está liberando da inferioridade —inferioridade circunstancial histórica, non cualitativa— do seu ruralismo tradicional ao se convertir nunha lingua urbana aberta ás necesidades da cultura vixente no noso tempo.

Esta segunda gran revolución do galego está agora na súa primeira etapa. Unha vez que logróu prestixio cultural como lingua escrita, comenzóu a despertar interés nos sectores mais cultos e sensibles dos medios urbáns. Este interés foi en aumento. Axiña comenzaron a organizarse cursos de galego nas cidades e nalgunhas vilas. Creóuse un mercado do libro galego, mercado que está medrando e que é fundamentalmente urbán. A Galicia urbana, culturalmente alienada durante séculos, vai sensibilizándose á verdadeira realidade galega, vai adquirindo unha nova visión desta realidade. Mentres que a cultura galega foi pura tradición oral campesiña, a Galicia urbana viroulle as costas e alienouse na castelanización diferenciadora, dando lugar á existencia de dúas Galicias cultu-

ralmente alleas entre sí. O desenvolvemento da cultura galega escrita, ao crear un horizonte espiritual moito mais amplo que o da tradición rural, logróu atraer o interés da Galicia urbana, que descubríu nesta cultura a súa propia identidade. A lingua deixóu de ser signo de ruralidade para ser, no mais pleno sentido, signo de cultura. A ruralidade non quedóu excluída —exclusión imposible en Galicia—, pero foi englobada na total amplitude e diversidade de dimensións da cultura. Mesmamente por esta diversidade de dimensións, a cultura galega pode hoxe abranguer a toda Galicia e non limitarse á Galicia rural.

Esta é a gran batalla, a gran batalla, que agora está librando o galego: a conquista da plenitude cultural e, con ela, a conquista da Galicia urbana. Quer decir: a conquista do futuro. A Galicia campesiña tradicional está en crisis, mortalmente ferida pola aculturación alienante, pola emigración en masa, polo atraso económico paralizante, pola impotencia social frente ás forzas destructivas que a van desintegrando. En Galicia, como en todas partes, a cultura agraria tradicional cede á presión da cultura urbana, á eficiencia esmagadora do racionalismo técnico-industrial que vai dominando o mundo contemporáneo. Desta profunda crisis da Galicia tradicional terá que sair unha Galicia nova, que non sabemos como será. Poderá ser socialista ou capitalista; dona dos seus recursos, ao servicio dos seus fillos, ou simple zona xeográfica explotable desde calquera lugar do mundo; creadora dunha cultura orixinal con que arrequecer o patrimonio espiritual da humanidade, ou puro ermo para o tránsito do estéril mimetismo provincián. Non sabemos o que será. Só sabemos que será algo moi distinto do que foi e do que é. E sabemos que, en gran medida, dependerá da Galicia urbana que esa Galicia nova sexa unha cousa ou outra. De ahí a importancia radical da mentalidade urbana, no pasado alienada e actualmente en proceso de recuperación gracias á batalla cultural da lingua, como antes dixemos.

O que hoxe hai en Galicia de auto-conciencia, de responsabilidade solidaria ante o futuro, de vontade colectiva para desenvolver unha Galicia auténticamente galega, verdadeira, progresiva, creadora, está mesmamente avencellado a esa mentalización cultural urbana acadada pola lingua. Non é a lingua da cultura oral campesiña, en plena decadencia, a que decidirá o noso futuro, porque ela representa pasivamente o noso pasado, simboliza ese segundo período histórico de que falamos anteriormente. Pola contra, é o galego que xurde da gran revolución cultural do terceiro periodo —conquista da cultura escrita, conquista da cultura urbana— o que ten dinamismo de futuro. Que teña ou non a forza necesaria para o triunfo histórico, é cousa que non se sabe. É cousa que ninguén pode saber.

Os que reparan no constante esmorecemento do galego rural, da cultura oral campesiña, son pesimistas; os que reparamos no vigoroso progreso da revolución cultural do galego nos derradeiros decenios, somos optimistas. O número dos que falan galego con complexo de inferioridade, certamente vai disminuindo; o número dos que o falan con plena conciencia da súa significación cultural, vai aumentando. Quenes identifican a realidade do futuro do galego co primeiro núcleo, teñen que ser pesimistas; quenes o identificamos co segundo, temos motivos para ser optimistas. Sabemos que o que está a morrer non é o galego, senón unha etapa histórica do galego, a súa etapa de lingua puramente rural, de lingua da cultura oral campesiña. Mas está a xurdir, e xurde con vigor, unha nova etapa histórica da nosa lingua, unha etapa na que o galego abrangue a amplitude total da cultura, escrita e falada, e a totalidade da sociedade, non só a campesiña tradicional.

Na "Carta de Compostela" que eu publiquei no N.º 8 da revista *Colóquio/Letras* —"Carta" que, aparentemente, motivóu o seu artigo que comentamos agora—, daba un panorama esquemático dos avances do galego nesta nova etapa en que as súas dimensións de lingua escrita e lingua urbana, francamente viradas cara o futuro, amplían e modifican a fasquía tradicional da lingua. No tempo transcurrido desde entón, pouco mais ou menos ano e medio, ocurriron novos feitos que veñen a reforzar o optimismo de aquel panorama. Voulle sinalar algúns. Por exemplo, o da incorporación do galego ao ámbito xurídico. Na miña "Carta" anunciaba a preparación do Primeiro Congreso Xurídico de Galicia, convocado para discutir os problemas do Direito galego diante da inminente revisión do Apéndice Foral. Ese Congreso celebróuse con gran éxito e nel foron linguas oficiáis o galego e o castelán, que foron utilizadas indistintamente e con toda naturalidade. As Actas redactáronse nas duas linguas e nas duas linguas se publican as Conclusións. Previamente ao Congreso celebráronse conferencias e publicáronse libros en galego sobre os problemas a debatir, e despois do Congreso celebrouse un acto público na Cruña no que un grupo de maxistrados, xueces e abogados comentaron os resultados mais interesantes do mesmo, e fixéronno igualmente en galego, coa simpática circunstancia de que un dos xueces participantes, non nado en Galicia, falóu en correctísimo galego. Este feito da incorporación do galego ao campo xurídico, que tería sido imposible hai dez anos, producíuse coa maior naturalidade e sirve para nos dar idea do cambio de mentalidade que se está operando. Xa ve, mentres que os labregos do Cebreiro ou da Peroxa siguen sentíndose acomplexados de falar galego dediante dos homes que levan corbata, trescentos abogados, notarios, xueces, maxistrados, profesores, etc. deciden que é natural falar dos problemas xurídicos en galego ou en castelán, a vontade de cadaquén. Mas

os avances da nosa lingua non se limitaron ao terreo xurídico. Olle: un equipo de escrituristas está a traballar na traducción da Biblia ao galego, e temos que pensar que algunha razón hai para que antes non se fixese e agora, en cambio, se faga con entusiasmo. E tamén nese periodo de tempo se incorporóu o ensino do galego a duas Escolas Universitarias, a de Santiago e a de Ourense, nas que os futuros profesores de Ensino Xeral Básico poden estudar *voluntariamente* o galego, cousa que fan todos. Como, tamén voluntariamente, se pode estudar en once ou doce Institutos de Ensino Medio. E no Instituto de Ciencias da Educación celebráronse as primeiras xornadas, con participación de pedagogos e lingüistas, para o estudo dos problemas do bilingüismo en Galicia. E en medio centenar de escolas primarias levouse a cabo a experimentación dos métodos para un aprendizaxe da leitura en galego preparados polo Instituto da Lingua Galega da Universidade. E xurde o primeiro Concurso de Teatro Infantil Galego, convocado pola Agrupación cultural *O Facho* e, paralelamente, a Primeira Mostra do Teatro Galego, convocada pola Agrupación cultural *Abrente*. A aparición de grupos teatráis galegos nas diversas cidades e vilas é un dos feitos mais interesantes dos derradeiros tempos. Como tamén a aparición de espacios radiofónicos en galego patrocinados por empresas industriáis. E o notable incremento na difusión do libro galego. Naturalmente que todo esto non abonda para resolver o problema do futuro do galego, mas marca un cambio radical verbo do seu pasado. Un cambio que sinala o camiño a seguir. E seguirémolo.

II. A SITUACIÓN LITERARIA DO GALEGO

Ao tocar este punto no seu artigo, manifesta grandes reservas sobre as posibilidades literarias do galego —fora da poesía— e grandes reparos ao que se fai. Tamén nesto, o seu balance é pesimista. Pesimista hoxe, en 1973, porque non sempre o foi. En 1952 apareceu o "Cancioeiro da Poesía Céltiga" de Julius Pokorny e naquela ocasión comentouno decindo que utilizaba un galego mais abstracto e universal que o de Aquilino nos "Carmina" de Horacio, e concluía: "estamos chegando á fixación do galego literario". Hai vinte anos era optimista. Hoxe é pesimista. ¿Qué ocurríu durante eses vinte anos? Espero que concorde conmigo si digo que neses vinte anos o cultivo literario do galego acadóu un desenvolvemento excepcional. Nunca tanto se cultivóu, quer na creación de obras orixináis, quer na traducción de obras importantes de outras literaturas. Shakespeare, Eliot, Anouilh, Giraudoux, Paul Claudel, Saint-Exupéry, Omar Kayyam, James Joyce, Leibniz, Heidegger, Spranger compartiron o galego cos nosos narradores, cos nosos ensaístas, cos nosos autores teatráis, cos nosos poetas. Foron dous decenios de espléndida agromada literaria na nosa lingua. ¿Qué ocurríu con toda esta abundante, varia-

da e valiosa obra para que o noso querido e admirado Rodrigues Lapa se sinta mais pesimista ao final que ao comenzo deses dous fecundos decenios? Na miña opinión, unha mutación mental tan sinxela como sorprendente: hai vinte anos, cando falaba do galego literario, pensaba no *galego;* agora, cando fala do galego literario, pensa no *portugués.*

Si tomamos en conta esta mutación esencial, expresamente declarada no seu artigo, xa nos resultará menos asombrosa a extraña arbitrariedade de escoller os "Carmina" de Horacio traducidos por Aquilino como símbolo das cualidades literarias do galego. Para que o galego literario teña que ser o portugués, compre negar as posibilidades literarias do propio galego. E para dar unha proba das súas limitacións negativas, por ruralismo, o exemplo do Aquilino víñalle ben. Mas ocurre que o exemplo só demostra as cualidades e as intencións do propio Aquilino, non as do galego. Hai varios humanistas nosos que poden traducir os "Carmina" ao galego con tanta gracia e elegancia poética como a que acaden vostedes no portugués. Pode estar ben certo. Mas non se trata só de afirmacións sobre cousas posibles. Contemporánea dos "Carmina" é a traducción do "Cancioeiro da Poesía Céltiga", de J. Pokorny, que non incurre no ruralismo localista de aquela, como no seu día reconoceu espontáneamente o noso amigo. Non só non incurríu senón que, no prólogo, declárase expresamente que a transformación da lingua oral campesiña en lingua literaria impón un labor selectivo entre a inmensa riqueza de variantes para escoller aquelas que ofrezan maiores posibilidades de dignidade literaria, depurando a lingua da codia de ruralismo vulgar creada por un abandono literario de séculos. E esta mesma conciencia selectiva orientóu todalas traduccións levadas a cabo nestes vinte anos —algunhas delas admirables, como o noso amigo sabe—, e orientóu a actividade creadora dos nosos escritores mais importantes. Ou sexa, que a historia literaria do galego nos derradeiros vinte anos é talmente a negación da experiencia realizada coa traducción dos "Carmina". Non se comprende, xa que logo, como pode caracterizarse a realidade literaria do galego actual prescindindo desta verdade histórica e atribuíndolle unhas limitacións tomadas dun caso individual nada representativo —mais ben excepcional— dentro da evolución xeral do galego literario. Esta acrobacia sofística non é intencionada, senón que é o resultado dun prexuicio sincero: que o galego literario é... *o portugués.* Partindo de tal a priori, o ruralismo localista dos "Carmina" simboliza todalas limitacións e incapacidades do galego e pódese tomar lexítimamente como exemplo. Mas ocurre que tal prexuicio, tal a priori, sin dúbida moi sincero, moi nobre e moi xeneroso na intención do noso amigo, é erróneo. De ahí que resulten tamén erróneas as súas consecuencias, como vimos de ver.

O noso amigo sabe moi ben que ningunha lingua está incapacitada de seu para se convertir en lingua literaria. Depende de que sexa ou non cultivada literariamente e, sobre todo, de que conte con cultivadores de talento creador e sensibilidade artística. E o galego, desde hai cen anos, contóu e conta con cultivadores de talento e sensibilidade, e a súa obra fai que o galego sexa unha lingua literaria. Non son os filólogos nin os lingüistas os que decretan cando unha lingua é literaria. Son os poetas, os narradores, os dramaturgos, os ensaistas os que, cultivándoa, fana literaria. Así, Rosalía, Pondal, Curros, Cabanillas, Manuel Antonio, Pimentel, entre outros poetas, e Castelao, Risco, Otero Pedrayo, Cuevillas, Dieste, Cunqueiro, Fole, Blanco Amor, García-Sabell, Rof Carballo, Celestino F. de la Vega entre outros narradores e ensaistas, fixeron do galego unha lingua literaria. Unha lingua literaria que novos poetas, novos narradores e novos ensaistas están renovando e arrequecendo con brio. Carece de sentido plantexarse hoxe o problema que xa está resolto polos feitos. O galego *é* lingua literaria, como o demostra a literatura galega. Pódense discutir as súas características e posibilidades, como se poden discutir as características e posibilidades de outra lingua literaria calquera, e mesmo comparárense as de unha coas de outra, mas non se pode discutir o feito puro e simple de que o galego é unha lingua literaria.

Naturalmente que o galego literario ten problemas, como os teñen todas as linguas, poisque todas están suxeitas a constante crisis e mutación. Romantismo, Naturalismo, Simbolismo, Dadaísmo, Surrealismo, Ultraísmo, Expresionismo, Futurismo, Existencialismo, etc., son etiquetas que, ademáis de designar ideas estéticas peculiares, designan tamén revolucións ocurridas nas distintas linguas literarias. Cada unha destas correntes estéticas vai creando a súa propia linguaxe expresiva, linguaxes que se van contrapondo e sucedendo unhas a outras. Hai épocas en que a lingua literaria sigue módulos de requintada elegancia, de selectismo aristocratizante, e hai outras épocas en que, pola contra, é asaltada, invadida pola cachoeira da fala popular, que impón novos criterios estéticos, novos gustos, que ás veces chegan a consagrar o "feísmo", o "tremendismo" e outras formas de expresión artístico-literaria que nada teñen que ver coa elegancia, coa beleza, etc. Si ocurre así coas demáis linguas —e así ocurre—, non hai razón algunha para que non ocurra tamén no galego, que non nacéu condenado a expresar *únicamente* o realismo da vida rural. Ademáis de que sería completamente infundado atribuirlle esa condena xenética, a estas alturas tamén resulta infundado atribuirlla históricamente. Unha lingua que foi capaz de expresar con fidelidade o pensamento filosófico de Heidegger, de Spranger, de Leibniz; ou a forza dramática de Shakespeare, de Eliot, de Anouilh; ou a maxia poética do "Cantar dos Canta-

res", das "As Rubáyiát" de Omar Kayyam, do "Le Petit Prince" de Saint-Exupéry, non se pode decir que é unha lingua atada ao ruralismo local. Nada deso. Trátase dunha lingua apta, demostradamente apta, para todalas aventuras da creación cultural, tanto si se trata de desenvolver as ideas da psicoloxía profunda de Jung na interpretación do sentimento da Terra-Nai, como si se trata de levar a cabo un dos máis profundos e agudos estudos do esforzo e dos logros literarios de James Joyce, como si se trata do análisis radical e sistemático do fenómeno espiritual chamado *humor*, como si se trata do análisis da "Dialéctica existencial" de Sartre, etc., etc.

A maiores das outras linguas, nós temos os problemas da unificación morfolóxica, da regularización gramatical, da fixación do vocabulario culto. Bon, problemas que non teñen que ver coa aptitude da lingua para a expresión e a comunicación espiritual. Problemas, ao cabo, de solución convencional e que están en curso de solución.

III. O PORTUGUÉS, GALEGO LITERARIO?

O meu amigo, o noso grande amigo, un dia comenzóu a sentir temor polo futuro do galego. A emigración en masa da mocedade campesiña, a aculturación oficial intensiva, a alarma dos xóvenes escritores, despertaron no espíritu do gran galego de Anadía unha grave e crecente preocupación: ¿sobrevivirá o galego? ¿Sucumbirá? Os que sabemos que o galego foi un dos seus grandes amores desde hai cuarenta anos, sabemos tamén que estas interrogantes tiñan para el unha forza lacerante. Un día e outro, e cada día con mais forza, xurdían as dúbidas punxentes: ¿morrerá o galego? Mas, un dia, as dúbidas desapareceron de súpeto. Unha raiola de luz quente que viña do fondo do corazón anulounas para sempre con un mensaxe inequívoco: *¡Non, o galego non morrerá! ¡Seguirá vivo no portugués!* O noso grande amigo ficóu tranquilo, feliz mesmo. O galego ten asegurada a súa pervivencia e a súa crecente universalidade no portugués.

Unha idea que resolvía tan definitivamente as magoantes dúbidas, tiña que engaiolar a mente idealista e movilizar o temperamento radical do querido amigo. E así foi. Galgando por enriba da vontade de pervivencia do galego e pechando os ollos á realidade dos seus logros e posibilidades literarias, concluíu que a solución —a salvación— dos galegos que queiran seguir sendo culturalmente galegos é... *escribir en portugués*. Ese paso resolve todolos problemas da cultura galega, que además tería, dentro de 25 anos, 200 millóns de leitores e, dentro de 50 anos, 400 millóns. Para el carece de sentido todo esforzo por desenvolver literariamente o galego porque xa existe o portugués literario, que é "a forma que tería o galego se o não tivessem desviado do caminho proprio".

Porque sei que estas ideas están inspiradas nunha xenerosidade fraternal, nunha vontade de nos abrir as portas do fogar que nos vellos tempos foi común, funas lendo con emoción. Mas, ao mesmo tempo, fun tamén comprobando o radical idealismo que lles sirve de base, co grande incomenente de que a realidade é pouco idealista. Así, desde a realidade galega eu podo comprender —e mesmo agradecer— a intención xenerosa do amigo Rodrigues Lapa, podo comprender o seu idealismo, mas nono podo compartir. O peso da realidade impídemo. E, contempladas desde Galicia, tanto a realidade galega como a portuguesa presentan perspectivas distintas ás que ese idealismo lapián nos ofrece.

No tocante a Galicia, ocurre que o galego non está con vontade de morrer. Morre, sí, ou polo menos esmorece transformándose en lingua escrita, en lingua urbana, en lingua moderna con dinamismo de futuro. Este galego está librando a súa batalla por sensibilizar a conciencia colectiva para acadar que a Galicia do futuro sexa auténticamente galega. Si triunfa —e eu confío no triunfo—, o galego será a expresión espiritual da personalidade colectiva do pobo galego; si fracasa, a persoalidade colectiva do pobo galego disolverase na historia e os galegos serán asimilados polo mimetismo cultural. Esta batalla da identidade espiritual da nosa personalidade colectiva, só o galego —a nosa lingua— a pode dar; só o galego —a lingua dos galegos— a pode ganar. Para esa empresa histórica, tan decisiva, tan radical, non nos sirve o portugués literario actual, que nós nunca temos falado nin escrito. A alternativa que nos impón a Historia non é *galego/portugués*, senón *galego/castelán*. Nesa alternativa, o portugués literario actual non pode sustituir ao galego. ¿Comprende, meu amigo?

Ocurre tamén que os galegos non estamos con vontade de renunciar á nosa lingua como lingua literaria. É na nosa lingua na que mellor podemos expresar e comprender a realidade vital e a realidade espiritual do noso mundo. Contra o seu parecer de que a nosa literatura está entalada polo ruralismo localista da lingua, nós estamos certos de que hai páxinas literarias galegas —de Castelao, de Dieste, de Cunqueiro e de outros escritores—, dunha calidade artística comparable ás dos notables escritores de outras literaturas. E non deixa de nos asombrar a súa idea de que si Castelao, ou Dieste, ou Cunqueiro tiveran escrito en portugués, a súa prosa ganaría en calidade artística. Dando por suposto que non iba ganar nin perder en calidade artística, para nós perdería en eficacia, porque a riqueza connotativa que o galego nos ofrece é insustituible.

No tocante á realidade portuguesa, vista desde aquí semella unha miga mais complicada que no esquema idealista do noso amigo, que nos presenta o portugués literario actual como a forma que tería o galego se non fora desviado do ca-

miño propio. En realidade, o camiño propio do galego sería, naturalmente, non interrumpir a súa vida literaria e evolucionar da etapa medieval á moderna como as demáis linguas cultas. Mas, pasada a etapa medieval —a etapa galego-portuguesa—, ¿qué ocurríu co galego? Certamente, os ventos da historia fóronlle pouco favorables nas duas bandas do Miño: en Galicia, porque se interrumpíu a súa vida literaria e ficóu reducido a lingua oral campesiña; en Portugal, porque o portugués moderno que se foi formando nos séculos XV e XVI evolucionóu mesmamente desviándose do galego, desgaleguizándose. Quer decir, que si o galego do Norte do Miño sufríu a hexemonía político-cultural de Castela, o do Sul do Miño sufríu a hexemonía político-cultural da Lusitania, reflexada no portugués moderno. Mesmo por eso, non me resulta demasiado convincente a afirmación de que o portugués literario actual é a forma que *tería* o galego de haber seguido o seu camiño propio. Imaxinemos que o galego non tivera atrancos e seguise a súa marcha natural como lingua literaria. ¿De veras coida que, libre da hexemonía da Lusitania, iba evolucionar igualiño que o portugués moderno, fillo desa hexemonía?

A min seméllame claro que hai unha primeira etapa común, a etapa medieval, a etapa do *galego-portugués*. Hai unha segunda etapa, a etapa moderna, en que esa lingua común medieval se diferencia en duas linguas irmás, o galego e mais o portugués. E hai unha etapa que agora comenza, unha terceira etapa, na que non son duas senón tres as linguas que xurdiron do común galego-portugués: o galego, o portugués e mailo brasileiro. Quizáis moitos portugueses refuguen, mesmo con escándalo, esta afirmación. Con todo, resultaralles máis fácil negar o feito que impedilo. Abonda con lembrar a Guimarães Rosa para percibir a presencia dun brasileiro literario que xa non é o portugués moderno. Como lle decía, contemplado o problema desde aquí resulta mais complexo. Non é o portugués moderno o herdeiro literario único do galego-portugués orixinario, senón que hai tres herdeiros, tres continuadores: o galego, o portugués e o brasileiro. Cando vostede, cos datos prospectivos da Futuroloxía, nos fala dunha lingua que dentro de 25 anos terá 200 millóns de leitores, e 400 millóns dentro de 50 anos, está falándonos sobre todo do brasileiro, lingua filla do portugués como este o é do galego-portugués.

Ora, aclaradas xa, e con toda franqueza, as diferencias nos nosos puntos de vista verbo da súa proposta de sustituir o galego polo portugués como lingua cultural e literaria dos galegos, cómpreme agora sinalar igualmente as concordancias.

En primeiro lugar, estamos totalmente de acordo en que o galego e o portugués son radicalmente a mesma lingua. Durante séculos —os séculos da súa formación e os primeiros séculos da súa floración literaria—, era unha lingua única que

conocemos como *galego-portugués*. Si hoxe, ao cabo dos séculos, esa lingua se ramificóu en tres variedades, o tronco, o núcleo, é común ás tres.

Tamén estamos de acordo en que esa comunidade fundamental das linguas compre mantela, no que os galegos somos mesmamente os máis interesados, porque esa comunidade é a que nos abre un horizonte inmenso de universalidade cultural dentro do ámbito lingüístico propio. Sería necio que renunciásemos a esas posibilidades de expansión cultural.

En consonancia con esto, a política a seguir na fixación do galego culto debe orientarse decididamente á consolidación de todo o que hai de común no galego e no portugués. E na incorporación do vocabulario técnico, que o galego ten que levar a cabo intensamente, tamén debemos tender á maior identidade das duas linguas irmás.

E, xuntamente co afianzamento de todo o que hai de común no terreo lingüístico, debemos igualmente procurar un crecente e cada vez mais profundo intercambio cultural, de xeito que cheguemos a ter un conocemento verdadeiramente familiar das tres culturas, seguindo mesmamente o seu exemplo.

Nesta liña de achegamento, a actitude galega será sempre aberta e entusiasta. Mas será achegamento *desde* o galego, non renunciando ao galego. As razóns, polo menos as mais importantes, coido que foron explicadas ao longo desta carta. En todo caso, como aínda nos queda moito que falar de todo esto —¡temos pasado tantas horas inesquecibles falando e falando do pasado, do presente e do futuro galego!—, espero que ahí en Anadía ou aquí en Compostela teremos ocasión de proseguir as nosas conversas, para min tan gratas.

Unha aperta forte e cordial do seu devoto amigo

RAMÓN PIÑEIRO
Santiago de Compostela

INTRODUCCIÓN A ÁLVARO CUNQUEIRO

Cando o Director destes Cursos * me pedíu que lles falara dun tema de literatura galega, suxeríume que o fixera sobre un autor de hoxe. Por iso penséi en Álvaro Cunqueiro, en quen concurren sin dúbida unhas certas circunstancias que aconsellaron a miña escolla: además de autor de hoxe en día, trátase dun escritor moi importante desta hora e de calquera tempo da nosa literatura, e, en calquera caso, é un acto de xusticia que nestes Cursos se trate o tema Cunqueiro.

Que é un autor importante, non se pode nin poñer en dúbida. En realidade, trátase do escritor galego de hoxe do que meirande conocemento se ten nos países extranxeiros. En moitas Universidades de Europa téñense feito tesis e estudos sobre Cunqueiro. Lémbrome agora da traballada tesis do profesor Giancarlo Ricci, *Celtismo e magia n'ella opera di Álvaro Cunqueiro* ou da tesis de licenciatura de Linda Sandbach, presentada na Universidade de Leeds, que leva por título *Álvaro Cunqueiro: an imaginative view of reality,* sin ter en conta outras moitas que, agora mesmo, se están a facer en diversas Universidades de Europa. Que eu seipa, non se pode decir que ocurra o mesmo na nosa Universidade...

Pero, además, é un acto de xusticia, como lles decía, que nestes Cursos se lle adique algunha atención a Cunqueiro. Pois non debemos esquecer nunca que se trata do escritor galego a quen máis lle debe hoxe a cultura galega. Quero decir con isto que, no ano 1955, data da aparición do *Merlín,* a prosa galega non tiña lectores. O público lector da prosa galega moderna creóuno Cunqueiro. El foi o gran introductor da literatura galega en ambentes onde se refugaba calquera manifestación cultural galega. O prodixio (eu chámolle así moi conscentemente) obróuse porque tiña Cunqueiro gran-

* Este artigo é o texto da conferencia que o autor pronunciou nos Cursos de Galego que, no derradeiro vrán, foron impartidos na cidade de Vigo e orgaizados polo "Instituto de la Lengua Gallega", da Universidade de Santiago.

des e afervoados devotos da súa literatura; e tan axiña como aparecéu a súa prosa galega, eses mesmos lectores convertíronse tamén en lectores da literatura galega por ser Cunqueiro escritor galego. Por iso lles digo que é de xusticia destacar isto, e que hai que decilo pra que se seipa tamén en ambentes onde non se seguíu día a día o decorrer cultural galego dos derradeiros vinte anos.

Trataremos, pois, de nos achegar de algunha maneira á literatura de Álvaro Cunqueiro. E unha maneira, entre moitas posibles, que pode servir pra explicar a un escritor —na medida en que un creador pode ser explicado— é tratar de o ver en relación co seu país. Pois un escritor é sempre (ou polo menos, é moi difícil o contrario) un producto do seu país e tamén do seu tempo. Nuns casos será máis producto do seu país, e noutros máis producto do seu tempo.

Mais a "provocación do ambente" de que nos fala a sicoloxía, é de certo factor importante na creación do carácter e da persoalidade. O profesor Ricci dínos que Cunqueiro é un producto histórico-xeográfico-cultural, con toda a súa complexidade, de paganismo e de cristianismo, de relixión, de maxia e de superstición. O profesor Ricci estima que o pobo galego é moi particularmente dado á superstición, pois íl coida que o sustrato galego é esencialmente céltico, así como celtas son moitas supersticións que hoxe conviven co culto cristián.

En realidade, Ricci vai máis lonxe: coida que así como os demáis pobos da Península tiveron que aturar unha grande superposición de culturas, o pobo galego foi o que se mantivo máis puro no seu celtismo, chegando a decir que se mantivo na pureza da súa propia estirpe.

A tesis é inxénua: nin o celtismo galego está probado como tal sustrato esencial, nin é certo que nós non teñamos esa mesma superposición de culturas dos demáis pobos peninsulares, que a temos, nin Cunqueiro, ao meu ver, ten nada que ver con ningún celtismo.

Pra Ricci é céltico canto sexa fantástico, nostálxico ou misterioso. En realidade, Ricci confunde celtismo con paganismo. Pero isto é moito decir.

Achégase moito máis á realidade cando dí que a Cunqueiro "Galicia déulle o ser e ofrecéulle os elementos funda-

mentales pra a súa obra". Isto sí que xa é tocar algo importante.

Non é, pois, a maxia celta o que informa, o que dá base e alicerce á obra de Cunqueiro. A súa obra ten outra vertebración menos problemática e menos difusa, máis forte e segura: *é xusto a realidade do país o que dá basamento esencial á obra de Cunqueiro.*

Penso que nisto atinóu millor Linda Sandbach que Ricci: pra a profesora Sandbach, a obra de Cunqueiro é *an imaginative view of reality.* E así é como se chama o seu traballo de licenciatura presentado na Universidade de Leeds.

E velaí temos xa dous elementos, ao meu ver esenciales, pra nos introducir no mesto bosque da obra cunqueirián:

— A realidade do país.
— A visión imaxinativa da realidade.

REALIDADE DO PAÍS

Non se pode comprender a literatura de Cunqueiro sin un conocemento previo moi fondo, e nada común, do noso país.

1. O primeiro argumento a prol desta afirmación, é o seu rico, solprendente, caudaloso idioma. Somentes un escritor nacido do mesmo pobo do que escribe, podería chegar a esa rara mestría lingüística de Cunqueiro. Sin chegar a un grado metódico de comprobación, penso que abonda con abrir calquera libro de Cunqueiro pra nos decatar —sin chegar, como digo a un análisis a fondo— de que ninguén hoxe en día lle ademite comparanza.

A lingua de Cunqueiro é fondamente viva e coloquial. Ademáis, é suxestivamente comarcal, como o era tamén a lingua de aquel médico poeta de Mondoñedo que foi Leiras Pulpeiro. Como o é a de Iglesia Alvariño, a de Crecente Vega, a de Díaz Castro... todos eles grandes mestres da lingua literaria galega moderna.

2. Pero, amáis deste elemento, tan importante, temos outros nos que compre reparar:

Un libro como *Merlín e Familia* non se explica sin a realidade concreta deste país. Pódese falar canto se queira das narracións do ciclo artúrico, da materia bretona e aínda do celtismo, pero con iso nunca se podería explicar nada. E xa

que falamos de *Merlín e Familia,* reparemos en que o libro encétase con unha descripción da fraga de Esmelle, da paisaxe onde está Miranda, onde Don Merlín fai os seus feitizos. As referencias xeográficas son, non somentes as máis inmediatas do país galego, senón tamén as que máis poden compoñer o mundo concreto onde o escritor se desenvolve.

E por moi máxico e fantasmagórico que sexa o mundo en que Don Merlín crea os seus prodixios, ese mundo non é outro que o mundo galego, e, ademáis, o mundo galego concreto de Cunqueiro. Nunca, ao lér *Merlín e Familia,* nos sentimos fora do mundo e da realidade concreta de Galicia. Esta está presente en cada páxina, en cada persoaxe, en cada oficio, en cada referencia concreta. E así, por exemplo, nese capítulo primeiro do Merlín, atopámonos con 14 topónimos en tres páxinas e media, que nos axudan a localizar moi concretamente o esceario de movimentos e maxia de Merlín. Deste xeito, o autor fáinos entrar de súpeto nun mundo moi concreto, que nos semella conocido de sempre, onde van ocurrir fantásticos acontecementos.

E o mesmo podemos decir de certos temas xa típicos e ben sabidos do noso folklore: a trabe de ouro, os mouros, etc., temas que a cada intre sairían na conversa de calquera home do noso pobo.

Calquera que lea calquera libro de Cunqueiro, non se sentirá nunca fora da realidade galega, sempre, craro é, que conoza esa realidade.

Por suposto que esa realidade non é toda a realidade galega. Nin Cunqueiro se propuxo semellante cousa, nin semella posible.

A realidade galega que Cunqueiro prefire é, sin dúbida, o lado imaxinativo do home galego.

Penso que isto é importante:

Ninguén pon en dúbida esa especial e característica cualidade do home galego: tanto que non se podería entender a concepción do mundo que o home galego ten, sin esa capacidade imaxinativa, verdadeiramente extraordinaria, que a nosa xente ten pra modificar a representación directa e obxetiva da realidade de arredor:

— O mundo sabémolo convertir en trasmundo.

— A natureza, sabemos humanizala.

E polo sentido do humor, que tamén temos nun grado superlativo, sabemos manternos a distancia —pra non perder a cabeza— tanto do mundo, como do trasmundo, como da natureza mesma.

Por iso eu penso que cando Cunqueiro, por exemplo, nos dibuxa un persoaxe como Perrón de Braña, e nos conta as aventuras que del nos conta, en realidade non fai outra cousa que facelo un pouco ao xeito dos extraordinarios narradores populares da nosa terra: nin siquera penso que lles bote moita máis fantasía, nin tampouco moi diferente sentido do humor. A única diferencia está no narrador, pois non é un labrego de Miranda quen nolo conta, senón un home culto, da mesma terra de Miranda, sin deixar de ser de Miranda.

O propio Cunqueiro reconocéu isto, de maneira maxistral, nunha entrevista que lle fixo o profesor Ricci:

> "De una manera o de otra en todos mis libros está un poco de Mondoñedo. Todas las ciudades pequeñas de las que hablo son un poco mi ciudad por muy diferentes que sean. Tanto me da que sea una ciudad griega a donde llega Ulises o una ciudad de Bretaña, a donde llega el sochantre con las ánimas, todas las ciudades son un poco mi ciudad.
>
> Para mí la huella de aquellos años de infancia, pues, ha imprimido carácter, es decir, yo soy de allí de una manera irrefutable."

E aínda de maneira moita máis explícita, dí:

> "...cuento como si fuese un aldeano que estuviese en una cocina una tarde de invierno, sentado al fuego... y entonces yo cuento como me cuentan a mí ellos cualquier historia.
>
> En una de las historias que cuenta el moro Alsir en el Merlín mío, él explica un poco como cuenta. Esto es, como me cuenta a mí la gente de mi país. Es una manera de contar de aquí: "Fulano... que tal... que tenía un tío que era cojo y además tal... y que fue a Lugo por una fiesta y vio en el circo tal..." Esto es un poco como a mí me cuentan y es como yo cuento, pero está en la tradición oral de mi país.
>
> Esa manera de contar yo la he repetido y transformado

y utilizado, y me parece que es una gran fórmula porque me parece que... no hay otra ¡vamos!"

É curioso constatar que, a pesares das toneladas de papel que sobre Cunqueiro se levan escrito, ninguén reparara en algo tan elemental, pero ao mesmo tempo tan revelador, pois que explica moito da técnica narrativa de Cunqueiro. Afondar un pouco nisto sería materia moi interesante, pero que hoxe, eiquí, non podemos facer.

Baste que a todo isto engadamos aínda que Cunqueiro, nesta preferencia polo lado imaxinativo da realidade nosa, revela na súa obra a presencia contínua e sempre manifesta de dúas realidades:

a) Unha é o mundo máxico galego. Sabemos moi ben que, xa no século VI, un dos evanxelizadores de Galicia, San Martín Panonio, ese húngaro que veu evanxelizar a nosa terra en tempos dos suevos, angustiado polo arraigañadas que vía nas nosas xentes as prácticas máxicas —o paganismo, en realidade—, publicóu un libro chamado *De correctione rusticorum,* que hoxe constitúe un documento maravilloso; pois o que San Martín censuraba no século VI está hoxe plenamente vixente, con una vixencia que asombra.

Este mundo elle moi familiar a Cunqueiro, como ben saben os seus lectores, tanto que a súa obra non se explica sin el.

b) Outra presencia, moi vencellada a esta, é o grande conocemento —mesmo erudición— que Cunqueiro ten de mitoloxía, do nacemento dos mitos e do sentido dos mitos, cousa tamén sabida. E íl mesmo ten declarado que en Galicia tivemos a sorte da gran axuda e maxisterio de Vicente Risco, case seguro un dos máis importantes mitógrafos, da categoría dun Mircea Eliade.

Penso que ten grande interés destacar isto, pois ao destacalo o que facemos non é máis que chegar ás mesmas raíces, ao orixen máis profundo da literatura de Cunqueiro.

íl mesmo dixo nunha ocasión que nese mundo estaba asentada a súa literatura:

"Despóis hai —dí Cunqueiro— unha enorme cantidade de invencións: arrincando de datos mínimos, partindo de iluminacións mínimas, entón construín sobre isto

grandes mundos moi amplios, un pouco ao chou e tamén sin maior vencello co punto de partida."

Penso que todo isto pode explicar —na medida en que unha obra de arte pode ser explicada— os fundamentos, a materia, o orixen da literatura de Cunqueiro.

Isto, xustamente, foi o que desnortóu un pouco ao profesor Ricci. Ricci case non se explicaba o fenómeno Cunqueiro; Ricci quedóuse abraiado ao atoparse coa literatura de Cunqueiro e ao poñela en relación coa literatura que íl conocía. Tan abraiado quedóu que percurou a súa explicación. E a explicación foi percurala nun suposto celtismo. O seu argumento é este: a literatura de Cunqueiro é así —fantástica, mesmo máxica— porque Galicia é celta e o celtismo é o mundo da fantasía e da maxia.

Pero isto é falso. Como sempre, as arbres non deixan ver o bosque. A explicación é moito máis doada: en realidade a literatura de Cunqueiro é un pouco como é o seu país, fáise eco dunha dimensión da realidade do seu país, acentúa unha das realidades do país.

En definitiva, o que fai Cunqueiro non é máis que destacar, suliñar e acentuar unha das moitas e complexas características do home galego: a imaxinación. E o humor tamén, que o humor é unha consecuencia da imaxinación (ou un ingrediente, ao menos).

Temos, pois, que Cunqueiro furga con preferencia nun eido da realidade do país, que é o que podemos chamar mundo máxico. É unha realidade concreta como outra calquera... pero é unha realidade máxica.

E isto lévanos dereitos a outra realidade a, outro elemento básico da súa obra: É o que ao primeiro chamábamos

A VISIÓN IMAXINATIVA DA REALIDADE

pra utilizar a terminoloxía da profesora Sandbach.

Non podemos (ou non debemos) cair na confusión de chamar realidade a aquilo que percibimos cos sentidos e de maneira máis inmediata. Esa realidade, moi pouco se diferencia da realidade animal. Pois tan realidade é a situación económica dunha persoa, poñamos, por caso, como os soños, cobizas ou frustracións desa mesma persoa. E tan realidade é o

minifundio agrario galego como a capacidade máxica e imaxinativa do mesmo país galego.

Xa en principio, a realidade en que se funda Cunqueiro, é unha realidade esencialmente máxica, mítica. Pero aínda así, iso non abonda dende logo pra perfilar o que chamamos visión imaxinativa da realidade.

Un etnógrafo, por exemplo, traballa con materiales semellantes, pero non é un creador literario. E aínda outros escritores, movéndose en eidos semellantes, non chegan a esa visión imaxinativa da realidade, estando máis perto do documento, da realidade inmediata.

En Cunqueiro, pola contra, os datos da realidade inmediata son pretextos pra a súa obra de creación. El mesmo dixo —como xa vimos antes— que arrincaba deses datos, pero que seguía fabulando ao seu xeito, sin importarlle moito o punto de partida.

Unha frase súa, moi gráfica —que está no Merlín— sirve pra ilustrar isto:

> "As historias, como as mulleres e os guisados, precisan de adobo."

Así, por exemplo, os menciñeiros de Cunqueiro son seres que existen e que non existen. Existen na realidade, porque todos conocemos algún, porque son unha realidade, porque existe esa casta; pero Perrón de Braña ou Cabo de Lonxe xa non nos interesan como tales menciñeiros, senón como mitos, coma obra literaria, como productos recreados por Cunqueiro. Xa non pertenecen á realidade do país, senón á realidade da creación literaria.

E dé ahí que, case sempre na obra de Cunqueiro, nos resulte tan difícil determinar ónde empeza a realidade e ónde empeza a imaxinación. Esta nota foi moi ben destacada polo profesor Ricci. Pois en toda a obra literaria de Cunqueiro, realidade e imaxinación están tan interrelacionadas, que ás veces xa non se sabe, nos seus relatos, cáles elementos pertenecen á realidade e cáles ao mundo da imaxinación.

Falábamos antes de Perrón de Braña, o menciñeiro xa por antonomasia.

Pode chamarnos a atención a súa terapéutica: fala moito cos seus pacentes, cóntalles historias —case como un moder-

no siquiatra—, pero déitase tamén cos seus enfermos, anque sean curas ou mulleres:

— O primeiro elemento terapéutico, aceptámolo totalmente, e aínda pode que nos semelle moi moderno.
— E o segundo aceptámolo tamén pola gracia e polo humor case caricaturesco.

Esta conxugación de elementos reales e imaxinativos acentuados éstes polo sotil e fresco humorismo de Cunqueiro, son ao meu ver o esquema esencial dos tipos que Cunqueiro crea. Un libro como *Escola de Menciñeiros* ou como *Xente de aquí e de Acolá* non son máis que un desfile de xentes —de aquí e de acolá—, xentes moi diversas, unha curiosa feira de xentes que son e non son.

Que son e non son, digo.

Son, porque estas xentes existen, porque é moi doado reconocelas, porque Cunqueiro o que fai é revelárnolas, decirnos que ahí están xentes que conocemos, pero que tíñamos case esquecidas. Íl o que fai é lembrarnos a xente conocida.

Pero ao mesmo tempo, estas xentes non son. O seu humor e a súa imaxinación, a esas xentes reales, convírteas en mitos, en obras literarias, en creación propia.

E así nos atopamos, como decía Ricci, que, tantas veces, xa non sabemos ónde empeza a realidade e ónde a imaxinación.

Pra mín, o libro máis ilustrativo de Cunqueiro —o que millor serviría pra fundamentar esta tesis— é o seu *Merlín.*

A diferencia dos *Menciñeiros* ou das *Xentes de aquí e de acolá,* Merlín non ten existencia real. Merlín é un mago e, como tal, non fai máis que prodixios. Xa no primeiro capítulo, Merlín aparece facendo un prodixio, que é, como saben, volver o mundo de color azul, diante dos ollos abraiados do seu paxe de pasamán, Felipe. E como este, moitos outros ao longo de todo o libro.

Pero este mago extraordinario —e isto é o máis solprendente— fai os seus prodixios nunha terra concreta de Galicia. E, o que aínda chama máis a atención, é que os fai en tempo presente, ou polo menos, que se sinte como presente, anque aparezca narrado en pasado.

Digo que aparece Merlín facendo os seus prodixios na terra de Miranda. Esta terra é moi individualizada por Cun-

queiro, ao que contribúe o uso contínuo de topónimos e outras referencias comarcales. É decir, que nunha realidade xeográfica ben inmediata, Cunqueiro asenta os prodixios de Merlín como si tal cousa. A nota é de moito efecto estético, de moi forte impacto, pois consigue que unha terra conocida apareza sublimada e realaborada polo seu poder imaxinativo e creador (fai un pouco o que fai Pondal coa súa terra de Bergantiños, convertíndoa en esceario dos seus héroes celtas ou trocando sinxelos topónimos en persoaxes lexendarios).

Xunto a isto, temos que os feitos prodixiosos de Merlín aparecen en presente, contribuindo a crear no lector un máis forte impacto, un gran abalón na súa sensibilidade.

Pero hai aínda outra nota ben curiosa no Merlín: aos prodixios de Merlín asiste un testigo, o seu paxe de pasamán, Felipe. Felipe, mentras Merlín fai un encanto ou solda unha princesa, entreténse en poñer unha F —inicial do seu nome— nas súas zocas con unha navalla.

Felipe ven ser, amáis do testigo de todos os prodixios, a realidade máis inmediata onde se desenvolve Merlín. Felipe é, nin máis nin menos, que un criado vulgar dunha aldea calquera galega de hoxe: o único que o diferencia é que ten un amo extraordinario.

Este contraste ten un grande valor estético: os ollos asombrados de Felipe diante dos extraordinarios prodixios do seu amo, veñen ser os nosos mesmos ollos cheos de abraio diante dos procesos estéticos que ao longo do libro se van desenvolvendo.

A mín paréceme que estes tres elementos apuntados —localización comarcal dos prodixios de Merlín, o decorrer temporal dos mesmos e a contraposición dos planos reales e imaxinativos—, tan ben conxugados neste libro único que é o *Merlín*, constitúen un dos acertos máis evidentes do Cunqueiro. Por iso, *Merlín e Familia*, é un dos libros máis orixinales que nos foi dado lér.

Algunha xente non atura a literatura de Cunqueiro. E as razóns, algunha veces, son incluso profundas. Pois iso pende moito do concepto que ún teña da literatura. O mesmo Cunqueiro é moi conscente disto:

> "El problema es que yo hacía una literatura que estaba totalmente separada de lo que casi todos ellos estaban

haciendo, de modo que... lo natural es que a mí no me gustaba nada lo que ellos estaban haciendo y ellos no le diesen importancia a lo que yo hacía."

Eu penso que a perda do sentido do humor é un feito indiscutible dos nosos días. Cada día a xente ten menos sentido do humor, e moita non entende xa a ironía. Coido que isto é un feito —amáis de moi profundo— perfectamente comprobable.

Xa lles decía que, pra mín, a imaxinación e o humor son cousas moi semellantes e case inseparables. Así, cando decimos de algún que non ten "sentido do humor", no fondo falamos dun zoquete, dun home romo, de algo ben negativo, dunha especie de Nixon.

É ben certo, como dixo un filósofo dos nosos días, que nós, os galegos, temos unha especial facilidade pra vivir en dous mundo: o mundo real, que se nos impón; e o mundo imaxinativo, o mundo da fantasía, que nós creamos. Iste vivir un "doble mundo" é, nin máis nin menos, a verdadeira clave da nosa tan sonada complexidade psicolóxica, da nosa "duplicidade mental". A chave de ouro pra pasar dun mundo a outro é, de certo, a imaxinación. Por esta capacidade de tránsito, por este poder pasar dun mundo a outro, somos capaces de contemplar irónicamente a realidade; podemos "estar de volta" das cousas, de onde nos ven esa especial sabiduría que se chama "humor", e que é a frol máis enxebre, máis auténtica da libertade espritoal do home; unha forma de enerxía lene e fugaz como a surrisa, pro máis forte que a realidade mesma".

Velaí, pra min, o verdadeiro segredo do humor de Cunqueiro: a capacidade de pasar dun mundo a outro; a capacidade de "estar de volta" das cousas, da realidade.

No fondo, —como dixo Celestino F. de la Vega—, Cunqueiro xa sabe ou intúe que a vida está chea de miseria, de sinsensos e de mágoas; o que fai falla é, mesmamente, esquecelos, compensalos por unha ledicia, por unha xovialidade inventada. Por iso é enteiramente certo —e nós mesmos témolo dito— que a literatura de Cunqueiro é "antirrealista"; pro, craro está, non quer decir que iñore a realidade, senón que a cancela irónica, humorísticamente. Esta fabulación xovial é tamén moi galega e moi senlleira na literatura dos nosos días".

Velaí, pois, a profundidade e o sentido que o humor de Cunqueiro —esa brisa chea de frescura— ten na súa literatura.

Por algo dixera Stein que o humor hai que tomalo moi en serio.

Así, pois, eu penso que a literatura de Don Alvaro está asentada en tres grandes eixos xenerales: 1) Un gran coñocemento, nada común, da realidade do país; 2) Unha gran capacidade de ver imaxinativamente a realidade; e 3) E envolvendo todo isto, como unha néboa incerta pero onde flúe unha brisa chea de frescura, un agudísimo e sotil sentido do humor. Pois o humorismo, que é tamén virtude de imaxinativos, sirve pra nos poñer de manifesto aos demáis homes unha das dimensións da nosa persoalidade, quezáis a máis complexa, a máis fuxídia, pero non por iso menos real.

Agora imos ver cómo a literatura de Cunqueiro, pra moitos evasiva ou xogo e divertimento, pode ser inscrita nunha liña craramente ibérica que, dende Cervantes aos nosos días —pasando por Eça de Queiroz— afirma o carácter ilusorio de toda realidade. A xente ten moita prevención ao xogo imaxinativo: seméllalles que iso non é serio e non se decatan de que, ao cabo, é unha dimensión máis do home, tan importante como a realidade inmediata.

Decíalles que a literatura de Cunqueiro podía inscribirse nesa liña ibérica que, ao longo dos séculos, ven afirmando o carácter ilusorio de toda realidade. O profesor Guerra Da Cal, afortunado intérprete de *A Reliquia* e brillante profesor galego da Universidade de Nova Iorque, inscribíu a inmortal novela de Eça nesa liña que íl mesmo califica de ibérica, despóis dunha moi brillante esexésis da inmortal obra eçiana.

Mais Cunqueiro non se pergunta, cómo o Príncipe Segismundo, qué é a vida, nin, por iso, percura resposta algunha; nin dí, como o fidalgo manchego:

> Eso que a tí, Sancho, te parece bacía, a mí me parece yelmo —y a otro le parecerá otra cosa—.

nin, como o Eça de *A Reliquia,* filosofa sobre a Ciencia e a Relixión, sobre o mundo das esencias e o mundo das aparencias. Álvaro Cunqueiro fálanos xa dende o mundo da irrealidade, sitúase xa na fronteira mesma onde converxen imaxi-

nación e realidade e na que xa non sabemos ónde empezan ou rematan unha e outra.

Por suposto que os tres autores nada teñen en común si non é unha semellante actitude diante da vida e do home. Os tres —tan distantes e contradictorios, tan alonxados e fillos de tan diversos tempos— veñen converxer na mesma actitude diante do sentido da vida e do ser do home: toda realidade é ilusoria. E a mesma ilusión é a realidade superior, a única verdadeira.

É ilusoria a realidade pra Cervantes cando a vulgar bacía de barbeiro pode ser o elmo máxico de Mambrino; é ilusoria a realidade pra Eça cando a camisa de pecado da Mary, a meretriz moderna de Alexandría —reliquia de amor humano— podería terse transformado na camisa de María Magdalena, a meretriz-santa de Xudea, convertíndose en reliquia de amor místico e divino (conforme ao suxestivo, que nós seguimos aquí, desenvolvemento de Guerra Da Cal); é ilusoria a realidade pra Cunqueiro porque ela somentes lle sirve como pretexto pra acadar outra realidade máis verdadeira: cando Don Merlín volve o mundo de color azul, estamos diante dunha realidade tan verdadeira, ou aínda máis verdadeira, que cando Felipe, coa navalla, graba unha F, inicial do seu nome, nas súas rústicas zocas de madeira; tan real é a fraga de Esmelle, como aquel sochantre que chega coas ánimas a unha cidade de Bretaña; tanta realidade hai nos procedimentos terapéuticos dos seus menciñeiros, como nos traballos vulgares de cada día que Felipe fai ao servicio de Don Merlín.

Mais o único escritor que se nos amostra definitivamente instalado dende esa realidade é Álvaro Cunqueiro. Íl crea dende esa realidade ilusoria, dando por cancelada a outra ou servíndose dela pra millor encher a realidade verdadeira, que é a ilusoria. Cervantes ou Eça vense forzados a razonar, ou polo menos a xustificar, as súas actitudes; mais Cunqueiro, pola contra, non ademite outra realidade. E si por un intre poidera semellar o contrario, é somentes pra se servir dos datos da realidade inmediata pra millor artellar a súa realidade verdadeira, ou sexa, o mundo ilusorio. A primeira realidade será *real,* pero a segunda é a *verdadeira.*

Porque, ao cabo, o siñificado máis profundo que eu atopo na obra de Cunqueiro é ese trunfo case orxiástico da imaxi-

nación sobre a realidade. A realidade non é máis que un pretexto pra a realidade verdadeira das súas fábulas. Pero aquela realidade é probe; sóio siñifica algo, sóio se redime si pola imaxinación se transforma e se convirte en obra de creación. A realidade é a bacía do barbeiro, pero a verdade é o elmo máxico de Mambrino; a realidade é a camisa de pecado da Mary de *A Reliquia*, pero a verdade é a ilusión, esa ilusión universal que, pra Eça, crea ciencias e relixións; a realidade é Felipe —que mete nas cortes os cabalos das xentes fantasmagóricas que veñen visitar a Don Merlín—, pero a verdade é Merlín, o mago fabuloso, isto é, a ilusión.

A obra inmortal de Cervantes é a gran epopeia da ilusión; a *Reliquia* de Eça de Queiroz é a historia dun gran fracaso da ilusión; a obra de Cunqueiro é o trunfo da ilusión, o trunfo do arte sobre a vida, o trunfo da imaxinación sobre a realidade.

De ahí o profundo siñificado que eu atopo na literatura de Cunqueiro, cuia obra eu vexo inscrita nunha grande tradición ibérica. E así como unha boa parte da literatura do noso tempo nos dá a visión literaria dun dos dramas máis arrepiantes da aventura do home no seu paso por este mundo, a literatura de Cunqueiro —chea de frescura imaxinativa, de gracia e de humor—, dános tamén a visión dunha das moitas dimensións do home: o mundo máxico, o mundo da imaxinación, o mundo do humor, ao cabo, o mundo da libertade individual.

E ahí está en proba disto toda a obra literaria de Cunqueiro: esa síntesis de realidade e de imaxinación; de feitos e de invencións; de vida e de arte.

X. L. FRANCO GRANDE
Vigo

EMIGRACIÓN E PROMOCIÓN ECONÓMICA DE GALICIA NO SÉCULO XVIII

Poucos documentos dezaoitescos poderán gozar de meirande actualidade que este informe sobre a emigración galega e os modos de a remediar que escribe en 1764 *o conde don Pedro Rodríguez Campomanes ao marqués de Grimaldi (ms. B. N. de Madrid,* 18647, *n.º* 12).

Merece tódolos honores da publicación pola modernidade do seu pensamento, pola claridade e serena exposición dos problemas que a orixinan, polo atinado dos remedios que se propoñen, pola visión social da España do seu tempo, e polo profundo conocemento que deixa traslucir da situación real da Galicia de entón.

Compriría antes de nada preguntármonos ónde, cómo e cándo puido Campomanes arrecadar tan boas informacións sobre os problemas galegos. Esta sería cuestión longa para contestala agora, mas non podemos deixar de sinalar que hai curiosas coincidencias entre os datos de Campomanes e noticias que encontramos nas obras de Sarmiento. E non nos resultaría difícil imaxinar unha coincidencia de modos de resolver os problemas galegos e asturiáns fruto sin dúbida das lerias e discusións na celda de San Martín onde o frade bieito senta cátedra de saber inda que non de propiedade intelectual.

Ás veces hasta os curiosos arbitrios imaxinados polo monxe chegan a contaxiar o proceso discursivo, sempre mais sereno e realista, do conde asturián. Conformarémonos con lembrar aquela providencia que polo ano de 1762 *plasmaba Sarmiento na súa* Obra de Seiscientos Sesenta Pliegos *para resolver o problema dos* gitanos:

"Sé —escribe— que los tártaros, árabes y sarracenos andan bandidos por los desiertos a caza de robar caravanas. *Pero aún no he leído que en el centro de alguna nación tan culta como España, y en el centro de sus lugares, estén pacíficamente avecinados facinerosos que tengan el empleo de salir a robar y a matar a los caminos de las vecindades. Hablo de los gitanos, que esparcidos por todos los lugares de Castilla infestan todos los caminos. Y lo que* abhorrent aures, *que salgan acompañados de gitanas, que a veces son peores. Yo vi una que dicen era mujer de un regidor de cierta ciudad de Castilla. Así es tontería que ese género de gentes se llame*

con el nombre de gitanos. No son sino unos lobos caseros y patriotas que, no haciendo hurtos a no ser rateros en el lugar de camada, salen a cazar a los caminos, para traer el botín a sus lugares y repartirlo entre sus parientes.

"¿Será posible que no se pueda poner remedio en eso? ¿Y qué sé yo si cuando se puso la ley sobredicha se padecía la misma peste de vecinos ladrones y salteadores de caminos con impunidad, y aun con protección, aunque no se llamasen gitanos? No soy amigo de pensar por las ramas. Pocos años hace que se recogieron los gitanos, pero por no haber pensado en su destino, para librar a España de esta peste, y por no haber recogido también a las gitanas, todo se redujo a bulla, y el gitanismo se aumentó. No sobra otra cosa en las Indias de España que tierras fértiles pero despobladas. ¿Por qué, pues, no se piensa en formar allí colonias de gitanos? En verdad que mejor sería transportarlos a islas desiertas pero fértiles. Si ya se hubiesen trasplantado a la Isla de Juan Fernández, no hubiera hecho tanto daño a España el almirante Ansón, según su mismo testimonio. Cargando a esos gitanos de todo género de semillas, de animales domésticos, de utensilios de agricultura, de algunos clérigos y frailes inquietos, y de todo género de herramientas para oficios mecánicos y alguna buena porción de hierro en bruto, no tendrían mas que desear para pasarlo bien.

"Los más de los gitanos se ejercitan en el oficio de herreros y cerrajeros, y es el único oficio que no se les debía de permitir en España; pues sólo se valen de él para hacer llaves, ganzúas, puñales, barrenos, martillos, cuchillos, palancas y otras armas de ladrones y asesinos. Que vayan a ejercer esas habilidades de Vulcano a la Isla de Juan Fernández o la de Más afuera. *Del país de Chile se les podría abastecer de clérigos y con alguna dependencia de Chila. Lo mismo digo de otra cualquiera isla fértil y desierta, de las muchas que hay en la América. Supónese que los primeros pobladores serían malvados, pero no así sus descendientes. Los primeros que pasaron a América no hicieron milagros, pero los hizo Santa Rosa, que nació en Lima"* (*Col. Dávila, XIII, n.º* 312-314 *e fols.* 114 *v.* 116 *r.*).

Ao seguinte ano vemos plasmado este mesmo pensamento nun Resumen del Expediente que trata de la policía relativa a los Gitanos, para ocuparles en los ejercicios de la vida civil del resto de la nación. *A participación de Campomanes nese expediente é resumida así por Sempere y Guarinos: "Habla de los medios de hacerlos útiles al estado, o bien avencindando en poblaciones cerradas a los que no tengan delito particular, o remitiéndolos a América y dándoles establecimiento en sus islas. Alaba mucho este método que han adoptado muchas naciones cultas, después de los romanos, para limpiar*

el estado de facinerosos, y sacar de ellos al mismo tiempo todas las ventajas posibles" (Ensayo de una Biblioteca de los mejores Escritores del reinado de Carlos III, *II*, *pp.* 50-51).

As coincidencias entre ambos amigos non semellan fruto da casualidade e as diferencias de personalidade que os caracterizaban —pintoresco e anecdótico o frade, mesurado e cerebral o conde— non lles impedían de estaren unidos, como é ben sabido, en arelas comúns; lembremos somentes o proxecto de aquela cobizada Diplomática Española *pola que os dous debeceron toda a súa vida sin chegaren a vela convertida en realidade.*

Tamén ao leitor de Sarmiento, ao que estea ben imposto nos seus escritos, a leitura desta carta sónalle a cousa familiar; semella algo así como unha concisa síntese do difuso discurrir do bieito. Nota, sí, decontado unha profunda diferencia: Sarmiento parece traballar con homes, Campomanes con ideas. A vida magoada do campesiño galego impídelle ao monxe discurrir con lóxica serenidade, mentras que Campomanes, serio, grave, sin tropezar en nada, discurre axilmente sobre as solucións da emigración galega e as providencias para remediala.

Aínda hoxe nos ensina moito, e as súas reflexións son moi modernas nos remedios. Poisque aínda hai moitos miles de galegos que se ven obrigados a escoller a solución do desterro, non xa ao veciño Portugal de lingua irmá senón ás recuadas rexións de Europa, por eso compre lembrar este informe que xa sinalóu hai séculos o bon camiño e a solución atinada.

Entón había algúns (e hoxe hai moitos, tal vez máis da mitade deste triste planeta) que coidaban que non se debería permitir esa emigración, ou sexa, que ao coitado que vive mal na súa patria aínda se lle debe negar a posibilidade de emigrar á percura de mellor vida. Campomanes coidaba que de nada serviría que se promulgasen leis para impedirlles aos galegos de emigrar porque, ao cabo, "hay otra ley superior, que es la natural, que obliga al gallego a salir de su patria a buscar el sustento que le niega actualmente la situación de su propio país".

A emigración é un grave mal para o país que a padece e un estupendo beneficio para o que a recibe. E además hai tamén outras razóns polas que tampouco podería prohibirse —aquí pensa o estadista—, xa que en canto se conocese por Europa esa prohibición os outros países farían igual que nós e deixaríamos de recibir a corrente inmigratoria de franceses, italiáns e alemáns que en certo modo compensa a emigración a América e Portugal.

O único modo de a coutar é atacando as causas que a orixinan: a miseria e pobreza en que viven os habitantes de Ga-

licia. Antes aínda lles quedaba o recurso de ir segar a Castilla, mas o incremento dos abusos nos derradeiros anos —inclusión en quintas e salarios tasados— non lles deixaban outra saída que emigrar a Portugal, a pesar de que en Lisboa, co menor pretexto, desterraban ao pobre galego ás colonias ultramariñas.

Para remediar esa pobreza era necesario crear unha industria, fundando hospicios onde se ensine o traballo especializado. Establecer a fiada de algodón, pois o dos fabricantes de Cataluña venlles de Malta, e os nosos paquebotes do correo poderían voltar carregados de algodón de América.

Fomentar a pesca e salazón, fiarlles aos fabricantes o sal, aminorar o seu precio e mesmo prohibir a saída de sardiña fresca para Portugal.

Os filatorios do algodón americán enviaríanse a América e en pago deles traeríase sucre, o que sería un duro golpe a Portugal, que o vende máis barato.

A importación de madeiras para os asteleiros do Ferrol e a promoción da ebanistería local que nos aforraría os caudales que por ese conceito se van a Inglaterra.

Para todo eso compre que se conceda o establecemento dun Consulado de Comercio na Coruña como se lles concedéu a outras cidades do Norte de España. ¡Cántas veces tiña clamado Sarmiento por esto e qué dura e miserable era a resposta dos incipientes capitalistas do Norte e do Este: non se lles podía conceder porque, si se lles daba, os galegos alzaríanse con todo! "¿Puede haber mayor cinismo?", comentaba indignado, o noso frade.

Todo o que nesta carta nos presenta Campomanes de xeito sereno e convincente, aparece en Sarmiento de modo alporizado, doloroso e batallador. A Sarmiento doéulle como a ninguén do seu tempo a miseria dos seus paisáns. Tódolos remedios que aquí lemos, repetíunos unha e mil veces, indignado, Fray Martín. El viu con mágoa como a promoción da pesquería da sardiña quedóu para os cataláns. O mesmo que os filatorios de algodón, de seda mesmo, con que o monxe pensaba remediar as duras miserias das viudas galegas.

As madeiras, a ebanistería, a creación de "ferrerías" co aproveitamento do carbón de Asturias, todo foi quedando para mellor día, igual que as difíciles entradas de Galicia, base fundamental dun comercio interior, polas que clamóu Sarmiento naquel escrito De las Utilidades que se seguirían si se compone el antiguo camino de Carros desde el Rivero hasta Pontevedra *que fixo chegar ás mans do marqués da Ensenada* (28 *de abril de* 1751), *e que remataba con un programa sobre a promoción económica de Galicia no que se lle pide ao goberno algo máis que palabras consoladoras, que só van*

acompañadas de tiránicos impostos, arrebatados por unha rapiñeira e corrupta administración foránea.

A carta de Campomanes é o mellor complemento, o máis parco resumen do problema galego visto por Sarmiento. Quedan fora dela a proba, o dato, o exemplo, a denuncia, o insulto, a miseria mesma, incluso o home, ese home sempre tan humán, tan chocante ás veces, que si comprendía que aos seus paisáns non se lles podía prohibir a emigración a Portugal, pedía, en cambio, que se lles prohibise o regreso a Galicia, xa que no país veciño contraían tódolos vicios imaxinables e hasta volvían coa súa guitarriña e non pensaban máis que en folgar. O gallego aportuguesado, *como el dí, era unha peste na Galicia do seu tempo. Todo eso soupo esquecelo o prócer asturián cando se trataba de informar ao rei. Xa non interesaban as persoas, só os feitos, simples e claros como a verdade desta carta.*

J. L. PENSADO
Universidade de Salamanca

INFORME ORIGINAL

DEL CONDE DE CAMPOMANES SOBRE LA EMIGRACIÓN A PORTUGAL DE LOS HABITANTES DE GALICIA Y EL PAPEL QUE EL MARQUÉS DE CROIX ESCRIBIÓ EN DICIEMBRE DE 1764 CON DICHO MOTIVO

Excmo. Sr.

Muy Sr. mío: En el incluso dictamen sobre el informe del Marqués de Croix acerca de evitar el pasaje de gallegos a Portugal procuro en resumen fundar:

1.º Que es inútil y aún perjudicial publicar ley sobre esta materia por la imposibilidad actual de cumplirla; y aunque se propone por el Capitán General la confiscación de bienes, es cosa inútil, porque los que salen a Portugal no les tienen.

2.º Que contribuyen a la expatriación el mal trato en Castilla tasándoles el jornal e incluyéndoles en las quintas a que no están obligados (1 v.).

3.º Que el remedio está en dar actividad a Galicia fundando hospicios en las capitales, estableciendo la hilaza del algodón, fomentando la pesquería de la sardina, erigiendo un Consulado de Comercio en La Coruña y concediendo a Galicia, como lo tiene pedido, el libre comercio a Indias, en cuyo caso en tiempo de guerra por la abundancia de excelentes puertos bastarán los corsarios gallegos para interrumpir el comercio de Lisboa al Brasil.

En cada uno de estos puntos propongo por mayor los medios por donde puede y debe correr el examen.

Si S. M. les apreciare en todo o en parte o en cualquiera de ellos se quisiere (2 r.) mayor individualidad o ocurriere alguna dificultad, contribuiré en lo que alcance a aclararla.

He reunido en este papel las especies, que ha sido forzoso tocar con mayor difusión en el adjunto; a fin de que V. E., si las hallare de alguna utilidad pueda hacer el uso que estime por más conveniente al bien público, cuyo único objeto he tenido presente al tiempo de extenderlas, y la obligación de servir con celo en todo lo que interese la gloria del Rey, en cuya soberana comprehensión recibirán estas especies su complemento.

Y ofreciéndome con el mayor respeto a la (2 v.) obediencia de V. E., pido a Dios guarde a V. E. muchos años.

Madrid y diciembre, 10 de 1764.

Excmo. Sr.

Besa la mano de V. E. su reverente servidor Dn. Pedro Rodríguez Campomanes.

Excmo. Sr.

Muy Sr. mío: He reconocido el informe que en 24 del pasado hace de orden de S. M. a V. E. el Marqués de Croix, Capitán General del Reino de Galicia que se sirvió V. E. confiarme a mano para que expusiese en su vista lo que se me ofreciese.

El cónsul de España en Lisboa repara muy bien en el crecido número de gallegos que pasan a Portugal, de los cuales se establecen muchos en aquel reino, y mira con grave fundamento este punto como digno (4 v.) de remedio.

Lo mismo reconoce el Marqués de Croix y propone para atajar tal perjuicio los medios de publicar una pragmática con varios capítulos, y en especial la confiscación de bienes a los que no se restituyesen de Portugal a su domicilio en el término asignado y prescribe las formalidades para salir.

Desconfía de estos medios el mismo Capitán General, y concluye en que el verdadero consiste en fomentar la agricultura, las artes, el comercio y la navegación en aquel reino para detener dentro de él a sus naturales.

Que el mal sea (5 r.) cierto y de perniciosas consecuencias al estado, es indubitable, pues con estos vasallos del rey aumenta el de Portugal su agricultura y la población de sus colonias ultramarinas a donde se transportan a pretexto de ligeras causas o excesos a estos gallegos.

También es cierto que los gallegos que van a Portugal no salen de Galicia huyendo del trabajo, pues en Portugal se ejercitan en la labranza y en el oficio de esportilleros, a quienes llaman *Mariolas*.

De que se infiere ciertamente no dimanar la expatriación de holgazanería suya (5 v.).

Luego es necesario recurrir a otra causa y esta se reduce sin duda a que en Lisboa, por el gran comercio de aquel puerto, hallan facilidad los gallegos de ganar un jornal mayor que en Galicia. Esta ganancia o ventaja de utilidad es la que los llama a Portugal.

Todas las acciones civiles de los hombres se fundan en honor o en interés.

Un pobre jornalero que en Galicia no halla en qué ocuparse, o ha de perecer en su país, o ha de salir a buscar que comer en otra parte, y, si puede ser, en paraje más cercano.

Este es Portugal y (6 r.) y de ahí nace que con preferencia se pasen continuamente y en gran número a aquel reino los gallegos.

El honor no les puede detener en su país, porque son gentes de la ínfima plebe; la ganancia tampoco, pues, por no encontrar en que ocuparse, se difunden no sólo en Portugal, sino en el resto de España.

Concurre con la cercanía la identidad de la lengua, casi una en sí, que es otro aliciente que favorece este recíproco trato de ambas provincias.

Los portugueses del Alentejo y del Algarbe se pasan a Sevilla y (6 v.) se establecen algunos en nuestros dominios a causa de que

Andalucía es más fértil, tiene mayor comercio y hallan jornal más ventajoso.

A Extremadura se pasan también algunos de Alentejo y de la Beira y se pasarían más a no estar tan decadente en aquella provincia la agricultura a causa de la extensión de los pastos que han conseguido los ganados merinos o mesteños.

Sería muy del servicio de S. M. que a todos estos se les facilitasen tierras que cultivar, y exención de tributos por algunos años (7 r.) dándoles estas tierras de los términos públicos y concejiles, estableciendo sobre ello reglas. ¿Cuántos podrían en Sierra Morena encontrar facilidad de poblar y avecindarse en los fértiles terrenos que hoy están incultos, aplicando las tropas a su desmonte?

Por lo referido se deduce no convenir publicar ley alguna que impida la salida de gallegos a Portugal, porque no encontrando ocupación en su país, forzosamente han de salir a otro a buscarla.

Si el gobierno les facilita esta ocupación útil, en tal caso es (7 v.) ociosa la publicación de la nueva ley.

Diráse que en los dominios del rey tienen en qué ocuparse sin salir a los de otro príncipe extraño, y es muy cierto; pero ya queda demostrado que la cercanía de Portugal y el mayor jornal es causa de la preferencia por ahora.

Hay otras dos causas y son: la primera, que en Castilla tasan en muchas partes el jornal de la siega, y otras labores a los gallegos, y no saliéndoles la cuenta se retraen de venir.

La segunda, y aún más principal, (8 r.) consiste en la injusticia de incluir en las quintas a los gallegos en todas las provincias de Castilla, y con tal arte que siempre hacen recaiga en ellos la suerte. Esta es una de las principales causas de pasarse a Portugal, donde no les hacen tal extorsión. Ojalá que los portugueses entendiesen tan mal sus intereses que alistasen por soldados a los gallegos, porque bien en breve éstos abandonarían aquel país y se retraerían de volver a él.

De aquí resultan dos providencias: mandar por regla general que las Justicias no tasen (8 v.) el jornal de los gallegos en la siega, ni en otras faenas, concertándose libremente; y la otra que el gallego sea libre de quintas en todas las provincias de Castilla, excepto las de su país; pues en éstas deben entrar los ausentes y venir a cumplir, pena de castigo corporal.

Por otro lado, de Italia, Francia y Alemania, entra gran número de habitantes en España. El publicar la ley en cuestión despertaría a toda la Europa para que los respectivos soberanos hiciesen promulgar tales decretos y la España perdería (9 r.) muchos recursos para la milicia y para su población, cortándosele una entrada que continuamente nos aumenta los ciudadanos, y reemplaza de los que pasan de la Península a la América, y de Galicia a Portugal.

La publicación, además de eso, traería una especie de ofensa a la libertad de los gallegos viéndose privados de un auxilio con que ahora se socorren los miserables que en Galicia no hallan en qué ocuparse ni de qué vivir.

Galicia está muy poblada, y tiene a la verdad (9 v.) sobra de habitantes en el estado actual, porque carece de artes, de comercio y de navegación en qué ejercitarse.

Establézcanse estos tres ramos, y al punto quedará remediado el mal.

Con un ejemplo se aclarará este pensamiento. La Flandes católica mientras el comercio y las fábricas florecieron en Brujas, Gantes y Amberes, su población era grande, y venían a ella los habitantes de las siete provincias unidas.

Cerróse el canal de Brujas, el comercio y las manufacturas se desampararon en (10 r.) aquellos parajes. Al punto los habitantes de la Flandes católica se pasaron a las provincias unidas en que se fomentaba uno y otro.

No teniendo España la gente necesaria en proporción a su extensión superficial para ponerla toda en valor; sin embargo, le sobra mucha gente porque no se da ocupación a toda la que tiene. Esta es la prueba de que la economía interna necesita mejorarse.

Nuestras ciudades, donde debían estar situadas las manufacturas, se ven llenas de mendigos que no habría si se estableciesen fábricas y hospicios (10 v.) en qué emplearles y recogerles; erigiendo a costa del común, escuelas en que se enseñen las artes de tintoreros, hilanderos, cardadores, tundidores, prensadores, etc., y en que se enseñe también a construir las máquinas de las artes de que se carece por lo general en el reino por la falta de tales obreros maquinistas.

De aquí nace sobrarnos substancialmente todas las gentes de las ciudades; y a no ser por las limosnas, todos estos habitantes saldrían fuera del Reino, del cual ahora son una pura carga, porque ni multiplican los bienes con el trabajo (11 r.) propio, ni tienen hijos porque no se casan, ni sirven en la milicia, ni contribuyen al erario, ni soportan las cargas concejiles, y, en una palabra, son tantos habitantes estériles para el servicio de S. M. y para la utilidad del estado: cuyo peso recae en los pobres labradores y jornaleros de las aldeas.

Los habitantes útiles gallegos no tienen sobrante, de que dar limosna, para mantener sus compatriotas pobres de solemnidad y así se ven estos últimos precisados a salir fuera a buscar su alimento.

Permítame V. E. Haga una digresión. ¿Cuáles son más perjudiciales (11 v.) a la masa general de la nación: los mendigos que en las ciudades y villas grandes de Castilla viven a expensas del público holgando, aunque pueden trabajar, o los gallegos que por no andar mendigos en su país salen a trabajar en el ajeno?

Claro es que los mendigos en Castilla nos son mucho más gravosos, porque no nos dan fruto, y ayudan a comer lo que ganan los aldeanos laboriosos.

Los gallegos que van a Portugal no todos se quedan en aquel reino; los que vuelven traen su peculio, y los que allí se establecen, no nos gravan. No (12 r.) por eso diré yo que se deje sin remedio su expatriación.

Estos gallegos expatriados voluntariamente aumentan el poder de un soberano que esencialmente es y será nuestro enemigo. Ese es el único mal, aunque gravísimo, y en nuestra mano está remediarlo facilitando a los gallegos miserables en su país las ganancias que ahora les niega el estado político de aquel reino.

A lo dicho es consiguiente que sólo será remedio substituir nuevas ocupaciones para que tales gallegos no tengan necesidad de transmigrar a aquel reino, y (12 v.) suponiendo que no debe ser por leyes penales, voy a proponer las que se me ofrecen.

I. Que S. M. se digne por ahora no hacer novedad directa con los gallegos que pasan a Portugal por vía de ley, ínterin que la policía interior de Galicia en cuanto a la industria no se mejora, pues mediante ella se logrará seguramente el fin a que ahora no alcanza ninguna ley penal o civil, por haber otra ley superior, que es la natural, que obliga al gallego a salir de su patria a buscar el sustento que le niega actualmente la situación de su propio país (13 r.).

II. Que a los gallegos que vienen a la siega y a otras ocupaciones corporales no se les tase por las justicias ordinarias su trabajo, antes se les deje en libertad para que se concierten y ajusten haciendo que se les pague prontamente, y sin costas algunas, lo que ajustaren de buena fe para que no sufran detenciones, pena de privación de oficio y de incurrir en la indignación de S. M. los magistrados que contravengan, cuya orden por el Consejo se comunique circularmente y entienda igualmente para con otros cualesquier, naturales o extranjeros, (13 v.) que se ocupasen en trabajos útiles en el reino y salgan a ellos de unas a otras provincias.

III. Que a ningún gallego (no siendo vago) que se destine al trabajo se le pueda por fuerza alistar para las armas fuera de su país, ni meter en quinta como por abuso se hace en muchos pueblos de Castilla y otras provincias para libertar a los naturales bajo de la misma pena; participándose también al Consejo y al de Guerra esta providencia; bien entendido que, en las quintas y milicias de Galicia, deben ser incluidos los ausentes y presentes igualmente (14 r.) restituyéndose, aquellos a quienes toque la suerte, a cumplir la pena de que se les doblará el tiempo.

Mediante estas dos providencias vendrán a Castilla muchos que ahora van a Portugal.

Para contener a los últimos se podrían ir proporcionando los medios siguientes:

1.º Que en cada una de las ciudades cabezas de obispado de Galicia se forme un hospicio para expósitos y mendigos; pidiéndose noticias a la ciudad respectiva y al obispo de los fondos de limosnas y obras pías que se pueden aplicar a tan útil fin.

2.º Que estas noticias (14 v.) se pidan por el Capitán General de acuerdo con el Regente de la Real Audiencia e Intendente de aquel reino, y estos tres en su vista informen cuanto se les ofrezca para hacer prosperar estos establecimientos, y las ocupaciones que deben tener los indivíduos en hilazas y tejidos de linos y cáñamos bastos.

3.º Que se establezcan tornos para facilitar la hilaza, enseñando a los naturales la de algodón, que puede traerse de las Indias en los paquebotes nuevos del correo marítimo, porque de este modo quedará en aquel reino (15 r.) el mucho caudal que sale a Malta; de donde traen los algodones hilados los fabrciantes de Cataluña facilitando traer hilanderos de Malta con algún situado a costa del mismo reino de Galicia por la utilidad que de ello se le seguirá; y con la obligación de enseñar a los naturales y, especialmente, en estos nuevos hospicios.

4.º Que se fomente la pesca y salazón de sardina estableciendo algunas asociaciones libres de comerciantes para que suplan los caudales necesarios a animarla, permitiéndola a matricula[dos] y no matriculados (15 v.) y examinando cuáles son las causas de su actual deterioración y si convendría darles fiada la sal que necesiten, y bajo de qué resguardos, y si la minoración del precio de regalía a su beneficio se podría compensar con el mayor consumo que se hiciese, y si sería conveniente prohibir la saca de sardina sin salar a Portugal, a donde la llevan fresca, por ser más barata la sal, e igualmente si convendría, en cuanto a curarla y salarla, traer personas de Holanda que enseñasen el beneficio del arenque haciéndoseles igual partido (16 r.).

La pesca del cecial y todas las demás deberían entrar en estas observaciones haciendo juntar para tomar noticias personas prácticas y de experiencia.

5.º Que se supriman las extorsiones que los pobres del reino de Galicia padecen de parte de los hacendados, a lo cual contribuirá mucho el expediente que pende en el Consejo sobre renovación de foros, que está actualmente en mi poder, para su despacho con mi compañero. También contribuirá la creación de los Procuradores Generales (16 v.) de las seis provincias de Galicia a imitación de la de La Coruña, que he propuesto poco há, por la vía reservada de Hacienda, para que en las Juntas del reino haya quien mire por los pobres concurriendo con voz y voto.

Todos los establecimientos propuestos, luego que estuviesen digeridos, se deberían examinar en Junta del reino, cuya duración no pasase de quince días, y remitir a S. M. para que sobre ella determinase lo más conveniente.

6.º Sería preciso facilitar a este reino el libre comercio a (17 r.) Indias como lo tiene pedido a S. M. con el Principado de Asturias por mano de V. E.

Este comercio facilitaría a Galicia la industria y actividad necesaria para detener sus naturales que en lugar de ser mariolas en Lisboa, lo serían en La Coruña. Ocuparía dos o tres mil marineros el tráfico y las hilazas de algodón y tejidos bastos de lino y cáñamo darían de qué vivir al común de aquellos naturales cuyas mujeres y niñas se aplicarían a esta profícua industria cuyos productos (17 v.) se embarcarían con ventaja para la América.

Se traería azúcar en abundancia, lo que daría un golpe considerable al comercio de Portugal, que para vender con preferencia sus azúcares acaba de rebajar notablemente los derechos y así en Galicia, Castilla y Extremadura, tiene despacho seguro el azúcar portugués.

El palo de mora, campeche y otros tintes podrían venir a Galicia con facilidad y despacharse dentro del reino a buen precio y los sobrantes extraerse con ventaja de nuestro comercio activo (18 r.).

La madera de construcción se podrá transportar de las Islas de América al Ferrol, lo que ocuparía un gran número de marineros, y estas embarcaciones, a la ida, podrían llevar los víveres a nuestras Islas que hoy reciben de las colonias inglesas.

Entre las maderas de construcción podría venir caoba, habano y otras útiles para muebles de papeleras, escritorios y demás usos, lo que daría ocupación a los ebanistas y tallistas de aquel reino y

evitaría la salida de muchos caudales que salen (18 v.) a Inglaterra, y aún parte de estos muebles se podrían retornar a la América.

Estas ventajas no se pueden conseguir sin dos precisas providencias: la una, corregir la exhorbitancia con que se han querido exigir los derechos a los géneros que se intentaron cargar en los paquebotes, y la otra, dar libre navegación a este reino, como lo tiene pedido a S. M. y aún por el año 1734 se había pensado en aplicarle el de Honduras.

7.º A muchos malentretenidos o vagantes gallegos se puede transportar a la Isla de (19 r.) Puerto Rico en los paquebotes, para que allí pueblen o se envien a la Margarita, Trinidad, Cumaná y Orinoco o a la Luisiana, porque en todos estos parajes hay necesidad de útiles colonos, habiendo allí la providencia de repartirles tierras y llevando consigo utensilios.

Para esto es necesario fomentar martinetes, para lo cual hay facilidad mediante las minas de carbón de piedra descubiertas en Asturias, cuyo carbón he ensayado yo mismo, y es de superior calidad.

De aquí resulta el enlace del recíproco comercio de Asturias (19 v.) y Galicia, pues de Asturias hay una igual expatriación, aunque no a Portugal por la falta de artes y navegación, en cuyo caso está el resto de nuestras provincias septentrionales.

8.º Para reunir los comerciantes de todo el reino de Galicia e indirectamente atraerles a un comercio general y de recíproco interés, no siendo posible que en cada puerto se exija un consulado, convendría que el Capitán General promueva esta especie estableciéndolo en La Coruña, procediendo de acuerdo con D. Pedro (20 r.) Burriel, oidor de aquella Real Audiencia, el cual me parece podrá suministrar luces y formar las ordenanzas consultando a los principales comerciantes; cuyas ordenanzas remitidas a S. M. se podrán dirigir a la Junta nuevamente formada para el comercio de Indias, a fin de que vistas en ella se aprueben en la forma regular, teniendo presente las últimamente establecidas para Cataluña y Valencia y las de San Sebastián y Bilbao, por lo que puedan conducir en las reglas generales para facilitar su formación. Sin erigir estos consulados no (20 v.) puede florecer el comercio, porque las causas mercantiles se alargan demasiado y los mercaderes abandonan su tráfico distraidos en pleitos, que entre sí mismos terminan con *más facilidad y equidad, porque el interés de abreviarlos* es común y las apelaciones de las graves en cierta cuantía pueden ir a la Real Audiencia.

Dirá V. E. que me he distraído a muchos objetos; lo confieso, pero también es verdad que las ocupaciones en un reino deben ser varias para detener a sus naturales en él, porque no todos tienen robustez o genio para la agricultura, (21 r.) o no hallan tierras o aperos con qué labrarlas.

Conozco que de un golpe no se puede remediar todo. Pero es muy seguro que puesto en actividad aquel reino con el comercio de Indias e introduciendo en él las artes, los progresos serán rápidos, porque los gallegos son aplicados, robustos y apegados al interés. Su carácter es de ideas permanentes y sólidas. Si no florece aquel país debe atribuirse a la poca atención que ha hecho el go-

bierno de él. En su estado actual tiene tanta marinería como las demás provincias septentrionales. El mayor baluarte (21 v.) contra Portugal será Galicia cuando su marina se vuelva mercantil. No sólo Portugal perderá los ramos activos de comercio que gana sobre Galicia, sino que la marina de este reino, por sus mejores puertos, será superior a la portuguesa, y tendrá el rey un número de corsarios con qué turbar el comercio de Lisboa al Brasil.

No he hecho en este papel otra cosa que extender las ideas que apunta el Marqués de Croix en el final de su dictamen, sujetando el mío a otro más acertado y, pues, S. M. tiene establecida una Junta que trata de reglar el comercio (22 r.) general de Indias, sería muy conveniente que S. M. se dignase mandar se le pase copia de estas propuestas y los memoriales de Asturias y Galicia en lo tocante al comercio de Indias, para que dijese su parecer o los tuviese presentes para las reglas generales que propongan, debiendo persuadirnos que la brevedad es lo que más importa, atendido a que es fácil ir mejorando las cosas que se establecen con observar las ocurrentes dificultades que en todo lo humano se encuentran por feliz que sea la idea, como lo es, sin duda, la del (22 v.) comercio libre, y tan precisa que sin ella no podrá sostenerse la América.

Dios guarde a V. E. muchos años como deseo.

Madrid, 9 de diciembre de 1764.

Excmo. Sr.

Besa la mano de V. E. su reverente servidor Dn. Pedro Rodríguez Campomanes.

Excmo. Sr. Marqués de Grimaldi.

FEDERALES E REXIONALISTAS GALEGOS NO XIX. UN EXEMPLO DE MISTIFICACIÓN HISTÓRICA

O quinquenio 1869-1874 ofrecéu en España circunstancias especialmente favorables ao pulo da ideoloxía e dos movimentos republicán-federales. J. R. Barreiro Fernández ven de facer un intresante inventario das fontes esistentes pra o estudo do federalismo en Galicia no período espresado [1]. Pro, además, Barreiro considérase autorizado por esta enumeración de fontes pra formular unhas conclusións, asegún as que o federalismo estaría na base (I)) da concencia da singularidade política de Galicia; (II) do fornecimento dun sistema político ao rexionalismo galego; e (III) da orientación do galeguismo cara á problemática económica concreta do país, coma base ineludible de todo intento de reorganización política.

Si se ademiten tales conclusións —que, dende logo, non están xustificadas no corpo do traballo, e polo mesmo non *conclúen* ningunha argumentación teórica esplícita—, habería que concordar que o rexionalismo galego foi unha criatura da ideoloxía e do movimento federalista. En sustitución dunha argumentación teórica, Barreiro acude a unha mistificación histórica de doble traieitoria. Cara atrás, encol do provincialismo e rexionalismo galegos anteriores ao período do seu estudo, a manipulación histórica tradúcese nun desconocimento, minimización ou caricaturización. Cara adiante, encol do rexionalismo posterior, a manipulación consiste nunha deformación violenta, pra reducílo sustancialmente, conforme ao seu *pre-xuicio* a reformulacións do aporte federal.

¿Cómo era o rexionalismo galego no intre en que aparecen na escea os federales? Asegún Barreiro, o federalismo "rompe con el galleguismo seudo rebelde de la canción protesta de entonces, no se hace problema del idioma y, sobre todo, elimina el acento lacrimoso de su lenguaje" (p. 9). Sinceiramente, eu non son capaz de reconocer nada tras esta lamentable caricatura. ¿A canción protesta de entón sería a poesía? Polo contexto non semella que fosen precisamente os romances de cego. É sabido que o "pathos" romántico, non

[1] "Aproximación metodológica al estudio del Federalismo Republicano en Galicia" (1869-1874), en Universidad de Santiago de Compostela, *I Jornadas de Metodología Aplicada de las Ciencias Históricas*. 24-27 *abril* 1973. Ponencias y Comunicaciones. Vol. III. Secciones 5.ª y 6.ª. Tema 5-3 (xerografiado).

específicamente galego, propendía a espresións poéticas que Barreiro pode alcumar de lacrimosas. É sabido tamén que o romantismo chega a España serodiamente, de xeito que no período contemplado aínda estaba en pleno florecimento. Pro, deixando aparte a obra poética en castelán de autores galegos que parece escluída da caracterización de Barreiro, ¿qué poesía que poidera calificarse de galeguista seudo rebelde e lacrimosa había no ano 1869, en que o mesmo autor sitúa a irrupción federal en Galicia? Pois, *A gaita gallega...*, de Pintos, o *Album de la Caridad*, algúns poemas soltos de Camino e Añón, *Cantares Gallegos*, de Rosalía, e pouco máis. A poesía que, eu presumo, caricaturiza Barreiro xurde precisamente despóis do fracaso federal do 1874. Esta circunstancia cronolóxica mesmo fornecería a posibilidade de utilizala nun sentido filofederalista, aducindo *pro domo súa* que era un refrexo do fracaso político federal e da subseguinte Restauración canovista, vencellando así máis convincentemente federalismo e rexionalismo. Esto supoñería unha consideración menos peiorativa daquela "canción protesta", valorando a necesaria inclusión da política nun ámbito cultural concreto —por eso, e outras razóns, o idioma é tamén problema político— e a virtualidade política do sistema cultural e das distintas espresións artísticas concretas. Está claro que Barreiro opta pola postura maniquea de exaltálo pragmatismo federal, frente a unha caricatura das preocupacións político-culturales, aínda que pra elo teña que falsear a cronoloxía.

Pro, vexamos agora se o pragmatismo e a preocupación económica dos federales, constitúen ou non unha novedade no rexionalismo galego. En troques déste, asegún Barreiro, penoso rexionalismo, os federales supoñerían a orientación do "galleguismo a metas muy concretas: revaloración económica de Galicia mediante el desarrollo de su potencial humano y de sus reservas naturales. Para realizar esta reorganización económica sólo piden libertad (...) Es un regionalismo que va a las bases: a la economía que fundamentará una nueva organización política" (p. 9). Ao servicio da súa finalidade de esaxerar a importancia do federalismo, Barreiro ignora os precedentes nesta direción. Non vou falar do pensamento económico ilustrado galego [2], porque seguramente desborda o cadro conceptual e histórico do que Barreiro chama galeguismo ou rexionalismo galego. Pro, en troques, hai, por unha banda, a obra de Faraldo —que pra o noso autor só constituiría un aporte ao "renacimento cultural" (p. 1) e a concencia da singularidade política galega (p. 9). Pra valorar a sinificación da obra de Faraldo neste terreo, no que asegún Barreiro se manifesta a gran aportación federal ao galeguismo, vou escoller a testemuña de Elías de

[2] Unha síntesis en X. M. Beiras, *O atraso económico de Galicia.*

Tejada. Escolla deliberada por varias razóns: (I) Elías non é galeguista, nin xiquer é galego. Está en boas condicións de ser imparcial; (II) confesadamente adicto ao tradicionalismo non cabe supoñerlle ningún intrés ideolóxico en esaxerar a preocupación de Faraldo pola economía e o seu pulo modernizador e antitradicional; e (III) trátase dun xuicio emitido públicamente fai tempo, moi citado polos uns e polos outros, que non é permisible ignorar se se escribe sobre o tema. Pois ben, Elías de Tejada expresa este xuicio da obra faraldiá: "La Galicia que Faraldo sueña es hija del romanticismo, no restauración de la tradición gallega (...) Por eso los medios responden a este enfoque moderno y decimonónico, utilitarista y 'práctico'. Viendo que la causa principal de la decadencia de Galicia está en la dispersión rural de los dos millones de habitantes que (...) la poblaban (...) reclama un gran centro al estilo de Barcelona o de Lisboa, que sea apto para coordinar la vida gallega entera. De ahí también que busque el porvenir por los caminos de la economía, con algunas notas (...) de florecimiento cultural" [3].

Por outra banda omítese o precedente do 1846. Pase que non se teña en conta a obra personal de Faraldo, pro esta outra omisión é inadmisible. É sabido que o 2 de abril do 1846 presencia un pronunciamento progresista sin nada de específicamente galego e sen moita orixinalidade política. Pro tamén é sabido, ou debería ser sabido, que aquel pronunciamento trocóu de sinificado e se galeguizóu a partir da constitución da *Junta Superior de Gobierno de Galicia*, na vila de Santiago. E aquela Xunta, na que participaba Faraldo, publicóu o 15 de abril un manifesto, que é unha verdadeira obra maestra da literatura revolucionaria de toda a Península Ibérica no século XIX. Neste manifesto pódense distinguir dúas partes. Na primeira reitéranse as declaracións de Solís, sen maior orixinalidade. Pro na segunda esprésase un ideario político máis complexo e matizado, superando a mera condena da situación entón presente, espresivo dun galeguismo moderno e verdadeiramente revolucionario. Nesta parte afírmase unha enérxica vontade democrática frente ao carácter oligárquico dos pronunciamentos ao uso. Pra que tal vontade democrática poidera actuarse era mester "crear costumbres públicas", *modernizando a sociedade por medio da economía* e da superación do escurantismo. E todo elo en referencia espresa e particularizada a Galicia, ámbito de acción que se atribui a Xunta, que ten de redimir ao país, "verdadeira colonia de la Corte", anticipando así máis dun século a categoría do chamado colonialismo interior. A revolución, que tal era xa, propúñase iniciar a segunda etapa da historia galega, conscente da forza dos dous millóns de habitantes da Rexión.

[3] *La Tradición gallega*. As páxinas adicadas a Faraldo son 119 ss.

Pro, como eu non estóu intresado en manipulacións de ningunha caste, vou trascribir literalmente a parte máis sinificativa do devandito manifesto: "Armonizar todos los deseos i todas las voluntades, dirigir a un solo fin los esfuerzos de los pueblos i tropas, centralizando la acción revolucionaria, i creando un directivo activo e inteligente que ponga a las cuatro provincias de Galicia en estado de desplegar todo su formidable poder para propagar este alzamiento (...) serán las principales tareas de la *Junta Superior* (...) Cree, también, dentro de su conciencia que tiene otro deber que cumplir respecto a Galicia. Hasta ahora la revolución ha sido una horrible mentira, una farsa impía (...) El pueblo conquistará en esta revolución lo que le han arrebatado los cómicos de los pronunciamientos: PAN I DERECHOS. Galicia, arrastrando hasta aquí una existencia oprobiosa, convertida en una verdadera colonia de la corte, va a levantarse de su humillación y abatimiento. Esta Junta, amiga sincera del país, se consagrará constantemente a engrandecer el antiguo reino de Galicia (...) Para conseguirlo se esforzará sin descanso en fomentar intereses materiales, crear costumbres públicas, abrir las fuentes naturales de su riqueza, la agricultura i el comercio, i poner en armonía con la época los hábitos i las ideas que dejó una sociedad decrépita fundada sobre la ignorancia. Despertando el poderoso sentimiento de provincialismo, i encaminando a un solo objeto todos los talentos i todos los esfuerzos, llegará a conquistar Galicia la influencia de que es merecedora, colocándose en el alto lugar a que está llamado el antiguo reino de los Suevos (...)" [4]. Todo elo dito coas armas na man, frente á dictadura de Narváez, e desenvolto nunha serie de disposicións lexislativas do mesmo día. Poidérase aducir que o pronto fracaso do erguemento fixo tal programa e tales disposicións prácticamente estériles, pro o mesmo pódese decir das iniciativas federales, que tanto entusiasman a Barreiro.

Un dos riscos caracterizadores do federalismo galego é que "no se hace problema del idioma" (p. 9). Tal postura é perfeitamente comprensible nos federales galegos do tempo, pro polo contexto semella que Barreiro computa esto coma un mérito. Tal xuicio é coherente co *pre-xuicio* que parece transparentar todo o seu artigo de negar, ou reducir ao mínimo, a especificidade histórica galega. Pro Barreiro permitirá que nós teñamos outra opinión. Cando a investigación sociolingüística [5] ten amostrado abondo que os conflictos entre dous idiomas son espresivos de conflictos entre dous grupos sociales, cando un autor de tanta solvencia académica coma Basil Bernstein, nada sospeitoso de escesos ideolóxicos, amos-

[4] Cito po Tettamancy, *La revolución gallega*...
[5] Popularizada en España polo recente libro de Rafael Ll. Ninyoles, *Idioma y poder social.*

tra como Marx, ao revelar a sinificación social do sistema productivo da sociedade, e das relacións de forza que comporta, en termos de esplotación de clase, fornece unha clave pra entender a estructura interna e o proceso de transmisión dos sistemas simbólicos nos mesmos termos de esplotación de clase (eventualmente, digo eu, a través da súa posible mediación na esplotación dunha sociedade por outra: colonialismo de toda caste): "non é sóio o capital no sentido económico estricto, o que está suxeto a apropiación, manipulación e esplotación, senón tamén o capital *cultural* na forma de sistemas simbólicos (...)" [6], a consideración de Barreiro resulta inaceptable. Pro, ademáis, tampouco hai tanta novedade na posición federal. Hai precedentes de afirmacións galeguistas sin invocación esplícita da custión lingüística, o máis importante o citado manifesto do 15 de abril da Xunta revolucionaria do 1846; o primeiro no século XIX, aínda que concedo haxa quen non o considere como espresivo de provincialismo galego, as *Instrucciones reservadas del Reino de Galicia al general Blake* (1-6-1808) [7].

Como o galeguismo de entón, asegún Barreiro, adicábase esclusivamente a chorar, os federales "hicieron tomar conciencia del significado de Galicia como realidad política. Esta idea iluminó ya la acción de Faraldo y Romero Ortiz en 1846, pero no había tenido gran audiencia en el pueblo" (p. 9). ¿E saben por qué os federales galegos se orientaron cara o rexionalismo? Pois (ademáis de pola teoría pigarmaliá do pacto) "por necesidad de ampliar la base de su partido. El republicanismo no tenía en Galicia calor popular, pero el regionalismo era un valor in crescendo (...) La siembra de Faraldo y de los escritores, llamados por Murguía precursores, habían abonado el terreno" (p. 8). A ver se o entendemos, había unha concencia da singularidade política de Galicia, con anterioridade aos federales, obra dos provincialistas e rexionalistas (os seudo rebeldes e lacrimosos), pro non enraigara no pobo. Os federales non tiñan ningún enraigo no pobo. Pro o rexionalismo comezaba a ser importante por suscitar a adhesión popular. Logo os federales, que non eran populares, fánse rexionalistas pra sélo. Pro os federales fan que a concencia da singularidade política galega teña gran audencia no pobo. Os que tiñan popularidade non popularizaban as súas ideas. Os que non a tiñan popularizaban as ideas dos outros (!). *Hélas,* que diría un francés, non entendo nada.

Deica eiquí, a manipulación encol dos precedentes provincialistas e rexionalistas do federalismo galego. Véxamos agora

[6] "Social class, language and socialization", cito por A. Cashdan and Elizabeth Grugeon (eds.), *Language in Education,* London, 1972. O artigo de Bernstein abrangue as páxinas 102 ss. deste *reader.* A cita entre comillas corresponde á páx. 103. (Subliñado no orixinal).

[7] Pódese ver en Tettamancy, *Galos y Britanos.*

como se manipula a historia posterior. O autor consideróuse obrigado a encetar o seu traballo coa seguinte manifestación: "a falta de estudios estructurales del fenómeno regionalista gallego, parece conveniente aplicar, provisionalmente y sólo en calidad de hipótesis, el esquema interpretativo del regionalismo catalán" (p. 1). En consecuencia distingue catro aportes ao rexionalismo galego: (I) o renacimento cultural; (II) un posible proteccionismo agrario; (III) o tradicionalismo, no que inclúe o sector "económico-político (Alfredo Brañas)" (p. 1); e (IV) o federalismo republicán. Como as realizacións específicamente federales galegas son máis ben cativas, compría amostrar como o federalismo inflúe no rexionalismo posterior. Eiquí a mistificación é tan ostensible que apenas merece comento: "Brañas (...) alude (...) despectivamente al federalismo. Murguía (...) llama al federalismo gallego 'movimiento suicida'. Esta actitud de Brañas y Murguía obedece a razones de militancia política y a oportunismo del momento en que escriben. Dándose o sin darse cuenta su regionalismo se distingue bien poco del modelo republicano tan denostado por ellos" (nota 38, na p. 9). O único que se distinguía, claro, era o anterior aos federales, supoño que entre elo a propia obra de Murguía anterior ao período comentado por Barreiro. Entón a diferencia era abismal; agora xa todo é igual, pra qué reparar en "cativos" matices. Que Brañas fose monárquico e non republicano, tradicionalista, con veleidades carlistas, e non liberal radical, que el e Murguía, coma os denostados rexionalistas prefederales, se fixesen problema do idioma a diferencia dos federales, todo elo son cativeces, no fondo é o mesmo. Pro entón, cómo se esprica que na transposición do "esquema interpretativo del regionalismo catalán" (p. 1), se inclúia a Brañas no aporte (III), *tradicionalismo,* na vertente económica-política, independentemente do aporte (IV) *federalismo republicán.* Unha de dúas, ou se distinguen ou non. O que non pode é decirse primeiro unha cousa, e despóis todo o contrario. E eso nun traballo de nove páxinas, en que resultan cáseque físicamente imposibles contradicións tan notorias.

Pro hai máis: "los federalistas gallegos, y en esto no coincidieron con los catalanes, se orientaron en 1873 hacia el regionalismo" (p. 8). E non coincidiron porque "por diversas razones, ni los federales siguieron siendo una gran fuerza en Cataluña, ni, por lo general, pasaron al catalanismo en calidad de tales" (cita de Pabón, recollida na nota 36, p. 8). Pois ben, o artigo de Barreiro remata con esta estrana, gramatical e lóxicamente, frase: "a partir del movimiento republicano, el regionalismo gallego, cuya evolución hasta este momento es absolutamente independiente del catalán, adquiere un peso y una profundidad que antes no tenía" (p. 9). É imposible saber se se espresa algunha relación lóxica entre

a pretendida ausoluta independencia dos rexionalismos catalán e galego e a pretendida falla de peso e profundidade do derradeiro, ou se trata dunha iustaposición gramatical (?) de dúas ideas independentes. Un pouco máis claro parece que "a contrario sensu" se afirma que a partir do movimento republicán (federal galego) a evolución do rexionalismo galego xa non é ausolutamente independente da do catalán. E ¿por qué a adhesión dos federales ao rexionalismo en Galicia produce unha aprosimación ao catalanismo, onde se dí que os federales estaban arredados, que non coincidían nesta orientación cos galegos? Imposible entendelo, pro témome que a incoincidencia entre uns e outros máis que na realidade histórica pouse nos distintos estilos investigadores de Pabón e Barreiro. Ademáis, se ao falar de independencia ou non independencia dos rexionalismos catalán e galego faise referencia a influxos ideolóxicos espresos e contactos persoales entre os dirixentes e teóricos respectivos, é sabido que a primeira aprosimación sinificativa é obra de Brañas, que aínda que perturbe o esquema de Barreiro, tiña moi pouco que ver cos federales.

Pra rematar esta xa escesivamente longa recensión compre advertir que aínda que non hai "estudios estructurales del fenómeno regionalista gallego", temos algunhas aprosimacións máis ou menos académicas e parciales, particularmente dos teóricos galeguistas do primeiro tercio deste século, que Barreiro desprecia totalmente. O conocimento desta literatura poida que houbera moderado o seu entusiasmo filofederal, e dende logo evitaríalle transcripcións tan pintorescas coma a do proteccionismo económico catalán a un "posible proteccionismo agrario" (p. 1) galego, cando a política que neste aspecto predominóu no galeguismo foi librecambista, agás que Barreiro identifique "proteccionismo económico" con política económica, e se fora así, ademáis da incorrección teórica que elo supón, ben poido atreverse a suprimir o "posible", pois unha voltiña polos textos galeguistas convenceríao de que, máis ou menos coherente, houbo en xeral unha política económica espresa encol dos problemas do noso campo.

X. VILAS NOGUEIRA
Santiago

RELATO

A HISTORIA DO VELLO PRISCILIANO, MORRENDO CASEQUE E SEN NISCO DE ALCOL NAS BÁGOAS, A NOITE NA QUE O INMENSO PAXARO, DE XENTES ASIXA, COMA SEMPRE SE DECÍA, ERA O REINO DOS CEOS

Adicado aos meus entrañábeis amigos, Marcos Ortiz e Catalina Sun Thie Pin.

O mesto vento mouro de Cidade dos Miragres encaleixonábase e filtrábase por rúas e habitantes, limpándoo todo, asoballándoo todo con aquela baldroada profética e característica, arrincando e levando lonxe da cidade as cousas ventureiras coma se fosen cascabullos indefensos. En noites como aquela, a xente pechábase nos mais choqueiros lugares sin estreverse a sortir pra non sere esmagada pola língua aquela, suxetando as portas con tranqueiras de grosas táboas e tapando as fiestras e afogando as fírgoas, xa que na Cidade dos Miragres todos deprenderan polo nascemento os coidos e a prudencia. O vento mouro adoitaba aparescer un día de cada mes á medianoite, e polo seu relixioso xorne e pola súa inimaxinábel teima estragadora, o certo é que se lle asmaba unha divina penitencia encarregada de velar pola fé e os costumes; endalí, cando desaparescía un habitante ou achábase algún escabechado polo asaño, soterrado por millóns de xornáis, flairas e meia natureza, era o povo irmandado enteiro quen iba aos funeráis ateigado de mágoas. Ao paso do vento, as rúas da cidade, agás as esquiñas malfadadas, ficaban sen lixos e puras, sendo esa a estraordinaria razón analóxica que levara, por exemplo, a xunguir a rexas estacas aos tolos furiosos e ás teimosas pecadentas de sexo desacougado en varegados currunchos estratéxicos, espostos á golía, enxergando que ou ben ficarían ceibes de culpa que o elemento levaríase no máis fundo de si mesmo ou ben morrerían esmagados pola lonxana dor.

O home vello, sentado no máis baixo chanzo do antergo

portal, pechado á intelixenxia, manexaba o xornal con afoteza de moucho cheo de trascos naquil alleo caleixón de Cidade dos Miragres con recendo ao esprito marelo e acostumado dos homes, en laboura lembradora de arrepíos. Era xa o vello Prisciliano e aínda non a meianoite. O faro alquímico producía as súas misturas de vagalume alén do curro morno da luz habitado polo vello, mergullado no túnel de friaxe no que se convertira a escuridade.

Nembargantes, era aquil ún de aqueles intres lucideiros no abraiado corpo do vello Prisciliano, que recoñecía coma inminente a chegada do vento mouro arranxadordomundo dispóis da zoupeza que viña dos máis afastados recullos da cidade. Era o sieiro. Os bebedores moumeaban os seus pirmeiros rituáis frementes portas adentro dos estabrecementos da tolemia, arrexuntados arredor do alcol que consumían desvairados cun sentemento litúrxico incomparábel, irmandados pola temerona até escasear as bágoas, dispóis, paseniño, o vello sabíao, abriríanse as eirexas ao mencer, ollando todos os estragos do ciclón, cantando bébedamente aínda os máis lucideiros, cun proído do vento nas costas.

O vello Prisciliano endexamáis tivera que recibir bébedo o vento, nono necesitara a súa concencia xeométrica chea de ángulos, nin xiquera confundirse antre os bebedores, sóio a soedade e o respeito, coma arestora, "deus que estas", cando o outavoz dos zopos e loubáns coches municipáis, bruicedos os motores, monótonos e lonxáns, "coma sempre", coidaba o vello, "atención a todos os cidadáns", repetían pousonamente, "a tudos os cidadáns, que o vento arranxadordomundo presentaráse en poucos minutos", as parolas dos coches soaban murchas, máis dirixidas á noite que aos homes, "póñanse a salvo nos seus fogares, nos estabrecementos da tolemia ou nas eirexas". O vello sentía os nervosos golpes do sangue nos seus ollos azules. Entramentras, desacougándose máis e máis escoitaba ao tempo e ao agora xangal periódico que repousaba sober da mitade do seu corpo. "Cáseque non hai vento no caleixón", repetía aguzoso pra autoconvencerse cada vez que se lle arrumbaban as veas das tempas, "cáseque non hai vento no", ollando con receo de neno o inmenso periódico que lle abranguía meio corpo coma unha manta mourana e abundante, temendo velo choutar dun intre ao outro. Asixa o vello Prisciliano medía os seus momentos solprendéndose con mil trascos, asixa o vello Prisciliano notaba sobor dos seus xionllos o sobexo peso do xornal que medía compretamente espallado unha lonxitude de horizonte, "aínda estirando ao máximo os dous brazos ao xeito de cruz", laiábase unha e outra vegada o vello, que xa minutos denantes tencioárao cos seus braciños cortos i esgotados. "Estóu soio", decía reiteradamente e conxeturóu si sería demasiado arriscado redobralos seus esforzos co reuma peitoantebrazo-

pádoa agardándolle. "Hastra os estabrecementos están silandeiros, teñen medo", o vello sentindo un alongado callafrío, ollando ao romate do caleixón pechado por un valado comesto polos entullos. O vello Prisciliano concentraba agora a súa sensibilidade nos xionllos percurando captalo peso do grande xornal. "¿Existirán periódicos de tres mil follas?", cispábaselle unha e outra vez ao vello sempre disposto ás cismas autochagantes, "e aínda cicáis de cinco mil", respostábase a si mesmo, "Oh deus que estas", que o vello coidaba que entón xa non podería termar aquil peso, xa o vello apunándose novamente en apalpalo periódico coma se fose un mamífero calqueira, agora comprobado que aínda nono levara o vento, ao rematar a súa laboura decatándose, "Oh deus que estas", que as súas mans estaban lixadas de tinta desprendida do xornal, "tamén ten sangue no seu corpo", decía o vello, "tamén ten sangue", levándose as mans aos ollos, pensando tolamente o vello nas cousas que se lles dá por medrar e non paran, coma ese terríbel periódico da Cidade dos Miragres, "que cada vez fanno meirande, deus que estas, cantas vegadas protestéi eu mesmo persoalmente, mais nin Xonás Velador, nin Xonás o Grande me fixeron caso, que eu sempre fun un cidadán intachábel, que este xornal co seu grandor que non cesa de acrecer, as páxinas e o formato, as páxinas e o formato, deus que estas, é un grande perigo pra os debles, ¿por qué nono fixeron máis cativo?, que rematará por esmagalos tamén a todos...", iso dí o vello Prisciliano, medoñento e lembrador, abritando as súas aziñas coma un paxaro sen nome e preocupado, "que xa lle aconselláramos mil vegadas a Xonás Velador que o xornal non debería pasar das mil páxinas, deus que estas, se son coma áas atafegantes e monstruosas, mais ninguén nos fixo caso e, entramentras, os periódicos bótanse a revoar coma anacos de noite, deus que estas, coma anacos de noite". Agora o vello suspendendo todo movemento e abraiándose, "que xa me dixo a miña patrona que unha noite espertouse sobresaltada por un bruido, batida a súa fiestra por algo inorme, deus que estas, que ela abríuna cicáis tatarañeira e alí estaba íl, monstruoso cubríndoo todo, cas súas inormes letras mouras coma pantasmas, o vento escuro empuxándoo, plas, plas, emburullando o corpo dela", dispóis de lembrar isto, o vello cáseque encorgado, cáseque.

Riba do caleixón a lúa era coma unha mosquiña branca, xusto no intre no que unha folla murcha de arbre adentrábase no curro luminoso, dirixíndose ao fundo tapiado, aos cascabullos, "estase levantando un lizgairo ventiño", percurando adiviñar a roita da cativa folla, o xornal sen calucarse aínda, "non é dabondo podente o vento", o vello reloucado cáseque, "non é dabondo po", xustamente cando outra folla chea de delancaradas xiraba sobor de si mesma caendo aos pés do vello, que, de pronto, "movéuse unha miga xa o xor-

nal, deus que estas, xa debe sela meianoite", asixa o vello Prisciliano medía o mundo, asixa medía o medo, lembrando con pavura a súa diaria rutina lendo aquil inmenso xornal, posto á súa beira, xunto ao desaúno, a cotío; o xeito bremante que tiña de se enterar do mundo: páxina unha, páxina dúas, páxina tres, páxina catro, as páxinas pesaban coma lousas e tiña pavura de que lle esmagaran os pillouros, ás veces de que o mundo enteiro estivéseo agardando alí, cada mañán, o mundo sóio pra íl, páxina unhadúastrescatrocincoseisseteoitonove, "deus que estas", xa esquencéu a pirmeira, e a segunda, "teño que voltar a escomenzar...", mala memoria tiña o vello Prisciliano, de tal xeito que pra íl, ao cabo, sóio existía unha páxina tremenda que se ingría pola súa concencia esterrecida, porque, coma decía Xonás Velador, sóio unha saudabre memoria podía ordealo mundo.

Asixa que o vello Prisciliano, honrado funcionario do Axuntamento, segundo tránsito estreito, Negociado de Vertedeirosbasureirosrefugallos, oficina pequena, derradeira mesa: a úneca que tiña intaita a grande papeleira de arame, aturando arestora un deles sober dos seus xionllos coma unha aba choqueira, naquel caleixón cada vez máis valeiro, choraba o vello ao sentir o destiño, e abandoando o portal, o vello desprazándose paseniño até os entullos coma un inseito ademirado e aburado, o xornal sendo xa un meiguiceiro caparazón sobelo seu corpo.

Iba pra morrer, o vello, entramentras.

I é que o vello Prisciliano fora durante toda a súa vida un cidadán exemprar i eficiente, respetuoso até a idolatría cas Autoridades: Xonás o Grande, o que máis facía e desfacía na cidade; Xonás Podente, direitor e proprietario do inmenso xornal; Xonás Piatoso, que habitaba no pazo rente á catedral; Xonás Velador, encarregado da cultura, etc. ¡Cántas vegadas se tiña dormido coidando no estrano ar de familia que tiñan aqueles nomes!, e ao chegar ao relanzo do serxubilado, coidara sempre con inxénua teimosía no parquecheodefollasnooutono, escoitando o doce rechouchío dos paxariños..., máis aquela malfadada carta de Xonás Velador, un, dous, un, dous, o vello movendo frebilmente as súas aziñas, negándose a lembrar, aquela carta torcéralle o sono pra sempre.

Cada semá durante dúas horas, de iso facía xa un ano, Xonás pretendera que os vellos continuasen falando na súa nova xeira de xubilados, de cousas reáis e relevantes pra a comunidade, pra así rematar ca tendencia á confusión e á trivialización, coma decía Xonás, das conversas proprias da edade, de tal xeito que Xonás obrigáballes a ler detidamentes o xornal da Cidade dos Miragres e na xunta tiñan que se referir uns aos outros os acontecementos da semá, mais eran miles os sucesos e tiñan que memorizalos sin se esquencer

dun xiquera, pois Xonás neses casos acusábaos de facerlle perdelo tempo e de seren malos cidadáns coa súa voz de leite e os seus alcumes. E o vello Prisciliano, até o límite das súas forzas, sempre respeituoso pra co universo, loitara pra lembrar e lembrar os xornáis, léndoos e reléndoos sin faguer outra cousa, esquecendo os seus soños, mais todo foi imposíbel porque o xornal que agora tiña sobelos seus xionllos semellaba máis e máis inabarcábel e a súa memoria máis e máis achacía.

"Deus que estas, ¿por qué se poñía tan asañado Xonás Velador?, se todos eramos bos cidadáns. Non debería esixirnos tanto. Cáseque non tíñamos tempo de sair ao parquecheodefollasnooutono, oh deus que estas, non deberon de fuxir todos", inconscentemente, o vello acuruxado no fundo do caleixón escomenzóu novamente a abritar os seus brazos, un, dous, un, dous, lembrándose de que íl endexamáis fora deportista, un, dous, un dous, que sempre fora un tipo furricoso, un, dous, tencioando autoconvencerse de que exercitando os seus músculos esa noite podería abranguelo xornal e ollalo faciana a faciana por pirmeira vez na súa vida e decirlle si quería abrilo ou non abrilo sin se ter que abaixar coma cada día, "¡ande, érgase xa, vello Prisciliano!", era a patrona, "¡ande eh, eh, eh, xa ten preparado o seu desaúno quente!", a habitación nascendo branca cada día ao espertarse, "¿qué, durmeuse ben?, eh, eh, eh, xa lle trouxeron o xornal, eh, eh, eh", sempre á beira da súa comida o incalificábel periódico seguro de si mesmo ou dobradobendobrado, "sempre pensando en min, deus que estas, non sei si poderéi co-íl", "eh, eh, eh, o que vostede non saiba...", o vello percurando sempre alongar o desaúno mais moi cedo ficaba sóio naquil comedor, ca besta aquela que tiña que se meter na chola, "deus que estas, non está ben o que fixemos os outros i eu, non deberon fuxir, non, non deberon, coma si cometeran un crime, non".

"Vostedes os vellos débense de someter a unha ríspida discipriña nas súas conversas e nos seus xeitos de se desenvoltar na vida, esa é a úneca posibilidade de manter esperta a súa mente, senon rematarán por parvear, a iso é ao que veñen aquí, teñen que lerse moi ben a prensa a cotío, enterarse do que pasa no mundo, mais con datos, eh, eh, ea, mais con datos, eh, eh". Asixa falaba Xonás Velador.

Unha terceira folla enteiramentes podre chocóu con certa violencia co periódico cáseque saba, "é o vento, é o vento", coidaba o vello, a folla rebiricándose sobor de si mesma, ollando o vello ao vento, "deus que estas, é o vento que se achega", por antre algunhas follas do xornal o vento zunindo, plas, plas, refoleando o xornal de súpeto, o inorme periódico estartamelándose, batendo feramente a faciana do vello, que xa o maxinara, "deus que estas, é o vento, non hai dúbida, escóitanse novos bruidos no mundo", e ¡zás!, pouteando, índose-

lle a forza, o vello impoñéndose por un intre ao periódico que cáseque falaba, o vento entrando e saíndo polas súas follas, o vello, un, dous, un dous, sen deixar de abritar as súas extremidades, enchéndose de pavura i erguéndose coma un tolo, leixando no chan ao xornal que dun pulo pegouse a un muro coma unha lapa xigantesca e fascinante, "deus que estas, é o vento", que xa era tarde pra aquelas definicións e o vello sabíao, que xa era tarde pra liscarse, o vello abalando a súa solpresa, saloucando coma un neno, "deus que estas, xa chegóu, por fin..., todos estarán pregando", intentando escapar arestora o vello novamentes do atrancadeiro, chegando ouxetos birrentos de todas as partes, plas, plas, un grande papel apertándose ao vello, impedíndolle moverse, estrelándose contra as súas pernas un enxamio de cativas dores, "deus que estas, é o vento que atrái os ouxetos cara a mín e non me leixan avantar, o vento pesa", voltando arrastrándose aos entullos, cheo de suor, "Oh deus que estas, xa decía eu que os xornáis eran perigosos pra a Cidade dos Miragres", iluminándoselle o rosto cos seus olliños azules ollando á lúa, "xa o decía eu".

"Prohíbolles falar desas desorbitadas pantasías dos xornáis monstruosos, vostedes o que teñen que facer e lélo detidamente, que cada vegada fanno peor, eh, eh, eh, sober de todo vostede, vello Prisciliano, hoxe cáseque non abríu a boca dúas veces", así lembraba o vello a Xonás Velador, coa súa figura branca i estalicada acusándoo con acritude, "vostedes os vellos teñen que adoitarse a falar de cousas reás, senon rematarán por voltarse docas, eh, eh, eh, teñen que se discipriñar, eh, eh, eh".

Sufrira moito o vello Prisciliano, porque Xonás Velador non podía maxinalo esforzo esgotador que desenrolara pra memorizar, máis o vello tiña unha diñidade que non sortía de si mesma.

Fora un día de vento, o vello lembrábase moi ben, polas pirmeiras reunións, cando, enxergando dende a súa fiestra os derradeiros movementos do vento, decatárase da moitedume de xornáis que revoaban pola cidade coma paxaros incansábeis. Entón, descubrira algo trascendental: a idea de que os periódicos podían sere perigosos polo seu grandor, e, na compaña dos outros vellos peleriñara polas Autoridades pidíndolles Xusticia e proteición. Na realidade, pra que disminuiran o número de páxinas e asixa poder memorizalo máis doadamentes; oficialmente, porque, decían os vellos, sin creelo nin xiquera o vello Prisciliano, aqueles periódicos poderían esmagalos a todos e aínda estomballalas casas.

Porque o vello odiaba fundamente a ideia de que calquer Autoridade o recriminase xa que iso siñificaría unha chata na súa vida de total adicación á comunidade. As continuas alusións que Xonás lle lanzaba desvairábano, dubidando

mesmo, por pirmeira vegada na súa vida, da Xusticia dunha Autoridade.

Escoitábanse xa con forza agallopante os berros arreciantes dos estabrecementos da tolemia, mulleres estragándose os cabelos, irrumpindo os ouxetos no caleixón con voracidade: papeles, táboas, cordiñas, perfías estragadas de todalas crases, e canto máis cotidiáns e caseñas eran as cousas, máis sensación de belixerancia lle producían aos ollos castos do vello Prisciliano. Canta máis temerona lle metían, máis se achegaba a iles á percura dunha definitiva sinal das súas intencións, detendo o seu un, dous, un, dous, apalpándoos con inxénua malicia e baténdoos hastra que se encrechaban, arrastrándose o vello dunha beira á outra, ás veces mesmo rindo a gargalladas. Por un momento pensóu na súa patrona coma se fora un ouxeto máis arrincada polo vento e levado en voandas até íl. "¡Ande, érgase e vaia a disfrutar, eh, eh, eh, non veña moi cedo, eh, eh, eh, que hoxe temos moito traballo eh, eh, eh", aquelas grosas cadeiras e paredes, todo con aquela pintura de berros brancos, as habitacións a airear, lonxe a friaxe do parque, "non veña demasiado cedo, eh, eh, eh". A úneca lampada do caleixón, protexida por unha coraza de reixas de ferro, abalándose coma unha trapecista desvairada, os pés do vello sulagados nun mar de follas podres, zunindo coma élitros xigantescos, o vello lembrando agora xa ¡por fin! a derradeira xunta, hoxe, facía seis horas somentes, "deus que estas", entramentras aguchábase, perseguido polos elementos, nunha esquiña da parede, protexido por un anaco descorido de paramento.

Xonás Velador máis estalicado e ceremonioso que nunca na súa outísima cadeira, de iso somentes facía seis horas, "que todos os vellos puxéramonos dacordo", lembraba o vello Prisciliano, mentras, lembraba o vello, Xonás Velador: "Teñen que falar ben aténdose aos datos, non fará falla que llo repita outra vegada, hai que coñecer moi ben do que se fala e sere precisos, ¿esprícome?, ¿enténdenme?, eh, eh, eh, escomencen...", un silencio eslaiado, eh, eh, eh, un silencio moi lento, eh, eh, eh, "¿qué lles acontece a vostedes seique enmudeceron de súpeto, eh, eh, eh", que xa os corazóns dos vellos e os periódicos inquedos, eh, eh, eh, entón un dos vellos amosándolle un xornal que lle chegaba espallado dende o chán hastra o fros, "oia, ¿non lle semella demasiado grandeiro, Xonás?". Xonás estantío, todos berrando coma energúmenos, a porta atrancada, entramentras Xonás lourido, suxeto con forza á súa outa cadeira, eh, eh, eh, "¿qué fán vostedes? Séntense". O vello Prisciliano con definitivas maniobras dirixindo as operaciós, "ímoslle contar o que descubrimos dos xornáis, por exemplo, hoxe é o día do vento mouro, ¿sábeo?, fallan seis horas somentes", e Xonás Velador: "¿a qué ven iso?, léixenme", que xa un dos vellos enrabechado arredor

do preso: "óiame Xonás, voulle contar algo, escoite, íl, o xornal, sempre está alí, aos pés do meu leito, cada mañán, unha noite de friaxe botéino sober da cama pra me acochar, escoite ben Xonás, e ao mencer cáseque estaba atafegado, ¿qué dí a iso Xonás, qué dí?, Xonás dando cativos choutos histéricos pra se ceibar, "¡non se mova, estese quedo!", "léixao", terciou outro cos ollos acubulados da empencha, ollando a Xonás xa esterrecido, os demáis co vello Prisciliano berrando e facendo estremonías como nonas fixeran na súa vida: "anoite soñéi que mergullaba os pés no chan, arrincándoos dispóis de súpeto húmidos e aterecidos, ateigados de papeles mordentes, e pra velo que era aquelo, anesguéime ás apalpadelas tasmeando, o chan abaloufándose coma unha noxenta masa levedada, xurdindo do seu seio millares de periódicos coma peixes esfolgaxados penetrando no meu cerebre", dispóis, o que dixera esto ficando tristeiro e ademirado das súas proprias verbas, aproveitando entón Xonás Velador: "Iso foi un soño, un pesadelo, non lle deben prestar atención a esas cousas, xa lles dixen que abandoaran esas andrómenas eh, eh, eh, poden trocarse nunha cisma, non pensen tanto nos xornáis eh, eh, eh, deben de adequirir rapidez de leitura eh, eh, eh", outro silencio quente, outro, outro, os ollos dos vellos brillando ao unísono cun abafallo competitivo, ollándose uns aos outros, "ímolo a axusticiar" dixo o vello Prisciliano ca serenidade antre os dentes, "vostede non fixo caso dos nosos consellos sober dos periódicos, foi unha temeridade que meresce a morte por poñer en perigo a toda a cidade", o vello serio, "asesiños, ¡están tolos!, auxilio", berraba Xonás coma derradeiro recurso, algúns asustados polas verbas suspendendo por un intre os movementos, "non vos arrededes", decía o vello, "íl é o asesiño por non facer caso das nosas adevertencias, é un perigo pra a cidade", "¿por qué a mín, qué lles fixen eu"?, repetía Xonás Velador ao borde do pranto, por un intre todos compadecéndose díl, mais os xornáis esbarando cabuxeiros dende todos os puntos da habitación, Xonás tremando coma endexamáis se vira á unha Autoridade, todos atariñando un pouco denantes de se decidir porque semellaba outro home, mais os periódicos escorregábanse asañados e imparábeis coma os estriloxos que arestora, mentras iba recordando, amoreáranse arredor do vello, cubríndoo hastra a cintura e continuando, un, dous, un, dous, cas súas aziñas de burócrata reumático ás voltas co periódico, cinguíndoo máis, cos seus ollos demasiado lumiñentos, agardando ver aparescer aos xornáis, os ouvidos cáseque estragados polo vento.

Durante un intre, seguíase lembrando o vello, todos voltaran a sentarse menos os tres que suxetaban a Xonás acorándose polo alcol, un dos vellos bebendo e bebendo cos ollos pechos, en plena euforia, "temos dereito á eleición, a ler ou

non ler, abrir ou pechar, si ou non, si ou non", berrando todos e coreándoo, todos cáseque de liorta antre iles, menos o vello Prisciliano que dende a súa meditación dispreciábaos xa no fundo, "hoxe iba moi ben a reunión", repetía Xonás improrante, xa todos infeitados pola típica tolería erguíanse coma nubens danzando, arredor do Xonás, cada vez máis perto eh, eh, eh, que o vello Prisciliano foi o pirmeiro en atafegarlle a boca sentindo lonxano e tépedo o alento ao traveso das páxinas, xa sin saber ondia remataban elas e ondia escomenzaban as veas arrumbadas de Xonás, amoldándose os xornáis ao corpo coma compresas vivas e aos seus membros, de súpeto os vellos abraiados a un tempo, sin estreverse a secundar ao vello Prisciliano que era demasiado deble, todos con aquela cantinela moi propia deles, todos laiándose, as mans ergueitas, fitando pra elas, "non podíamos aturalo máis, era moi crudel connosco", encetóu un, "tíñamos que facelo, non había remedio", "cáseque non tíñamos tempo pra ir ao parque cheodefollasnooutono", todos con aquela pousona aititude, xa Xonás Velador collendo folgos eh, eh, eh, "¿a qué agardades? axudarme, eu soio non poido, ¿qué facedes?", berraba asañado o vello Prisciliano, os vellos percurando esquencelas mans, algúns apreixando mesmo a cadeira de Xonás hastra que xa soio a perna dereita con cativos caimbres resistía ao silencio, o silencio, o silencio, facéndose culpa o alcol coma xa era costume naquela cidade, a culpa coma unha pranta ingrindo pola concencia dos vellos, menos o vello Prisciliano: "matámolo porque non creía nas nosas adevertencias, era un irresponsábel, un nemigo da cidade", un silencio, que o malo era que todos coñecían xa de nenos aqueles silencios, todos laiándose, alleos á retórica do vello Prisciliano, "queríamos decir si ou non, si ou non", "queríamos ir ao parque cheodefollasnooutono", "queríamos ler ou non ler", "tíñamos que matalo, tíñamos que facelo", todos fuxindo asustados, o vello Prisciliano berrándolles: "¡Non fuxir, non tendes por qué; era un nemigo da cidade, quedáramos nesto", o vello sin entender, enxergándoos fuxir, a concencia coma un trasco inorme, aos estabrecementos da tolemia e ás eirexas, a pregar con aquela medoñenta oscenidade, todos fuxindo menos o vello Prisciliano que era un bó cidadán, sentado no banco máis groso fitando pra o mínimo aspecto de Xonás soterrado baixo aqueles feixes de xornáis con aquelas inormes letras, un cheiro pecadento a alcol pola habitación, as enormes fiestras pechas que se tiñan que abrir pra que sortira a morte, agora varios intres de soedade, varios, de soedade, agora o vello soio, sí, pero entón, pero entón, arestora o vello no caleixón recordábao, o corpo de Xonás Velador alí morto, comenzóu a arrincarlle o ódio brutalmente, a saciarllo, arrincándollo do seu corpo, o vello desprevido, sentindo valeirarse, endexamáis lle pasara cousa se-

mellante, vendo xa cos proprios ollos ao odio que estivera vivindo nas súas entrañas durante un ano, o odio coma nun vágado ateigando o coarto, xirando vertixinosamentes e lanzándose contra o proprio Prisciliano, "deus que estas", trocándose en remorso, mala natureza era a do vello, o vello enchendo o coarto de definicións: "eu non son coma os outros, matéino porque era un perigo pra a cidade", sí, pero o corpo de Xonás, alí, unha Autoridade, alí morta, rente a íl, que íl fora o pirmeiro que lle atafegara a boca, mais aquel corpo inmóvil seguía arrebatándolle o odio e o vello Prisciliano sen poder facer ren pra impedilo, dispóis tamén sortíndolle do corpo o rancor, a vinganza, a anguria, espallándose dispóis polo coarto pra revoar polas paredes, e dende alí, axexantes, baténdose contra a concencia do vello que xa botaba pingas de sangue, que o vello seguía facendo discursos inútiles, mais a natureza daquela cidade era úneca, a concencia enchéndoselle de feridas que salferían as paredes, xa o vello somentes decindo que os xornáis eran perigosos e que non lle fixeran caso, iso era o asunto, xa era o úneco que se estrevía a decir, ¡aquela cidade!, os xornáis eran perigosos, berrándolle ao cadavre, mantendo así por unhos intres aquelas coiteladas, manténdoas a raia soio por unhos intres, porque xa cáseque non lle quedaba odio no corpo, soio a testa tremándolle con aquela perfeición tan típica da cidade, e aquela concencia que cáseque se lle separaba do corpo ca dor, que arelaba andar soia polo coarto, o vello, "que os xornáis eran perigosos", a concencia a punto de crebarlle os osos e sair con aquel corpo deforme e balofo, o vello sentindo un estraño acougo ao coidar que íl podía amosar que os xornáis eran perigosos, ¡íl podía amosalo a toda a xente, era cousa doada!, a concencia voltando ao seu sitio sin bruidos, pouco a pouco, o vello enchéndose de intelixencia e de dominio sobelo mundo, ¡íl podía amosalo!, agora, un, dous, un, dous, as súas aziñas cansas, entramentras o furor instalábase prodixioso e brutal no caleixón, aparescendo os pirmeiros xornáis maxestuosos polos tellados, moi pronto penetrarían no caleixón, algúns ao bater producían trouqueleos endexamáis ouvidos, o vello querendo ver nos xornáis unha coartada celestial, os ollos abraiados, agora xa irrumpían ducias no caleixón, o vello ás trancas e barrancas espoñéndose máis e máis á furia, un, dous, un, dous, unha vez máis tencioando camiñar contra o destiño, baténdolle algo nas tempas: o sangue, caendo ao chan o vello, as follas escomenzando a cubrilo, sentindo o inaturabre peso do xornal, agora o vello sentíndose un heroi, "deus que estas, tiña eu razón, os xornáis rematarán conmigo", agora unha soia vértola pra o vello Prisciliano: espallar cas propias mans o xornal, contempralo, o vello cáseque, un, dous, un, dous, tasmeando o periódico, o sangue da súa frente fría e sin alcol, facendo un supre-

mo esforzo, ¡inútil!, o periódico apegándoselle ao rosto herméticamente, erguéndose o vello dando tumbos, "deus que estas, oh deus que estas, teño que amosarlles a todos que os xornáis son perigosos pra os debles cidadáns", coidaba vitoriosamentes o vello sen un nisco de alcol nas bágoas, "Xonás Velador era un perigo pra a cidade", berrando con tódalas forzas, morrendo cáseque, morrendo, o vello cuberto por toda a natureza xa, a boca atafegada polo inmenso paxaro, cubríndoselle o corpo de millares de follas que rematarían fuxindo lonxe da cidade aquela, lonxe, moi lonxe daquelas estranas xentes que deprenderan a prudencia. Iso.

De xentes coma aquelas era o reino dos ceos.

LOIS CASTRO NOGUEIRA
Madrid

SIRO
-73-

GERALD DENLEY, POETA GALEGO

É ben conocido o poder suxestivo da lingua galega para os poetas nados noutras terras, tanto nos tempos medieváis como nos modernos. Son notables os casos de poetas foráneos que se valen da nosa lingua para expresaren as súas vivencias líricas. O andaluz García Lorca e a americana Anne Marie Morris son exemplos destacados nos nosos días. A eles compre engadir agora a do inglés Gerald Denley.

Gerald Denley nacéu en Londres e é fillo de pai inglés e nai irlandesa. Estudóu linguas modernas na Universidade de Cambridge. Viviu no Brasil —São Paulo, São José do Río Preto, Mato Grosso— e noutros países da América Latina. Tamén en Turquía e mais en Chipre. Hai anos, formando parte dunha excursión escolar veu a Galicia. Ficóu engaiolado coa nosa paisaxe, tan semellante á de Escocia e á de Irlanda que lle fai ter a sensación de que España comenza en Ponferrada. Dentro da nosa terra, impresionóulle especialmente a paisaxe de Valdoviño, nas proximidades do Ferrol, a onde ven tódolos anos. Ten alí unha tenda de campaña.

O ano 59, Gerald Denley púxose a aprender o galego. Dí que o aprendéu fundamentalmente en Valdoviño, en Catabois, en Meirás, en Val, en Castro. Ademáis de escoitar e pór atención no que escoitaba, levaba consigo un magnetófono que iba grabando o falar da xente, ora nas praias, ora na montaña, ora na vila, ora nos buses, ora nos bares, e que logo escoitaba unha e outra vez na súa casa para se familiarizar con el.

Gerald Denley ven a Galicia polo vran, pasar as súas vacacións. Polo inverno vive en Londres, onde ás veces sinte morriña de Galicia, que o leva aos restaurantes onde traballan os nosos emigrados. Nesas crisis de morriña é cando escribe os seus poemas galegos, dos que hoxe ofrecemos unha pequena escolma.

POR QUÉ TÍ NON FALAS?

Por qué tí non falas
a túa lingua, neno,
e por qué tí te calas
cando a xente do campo
fala coa túa lingua dourada?

O teu ser risoño
nascéu
nesta túa terra galega,
e xa tí foches...
voando
entre os piñeiros
como unha pega.

Alén dos montes,
tí foches polas terras desertas;
alén das fontes
foches voando
falando
na lingua da xente
dos castelos marelos
nos desertos do sur.

Tí non sabes
que a túa forza
ven das fontes frescas
da túa terra
ascondida
nestes montes
da túa Galicia.

A MIÑA VIDA

A miña vida
son os ventos que nacen
alén do mar;
son as choivas frías
do norte;
son as negras tebras
que xa aparecen
no meu lar.

A miña vida verdadeira
é a luz que ven
no meio da noite:
é o meu soño
das illas libradas
que sólo existen
nas miñas olladas caladas,
e no meu mundo segredo
de morriña.

OUH FROUXEIRA!

Ouh Frouxeira!
tan verde e tan vulnerable!
a túa verdura oferécese
aos asesinos das arbres.
A túa verdura incítalles
a destruir os túos campos.

O ano pasado
ista casa arrodeada
dunha corredoira teixa
era unha pradeira
onde os doces arrecendos do ceo
xuntábanse á túa terra húmeda.

Unha casa de vran,
non é un pecado
contra a xente
que non ten nin unha casa?
Non é un pecado
contra as túas arbres
que non facen ningunha violencia
a ninguén?

Que doado é cepar un arbre,
roubarlle da súa vida!
Tan poderoso é un arbre
e qué fráxil se sinte
contra as forzas de destrucción.

Ouh miña Frouxeira!
Xa estás morrendo,
morrendo silandeiramente,
e non hai espranza;
estás morrendo...,
morrendo fondamente.
A túa voz etérea...
...esvindo...,
non hai espranza:
non, non hai,
non hai.

DOMINGO

Campás de domingo!
As campás chaman a xente á misa;
froles de domingo;
campás;
nenos formosos camiñando
a aquela igrexa branca...
cómo se chama?
I can't remember!
Oh, beautiful Sunday!
Froles formosas,
xeitosas,
nesta mañán brillante;
domingo de dozura:
Sunday bells;
as campás de domingo
chaman aos turistas
—turistas que non saben nada
de igrexas—,
i eu son turista:
ista igrexa é un país extranxeiro,
o meu pasaporte
é o sinal da Cruz,
(cómo facela non séi).
Iste vasto territorio

ulindo a incenso e allo
é unha igrexa:
e aquela cerimonia no altar
chámase "a Misa".

Campá de prata!
Oracións segredas,
ar misterioso,
escuridade.

Campás de domingo,
explosión de alegría na praza,
espontaneidade.

Ouh domingo inesquecíbele!
ouh domingo galego!
ouh domingo, arrecendo do Paraíso!
ouh domingo, Páscoa dos nenos formosos!
ouh domingo festeiro
coas froles, múseca e alegría!
domingo!
domingo!
Beautiful Sunday!

Hoxe na miña terra
é domingo:
non hai nada:
nin campás,
nin o prefume do Paraíso;
somentes
unha nostalxia agonizante
de froles murchas.

O VENTO FECHA OS OLLOS

O vento fecha os ollos
das froles,
e nos montículos inertes
a vida desaparece
aínda.

A brancura
da morte
penetra
as rosas
cun prefume
húmedo e murcho:

O coitelo
do vento frío
corta
as follas secas
derramando
sangue frouxo.

CANTIGA EN SANTIAGO

A melodía
desta cantiga
cobre a oración
do pelengrín
coas froles brancas
da primaveira.

Morrer
enterrado nas froles
da melodía
é penetrar no ceo,
e entrar no espacio
onde a pureza
da cantiga
é a vida eterna.

T A R D E :

Tarde:
agradábele e feiticeira,
doce,
e tan senlleira.

Tarde:
bágoas de nostalxia,
cantar da infancia,
color teixa
da nosa doenza;
"homesick" en Soho.

Tarde:
luz e sombra
da nosa espranza,
amiga do día
e da noite fría;
horas longas
dun corazón ferido.

Tarde:
horas de saudades,
"grey rain in London",
sospiros do emigrante;
horas do recreo
no meu país;
"crowded streets in Soho"
saeta no corazón
do galego errante;
—melancolía—.

Tarde:
té ás cinco;
"slovenly tea-rooms"

bares suxos,
e o cheiro de té
subindo
nos ceos teixos
de Londres:
tarde tristeira
de lembranzas.

Tarde:
alento da noite silandeira;
inqueda
da noite vindeira.

Tarde:
prefume de eternidade,
incenso
subindo aínda
á escuridade dos ceos.

IGREXA CASTELLANA

Frescura,
escuridade,
ulido de allo
subindo ao teito;
allo saíndo
dos bancos vellos;
incenso nos recantos
escuros;
estátuas
de santos
que morreron
no prefume de santidade;
agora aquí
viven
ulindo a humidade
coroadas de pó.

Altar
como bolo de casamento;
altar
arrodeado
de sombras e ulidos;
misterioso.

Altar,
presepio e patíbulo;
ar saturado
coa múseca de canto chao.
Igrexa de mil arrecendos
do pasado;
igrexa escura,
dormindo no sono
de paz profunda.

T É

Estamos dados ao té.
Cando alpeiramos ás sete da mañán
tomamos dúas ou tres cuncas de té,
e continuamos bebendo té
cada dúas horas no día.

Sen té a nosa vida non é nada;
sen té non podemos pensar
nin traballar,
nin dormir tampouco.

Cando oímos dunha calamidade
bebemos té;
cando morre un parente
bebemos té;
cando hai unha disgracia na familia
bebemos té;
cando hai un accidente na rúa
ofrecemos té aos disgraciados;
cando hai unha guerra
tomamos té.

As últimas verbas dun moribundo
son "té, por amor de Deus".
Cando fomos colonizando o imperio
ensinámoslle ao mundo a beber té;
cando hai unha folga
—os obreiros, a administración,
e a policía—
todos beben té;
cando hai perigo de revolución
todos beben té,
e fan nada.
O inglés sen té
é un peixe sen auga;
e cada día sen té
morremos pouco a pouco.

Cando a muller dun marido
fuxe co panadeiro,
o marido, a policía, e os obreiros
da panadería
beben té.

Sen té estamos mortos.

MONTFORTE DE LEMOS

Nas tebras
das dúas e meia da noite,
véxote escuramente,
Montforte de Lemos;
véxote desde este tren
procedente da Cruña.

Xamáis te vin
pola clara luz do día:
Montforte, tí non es povo,
nin vila, nin casas.

Tí es unha "sala de espera"
andéns,
cantina,
evacuatorios
e oficinas;
...arredor da estación
...a noite escura.

A túa meiguice é o teu nome;
é a vida dos teus andéns
ás dúas e meia da noite;
é o movimento contínuo
de tréns, furgóns
e xente sonolenta;
é o bruído das túas altavoces.

Montforte,
arrodeada de montes escuros,
afoga nas ondas do silenzo,
afoga na nostalxia infínda;
i eu
vexóte
na noite fría,
solene, misterioso,
inaccessível.

LINGUA GALEGA

Doce lingua de múseca segreda,
vento húmedo
asoprando do oeste;
leito de froles
nos toxos;
prefume celestial
nunha noite calada;
luz da lúa
antre as estrelas;
doce choiva
dunha noite silandeira.

Galego;
lingua feiticeira
dun povo xoven
e xeitoso.

THE EMIGRANTS

Our train which left Coruña late last night
is now within a mile of Ponferrada;
in the second class compartments
emigrant gallegos sing of their hasty flight,
while from their homes in the lonely villages
loved-ones, wives and children bewail their plight;
now the abandoned fields are still,
and as we cross that iron bridge,
Galicia is out of sight.

Now we are approaching Leon,
and the sound of the gaita joins the chorus
of voices, —a chantada with songs from
Vilaboa, Lugo and Ourense,
songs of green hills, valleys and sandy shores,
ballads of famous gallegos who set right wrongs;
and as we near the burnt-up fields of Old Castile
they sing of the magic of woods and moors,
where fairy castles stand guard,
and the little folk from the castros
charm the arvests, bring sun or rain,
and make this land
the greenest and richest
in all Spain.

Today the villages and hamlets of Galicia
are still; the children mourn the absence
of their parents, and grandmothers
find new life
caring for their children's children;
at night when the pine is burning in the hearth,
and the children are ready for bed,
letters bearing foreing stamps are read,
but already little boys are making plans,
for the way to England
is a well-trodden path.

GERALD DENLEY
Galicia, 1972

HISTORIAS DA MIÑA TERRA: O HERDEIRO DA DEGOLADA

— 1 —

Xa era un mozo feito e dereito e nunca tivera cinco pesos pra tirar riba do mostrador da tenda nos días de feira, como os tiñan os outros que non eran herdeiros nin naceran en casa fidalga, e o Gustavo, pra non ser menos, afixérase a fuxir dos mozos e das mozas. En vida da súa nai inda iba ás festas con un peso que ela lle metera no peto sacándoo de onde podía ca axuda de Xusta de Puñago, que era unha tumba pra os segredos e vendía a lá dos colchós, as fabas, as castañas, as patacas... sen que alma nacida soupera de dónde eran.

Mais a mai finárase inda nova, e o pai fixérase máis famento, se é que eso podía ser. Levaba conta de todo, e todo tiña que pasar polas súas mans. Os fillos comían na cociña do pote dos criados; as febras e os ovos eran só pra il, e, cando remataba, il mesmo gardaba baixo chave na alacea as sobras e a botella do viño. Os pequenos farrapentos, como si foran fillos dun probe, andaban aos niños e ás mozas, mais ao Gustavo facíao traballar como se estivera a xornal "pra que un día sepa gobernar o seu e non se lle esfarele todo nas mans coma aos seus tíos, que, con tanto luxo e tanta folganza han de verse polas portas".

E o rapaz non saía das súas terras, tan alonxadas da carretera, da eirexa e das outras casas boas da parroquia. A larganza da Degolada era muita: mantiña oito vacas e dous bois, e facían unha ceba que daba xenio; e todo iba pra os tratantes, que viñan de ben lonxe, sabendo que poucas veces podían mercar xamós como aqueles. Cada ano facíase "unha corta" que deixaba unha boa presada de cartos, e, tanta era a madeira da casa, que case non se advertía.

Don Gustavo andaba a berros pola casa e polas terras. Decía que as contribucións e os xornaes levábanlle todo o fruto. Aos carpinteiros xa non quería velos na casa: había que darlles viño e compango, e o xantar e o cear. ¡Pronto pedirían café e copa! Se se facía un burato, arrincábase unha táboa de outro sitio, e con dúas puntas xa estaba o burato cuberto, e eso ben o podía facer o lacazán do seu fillo cando a auga non permitía traballar na terra.

O herdeiro calaba sempre. En canto podía íbase pra a fraga, ou pra a canteira ou pra o faiado, e matinaba, e matinaba... Matinaba nas súas riquezas. O pai inda non era vello, e estaba rexo, mais aos carballos fortes tamén os fendía o raio, e, senón, os anos non se detían, e, por outra parte, canto máis vivira, máis lle xuntaba. Il non sabía muito de contas, porque tivera ben pouca escola, mais nunha coviña que descubrira na fraga tiña unha pila de coios bran-

cos e mouros e debaixo do altar da capela, abandoada dende a morte da mai, outra pila máis cativa de seixos pequenos e feitiños, que il buscaba no fondo do río. Cando se vendían os xatos, os pinos e as fanegas de pan, o herdeiro falaba algo e escoitaba máis hasta que chegaba a saber, pouco máis ou menos, o que seu pai collera pola venda, e entón, mui ledo, percuraba seixos e levaba pra debaixo do altar os máis guapos que atopaba. Cando se vendían as patacas, as fabas e os xamós, iba polos camiños enchendo os petos de coios e levábaos á cova do fondo da fraga. Un coio era un peso; un seixo, cen pesos. Nas tardes de festa íbase pra a fraga, e, con muito xeito, iba facendo piliñas de dez coios. Cando tiña dez pilas, cortaba un ramallo e prantábao diante da cova; e entón, mui ledo, adivirtíase tirando un a un os coios lexos de sí. Cos ramallos na man íbase cara o río: cada ramallo, un seixo; e cada seixo, un ramallo que levaba a corrente. E baixo do altar, os seixos, brancos e feitiños, estaban en rea, de dous en dous, como os nenos da escola cando saían pra o recreo.

— 2 —

Cando o dos foros, muitas pilas tivo que facer, e xa non eran de coios. ¡Eran pilas de seixos!, Don Gustavo andivera aquela tempada como se toleara: bufaba, saía a cabalo hastra a vila, voltaba decindo que o mundo voltárase cova de ladróns; iba a falar con outros señores e hastra esquencía pechar a despensa, e os rapaces puideron larpar algún chourizo dos que tiña metidos en latas de grasa. Mandóu chamar ao cabazaleiro de Xustás, que era home mui sabido en leises, e, en canto chegóu, pechóuse con il naquel esparaván que chamaba o arquivo, e o Gustaviño, tremando coma a folla verde co temor de ser descuberto, oíuno todo, ben acurrucado tras da morea de baúles, caixóns, sillas coxas e sacos valeiros que había no currúncho da ventana.

Non había remedio. A lei era a lei, e había que cumprila. Había que vender os foros: ¡Os foros de seu pai, de seu abó, de seu bisabó! ¿non eran seus? ¿E por qué había de vendelos se non quería? ¡Ladróns, máis que ladróns! ¡Os capós, as truitas, o carro de castañas, as balugas, o grau e toda aquela riqueza que entraba cada ano polas súas portas! ¡Ter que vendela, e vendela ao precio que lle poñían! ¡Desgraciados, mortos de fame, que nunca souperan o que era cobrar rendas!

E como a Degolada tiña muitos foros, e a documentación mui en regra, valéronlle 15.000 pesos —¡unha miseria pra o que valían!—. Cando o herdeiro ouvíu tal, non sabía cómo iba facer cos seixos. Fixo pilas e reas hastra que quedóu ben imposto: dez seixos eran ¡mil pesos! Entón andivo polo río buscando e atopando unhos seixos grandes que semellaban riles brancos. Cada ril, ¡mil pesos! ¡E qué morea de riles tiña xa!

Ben sabía o rapaz que había que pagar a contribución e o consumo e os xornáis, e que había que mercar os abonos mineráis, as ferramentas e todo o demáis; mais pra iso tiñan que dar os réditos, que os cartos tiñan que producir no Banco, porque Don Gustavo nunca poñía cartos a medrar pola aldea. Non: eso non. Nunca os da Degolada fixeran tal, e pra máis, nunca se esquencera de cando, inda neno, atoparan na canteira o corpo desfeito do tendeiro da ca-

rretera. A Xusticia faláranlle de un barreno, mais ao redor da lareira os homes e as mulleres contaban dos que o tendeiro botara polas portas porque non lle puideran pagar os réditos. Non, Don Gustavo non quería réditos nin empeños. Os Bancos —decía— fixéranse pra tornar os ladróns. E, de vez en cando, marchaba co seu vello maletín no coche de línea e, cando volvía pola noite, pechábase no arquivo denantes de nada. O Gustaviño, albiscando polas pechaduras e polas regandixas, ben sabía que no maletín iban só papéis e unhas presadas de prata e outras de calderilla. Os billetes, en sobres, levábaos seu pai nos petos do chaleco que se poñía por baixo da camisa.

Tamén Don Gustavo mercaba canto de bon se vendía en muitas leguas á redonda; mais por esto o Gustaviño non facía menguar a pila dos seus seixos. Esto iba a conta do que o pai aforrara namentras el inda era neno e non dera en levarlle a conta dos cartos que empetaba.

E a conta medraba e medraba, e o rapaz, deitado na fraga, matinaba en todo o que faría cando tantos cartos e tantas riquezas fosen súas. Pra apartar a seus irmáns abondaba con todo o de lonxe: só un tercio pra cada un do tercio que había que repartir. A Degolada era a casa máis rica do contorno porque sempre houbera maiorazo; e pra que o seguira sendo, o Don Gustavo mercaba o que vendían os seus cuñados e outros fidalgos, e os que, non tendo pra repartir cando morrían os vellos, vendían os seus leiros pra ter pra os pasaxes. Deste xeito non lle meterían o dente ao que sempre fora dun só, e naide lle podería poñer o pe diante ao señorito da Degolada. Agora el, o herdeiro, estaba alí só e afastado por non ter cartos. Xa chegaría o desquite...

— 3 —

E chegóu de súpeto; cando naide o agardaba. Don Gustavo chegara cedo da feira con muita prisa pra rematar a sega; os mozos xa se tiñan que presentar no Axuntamento; a guerra era cousa feita. Pola mañá marchóu a cabalo pra coller o primeiro coche da línea. No maletín metera papéis e libretas que gardaba na caixa de ferro.

O herdeiro, por si adiantaban a sua quinta, fora pirmeiro á capela a meter os, seus seixos baixo das táboas da sacristía que volvéu a cravar e a cubrir co polvo de tantos anos, e despóis á fraga a enterrar os seus coios do pé da Pena Partida, pra non se esquencer do sitio, e voltóu pra a casa sin prisas, pois o pai non chegaría hastra a noite, como de costume. Mais Don Gustavo chegara a mediodía e nin se decatara da falta do fillo co traxín que se trouxera dende a súa volta: non berrara con naide, non pedira contas de nada; tirara ca cravata e co colo riba dunha mesa e andivera pra riba e pra baixo dende as cuadras ao faiado; dende a capela ao forno, e botárase fora sin quitar as botas nin o traxe novo. Cenóu de prisa e foise pra o arquivo. Pola mañá atopárano morto; inda estaba quente, pero non se deitara.

— 4 —

O herdeiro dispuxo un enterro por todo o alto. Qué viñeran tantos curas como se puideran xuntar. E polo coche de línea mandóu unha esquela pra a primeira páxina do diario polo propio que había de traguer a caixa máis luxosa que atopase, a máis grande coroa que lle fixeran e o luto pra os tres irmáns. A comida na fonda da carretera. Cartos había de abondo, e era tempo de que empezasen a soar. ¡Cánto lle tardaba quedarse só pra emprencipiar a rexistrar e a contar!

— 5 —

Na caixa de ferro, a libreta de correos, con duascentas pesetas, outras dúas con quinientas en cada unha, e unhos poucos pesos: Naquel seu último viaxe, retirara o difunto o resto, que en total, non chegaba a dez mil pesos, ¡unha miseria pra o que il tiña! Aquelo non era. Aquelo debía o ter a man pra algunha compra que tivera no maxín. Craro, non se iba contentar con ter tantos cartos producíndolle o un.

¿E o groso? Os seixos non mentían. Seu pai non gastaba: nin luxos; nin estudos pra os fillos; nin xogo; nin mulleres; nin larpeiradas. Eran muitos miles os que levaba feitos. Os seixos non mentían.

Traballo lle costóu pagar o enterro. Nos bancos xa non daban nada do que neles se tiña, e ben pouco lle remediarían aqueles centos de pesetas que o difunto deixara, seguramente porque xa non lle permitiran liquidalas ou pra pasar máis desapercebido. Na casa só atopóu os pesos da caixa e unhos poucos billetes de cen no peto do chaleco que tiña posto o difunto. Nin siquera os miles que retirara o día da súa morte. A comida do enterro foi a primeira partida que lle apuntaron na fonda. O patrón non tiña ningunha prisa de cobrala.

— 6 —

De día e de noite o mozo cavilaba no misterio. Iba aos Bancos, aos abogados, ao Notario...

Non había dúbida: Seu pai escondérao todo. Recordaba ouvirlle cómo o abó, no tempo da carlistada, salvara as onzas enterrándoas debaixo do poleiro.

Agora estaba craro por qué non se despira aquela noite. Mais... ¿Dónde?... ¿Dónde? A casa era grande. Os faiados tiñan ducias de vigas. Casetos e pendellos habíaos por todos lados.

Seu pai era listo, e tivera estudos. Facíao todo ben. Pensaría nos ratos e na lentura; xa non eran os tempos das onzas. Agora eran billetes: papel ao fin; papel que os ratos podían roer e a auga desfacer. O escondite buscaríao seguro, desimulado, e que estivera sempre baixo a súa vista. Non era cousa de que llo limpiaran ao menor descuido.

E pra máis, había que pagar por todo. ¡Pagar pra poder ser dono do que era seu pola lei de Dios e dos homes! ¡Co testamento tan ben feito!

— 7 —

Don Gustaviño xa non dormía nin acougaba. Ás tantas da noite viñalle ao maxín o pensamento dun burato que non rexistara, e aló se iba. Se atopaba aos irmáns por algún curruncho, sospeitaba que tamén andaban á busca. Se viñan xornaleiros, estaba ao pé deles hastra que se iban: non foran a dar co "gato" por un casual.

— 8 —

E comenzóu a desfeita. Buscando o tesouro descuidóu as terras, o gando e a facenda. Desfacía paredes e tellados. Pra máis, chegóu a multa dos dreitos reás e tivo que pagar oito mil pesos pola vía de apremio. Malvendéu as dúas carballeiras, as vacas e os bois pra abonalos. Botóu aos caseiros porque xa non os precisaba e, en canto puido, apartóu aos irmáns pra alonxalos. Pra pagar o consumo e a contribución iba vendendo o que quedaba na casa, e os santos da capela e hastra o aderezo de boda da súa mai. Despóis tivo que empeñarse cando na casa xa non quedaba máis que vender. A propiedade era mui grande e, inda que xa non rendía, as cargas eran as mismas e o fondista sempre tiña remedio pra os apuros de Don Gustaviño.

Só, na grande casa de pedra, pasaba muitos días cunhas mazás e algún ovo das pitas que inda quedaban buscando qué comer pola terra do pe da porta. Vestía a roupa que fora de seu pai hastra que se lle caía a pedazos, e furaba e furaba hastra que caía rendido riba dun xergón nas camas que xa nunca se facían nin se mudaban.

Por veces, o fondista ousequiábao cun pipote de viño e unhas pezas de pan trigo, e don Gustaviño firmáballe os recibos que lle presentaba, e xa non facía máis que desfacer paredes e descravar táboas que xa nunca se volvían a cravar, e os réditos medraban tanto que houbo que sacar a subasta a Degolada.

A Degolada, lonxe da carretera, cas terras a monte, as carballeiras calvas, as cortes valeiras, as paredes desfeitas, chovendo na casa como fora... non tivo postores, e o fondista quedóuse con ela. No tesouro naide pensaba. Inda que se atopara, pra nada serviría. Don Gustavo morrera antes que fora obrigado o canxeo dos billetes, e os antiguos xa non tiñan valor.

— 9 —

Un vello tolo e farrapento anda polos camiños levantando pedras e furando nos valados. Os nenos fan risa de il amosándolle pesetas douradas e decíndolle dónde as atoparon, porque saben que alí furará hastra non poder máis. Nalgunhas casas déixano dormir na palleira e danlle unha taza de caldo e un cacho de pan, e algunhos vellos dicen que foi maiorazo e inda lle chaman Don Gustaviño da Degolada.

MARIA SILGAR
Santiago

RUBINDO Á LÚA

Daquela, cando me socedéu, era eu un neno. Debía andar polos dez anos. Era un rapaz coma ti, coma vós, coma todos. Pero tiña unha arela moi grande: quería chegar ondia lúa, esa lúa tan fermosa que todas as noites contempraba desde a miña fiestra. Cando despóis da cea, ía pra a miña habitación, o primeiro que facía era mirala. Sempre a vía igoal: tan xeitosa, tan lizgaira, tan surrinte. Semellábame que se ría cara mín e pra mín somentes, e sóio de pensalo, púñame a tembrar, pois eu... ¡eu quería casar ca lúa!

Escomenzéi a cavilar nunha idea: tiña que rubir onde ela estaba, e falarlle, e mirala, e bicala, e... Pero ela non me faría caso —coidaba eu— porque "son un cativo, ela está moi alta, e ten moitos amigos, o sol, as estrelas, o ceo, as nubes. Mais se cadra non tivo endexamáis un amigo pequeno coma eu, un neno. Ela é moi amiga dos maiores. Eso séino ben. Eu sempre vexo aos mozos e ás mozas falar ca lúa... Non séi qué lle contarán. Gostaríame sabelo. Quixera ser xa maior pra lle falar eu tamén. Pero sóio teño dez anos. Non, non podo agardar tanto tempo chegar a ser o seu amigo. Teño que conseguilo denantes".

Entón foi cando o decidín. Ao día seguinte, de mañá, emprendería a miña viaxe. O camiño era doado. Iría todo seguido hastra chegar ao pé da montaña que tiña de fronte á miña casa. Unha vez alí, a cousa estaba feita: non tiña máis que rubir a montaña. Iría polo cortafogos pra non me perder. O tempo... bon, eso non me importaba. Xa chegaría. De outra banda, non me ía levar moito. Si saía ao mencer, pola tarde podería estar ao pé da montaña. Faría noite así que escomenzase a escurecer. Ao día seguinte, axiña de me espertar, seguiría a miña viaxe. Pola noite xa podería chegar ao cumio. O tempo non era moito: dous días e unha noite.

Como o matinara, atal o fixen.

Erguínme cedo. Collín o que puiden pra xantar e un cobertor pra a noite. Polo día todo marchóu ben. Mais cando chegóu a noite, non puiden avantar un paso máis. Facía moita friaxe, a máis o vento bruaba coma o mar nunha tempestade e tiña medo que me levara con el, tan miúdo era. Arranxéime antre unhas arbres, e, apesares do medo que tiña, aínda trasbaiéi un pouco.

A lúa, coma de cotío, fitábame e axexábame por antre as nubes. Agora non podía voltar. Tiña que rubir, rubir. Xa estaba máis perto déla. Víaa moito millor. "Mañán a estas horas estaréi con ela", coidaba.

E, ao día seguinte, rubín hastra o cumio. Cheguéi denantes de anoitecer. Dende alí dexergábase todo ás maravillas: a miña aldea, a eirexa, o río, os montes que tiña enfrente. O que non vía perto de mín era o ceo. Desde a miña casa eu ollábao sempre e víao a rentes do cumio. "Cicáis pola noite se achega máis a nós, o mesmo que a lúa e as estrelas..." ¡A lúa! Ao pensar néla tremaba. Non fallaban máis que uns intres pra atoparme con ela.

Anoitecéu. O ceo seguía no seu lugar. Non descéu xunto ao cumio. Saíron as estrelas, saíu a lúa... mais eu seguín arredado de todos. Estaba todo tan lonxe como desde a miña fiestra.

Entón decatéime: "teño que medrar, sóio así poderéi ser o seu amigo".

Escomencéi a baixar. Tiña andado un intre cando ouvín: "¡deica mañá!". Voltéime, miréina e vín que me surría. Nese intre viña moi pertiño de mín. Daquela fun feliz.

AURORA MARCO
Santiago

NO 1.º DECENIO DA REVISTA "GRIAL"

A revista GRIAL, coma publicación periódica trimestral, ten cumprido dez anos ininterrumpidos de vida. O seu propósito queda, i está á vista. Pero, millor que ouvirnos i explicármonos a nós mesmos nesta primeira década, temos preferido recurrir ao discurso testemuñal dos leitores.

Ninguén millor que estes amigos, alonxados ou inmediatos, asíduos sempre, pra enxuiciar o acontecemento.

Nas páxinas que siguen reproducimos as comunicacións que, ao noso requerimento, nos foron amabelmente remesadas polos Profs. Dámaso Alonso e Zamora Vicente (Madrid), Rodrigues Lapa (Lisboa), Joseph M. Piel (Colonia), Giuseppe Tavani (Roma) e Agostinho da Silva (Brasilia).

Outras, tamén por nós solicitadas, non chegaron a tempo no intre de pechar este número.

DIRECTORA DE LA CULTURA DE UN PUEBLO

Grial me parece admirable ejemplo de lo que puede ser la revista directora de toda la cultura de un pueblo. Una vez avidamente abierta a las varias direcciones del espíritu, para traer de todas ellas generosos mensajes hasta el centro querido, Galicia; y desde él, revertir hacia el mundo exterior todo lo que Galicia significa, en el presente y en el pasado, lo que es y lo que produce, y predecir y predeterminar su indudable espléndido futuro.

Dámaso Alonso

Catedrático de Universidad
Director de la Real Academia Española

VERDADEIRA EMPRESA DE CAVALARIA ANDANTE

Pedem-me que escreva umas linhas sobre este caso insólito: a sobrevivência, para além de uma década, desta revista, com um título sugestivo e promissor, arrancado aos velhos romances da Távola Redonda. Fá-lo-ei com satisfação, num estilo por vezes antergo e nublado, sugerindo atmosferas da novela arturiana.

Sem estímulos oficiais, antes pelo contrário, como sucede em publicações deste género, "Grial" surge-nos efectivamente como verdadeira empresa de cavalaria andante, que encontrou o seu Quixote na figura nada esquipática, antes jovial e sorridente, de Francisco Fernández del Riego. Que fins persegue este homem nada misterioso e os companheiros que lhe assistem? Em que fito põe os olhos, onde está a sua Dulcineia? Já sabemos que a meta ideal é a Galiza, uma Galiza que reverdeça para a vida e para uma cultura autenticamente enxebre.

Convém, de toda a guisa, saber se o herói leva consigo algum Sancho Pança; porque estas andanças do irrealismo sublimado, se não têm a temperálas o bom senso malicioso de escudeiros como ele, podem cair por terra, como por vezes caiu o cavaleiro manchego. Admitimos que o leva, pois esta casta de gente é muito achadiça em terras da Ibéria. E bem precisa lhe é, pois a cultura galega parece estar numa daquelas encruzilhadas que tantas vezes fizeram hesitar os cavaleiros do Graal, em demanda da Graça.

Parece ou é certo? Uma das mais instantes missões da companha do "Grial", onde soaram as primeiras vozes de alarme, é definir em termos concretos se existe realmente uma crise da cultura galega e se o idioma está em perigo. Também nós, num artigo sobre a recuperação literária do galego, transcrito no n.º 41 da revista, não enxergámos o porvir cor de rosa. Não é positivamente um dobre de finados, pois o galego não pode morrer: sobreviveria no português, sua pulcra expressão literária, a que presidiram, através dos séculos, à míngua de nacionais da Galiza, dois extraordinários escritores de origem galega: Luís de Camões e Fernando Pessoa. Mas cumpre a uma revista como "Grial", o órgão mais autorizado da cultura galega, tomar sobre si o estudo e averiguação deste problema crucial.

Uma coisa é certa: é chegado o momento das grandes opções, olhando para o passado que tem muito ainda que dizer, considerando as realidades do presente, que não são muito alviçareiras, e escrutando as promesas do futuro, que serão cumpridas, se os homens quiserem, com vontade de

homens. Um belo programa para os cavaleiros do "Grial". Que sejam "bem andantes", como se dizia na língua desse tempo, que ainda não estava tão misturada como a de hoje em dia.

M. RODRIGUES LAPA
Antigo profesor das Universidades
de Lisboa e Belo Horizonte

SIGNIFICATIVA Y EXCELENTE

La revista Grial *es verdaderamente significativa y excelente. Da fé de vida de la honda y grave preocupación intelectual de las gentes de habla gallega. Y lo hace sin localismo rancio, sino con ese aliento seguro y firme, que lleva de lo local y regional a lo universal. Puede codearse sin desdoro con las revistas de mayor empuje. Sus diversas secciones ponen sobre la mesa una tarea intensa y consciente, sin apasionamientos trasnochados, sino vestida de eficacia y verdad, que conduce, derechita, a suponer algo en el conjunto nacional.* Grial *ha sabido escoger el camino más llano de sentido dentro del quehacer intelectual, con sus esguinces, sus curvas peligrosillas, pero con meta segura. En la entrevista diana, no es difícil percibir ya, después de los cuarenta y tantos números publicados, un fruto maduro: la dignificación de la lengua gallega como vehículo de alta cultura. Y eso, repito, sin lirismos huecos, sin rimbombancias oratorias, tan quebradizas, sino por el esfuerzo colectivo y la entrega total. Deseamos a* Grial *una larga vida, llena de logros, de manifestaciones brillantes que satisfagan su vocación de permanencia.*

ALONSO ZAMORA VICENTE
Catedrático de Universidad
Secretario Perpetuo de la R. Academia Española

ÓRGÃO LITERARIO E ESPIRITUAL DA GALIZA

Quem teve a possibilidade de acompanhar, fascículo por fascículo, a carreira deste tão eficaz como discreto órgão literário e espiritual da Galiza, não pode deixar de ficar impressionado pelo abnegado esforço que a sua publicação representa por parte dos seus organizadores e editores, ao serviço de uma nobre causa: a restauração e dignificação de um idioma que, dos mais ilustres no séc. XIII, teria merecido

melhor destino. Dez anos de vida, com 40 números publicados num ritmo sem falhas, significam muito para uma revista com esta índole e com um leque temático tão largo que faz com que pràticamente não haja ninguém que não encontre em cada fascículo alguma coisa que fale à sua sensibilidade, como sucede com o autor destas linhas, o qual, no limiar da segunda década da vida de Grial, *felicita os seus animadores pelo desvêlo com que se dedicaram à sua missão, com resultados aliás, que já são muito mais do que simples promessas.*

JOSEPH M. PIEL
Profesor das Universidades
de Colónia e Lisboa

AGILE, MODERNA, VIVACE...

GRIAL, *che ho avuto la fortuna e il placere di seguire ininterrottamente dal primo numero della seconda epoca, si pone come un punto fermo nel rinnovamento culturale in corso da oltre un decennio nelle terre di lingua galega: il processo di maturazione, presso gli intellettuali di Galizia, di una coscienza globale dei problemi della comunicazione e dell'espressione ha trovato proprio nelle pagine di questa revista —agile, moderna, vivace, ma fedele in tutta la sua storia ad un sempre più deciso livello di serietà scientifica— un arengo privilegiato, oltre che un efficace strumento per la diffusione delle proprie conquiste tra i fruitori dei prodotti culturali.* GRIAL, *in effetti, ha contribuito in misura determinante a distoglieri l' "intelligentsia" galega dal regime di monocultura lirica di tradizione romantica, per invitarla e quasi obbligarla ad ampliare i propri interessi al di fuori dell'*hortus clausus *di una letteratura di* élite *e per spingerla ad analisi critiche non più solo dei fatti sovrastrutturali della letteratura ma anche degli aspetti saliente (sociali, linguistici, economici) della struttura, alla ricerca degli sparsi ma vitali frammenti di una nazione dispersa e negata, alla ricomposizione di un'unità socioculturale autonoma, dotata di una propria individualità. In quest'opera di ricerca, di analisi, di ricomposizione,* GRIAL *ha indagato instancabilmente l'eredità del passato e la multiforme realtà dell'oggi, avviandone la sintesi organica in una dimensione storica sfavorevole ma al tempo stesso stimolante. L'augurio è che l'ópera intrapresa sia continuata senza cedimenti né incertezze.*

GIUSEPPE TAVANI
Delle Università di Siena e di Roma

Com o tempo e espaço reduzidos que tenho pela frente e com o desejo maior que qualquer outro de celebrar a rija e rica vida de Grial, *parece que o melhor sería começar logo por aí, a iso, que não é pouco, me limitando. O que acontece, porém, é que o meu poder de autodisciplina é mais do que pequeno, como ibero que sou, e que dificilmente resisto ao que se me apresenta como tentação, e que me tem trazido, devo dizê-lo, muito de mau e muito de bom, tão complexo é o mundo e tão misturados andam os frutos das árvores do viver e da ciência.*

Pois o que me apeteceu dizer-vos para início de conversa, em lugar de vos expor, quanto posso, tudo que há de grande e belo na vossa Revista, é que, embora muito amante da sabedoría, de modo algum me posso considerar um filósofo; logo o soube, ainda na velha Faculdade de Letras do Pôrto, o agudo, intuitivo Leonardo Coimbra, muito bem o diagnosticou António Sérgio, que habitava num hemisfério de pensamento bem diferente do de Leonardo, e não tiveram dúvida alguma sôbre o assunto os homens de ciência, e não só, com quem trabalhei e convivi no Manguinhos do Rio de Janeiro. Para desconfiança de Leonardo, mantinha-me bastante longe da filosofia que se ia publicando e entendia melhor as consoantes do indo-europeu do que o problema dos universais; para Sérgio, o defeito era a ausência de lógica e o instalar-me em conclusões antes de averiguar bem as premissas; e sabiam bem os do Rio que não havia página de filósofo que me pudesse prender tanto como anatomia de insecto.

Com tudo isto assente —e ainda por minha parte poderia agravar com tôda a verdade o julgamento dos mestres—, o que me espanta é que as minhas idéas metafísicas, se é que são idéas, se encontram bastante firmes e que, graças a elas me sinto imensamente tranquilo nestas cambiantes estruturas do mundo o relativamente paciente perante todos os enganos ou desfalecimentos humans, tanto meus como alheios. Não as tendo pensado, as idéas, hesito entre várias hipóteses: a de porventura ter herdado as sobreditas com algum dos ácidos nucleicos; a de haver nelas recordação de alguma página de pensador, logo esquecido êle, infeliz ou felizmente; ou, o que sería o mais belo de tudo, mas o mais difícil de aceitar, por causa de uma humilde desconfiança, a possibilidade de haver gente que, sem outro mérito, atinja o já não filosofar despois de não ter filosofado nunca, o que renovaria Platão, o qual achava, se bem o entendo, como diria Sérgio, que se pode e até deve deixar de filosofar, depois de ter filosofado muito, por se ter então atingido a verdade (ou o nirvana, à Buda); e aqui vai já uma explicação, para algum leitor crítico: o meu interesse por Platão é filológico, não filosófico; mas sempre se pega alguma coisa.

E agora nos vamos aproximando do ponto. Uma das tais idéas, convicções ou manias lida directamente com Deus, vejam só em que estamos. Depois de o crer como ao mesmo tempo existente e inexistente, consoante o considero com o mundo fenomenal inexistente ou existente e dando-me por aí excelente apoio para acreditar que me não separarei em vida eterna —repare-se, por favor, em que não escrevo na *vida eterna— de meus amigos ateus e que até se enriquece Deus com a existência de outros amigos meus, os agnósticos, parece-me que a noção mais clara que de Deus tenho é a de que é êle o que tem como única lei a liberdade —ao paso que temos nós, em circunstâncias normais, como única liberdade a lei— e que é êle também o ponto único em que a só coisa fixa é o inventar perpétuo, e ponto único, vou dizendo mais, que não tem dimensão alguma e é o elemento construtivo de tôdas as extensões, as de mestre Euclides, ou as paralelas, ou as divergentes.*

Pôsto isto, e arrumada a metafísica em armário, para que a vida, por ela andar bailando na cabeça, se não torne de névoa —e proporia que no vocabulário português se cultivasse a linda brétema *a par de névoa ou bruma—, direi, quanto a homens, e a bichos e plantas e pedras, que o que me interessa é o que neles é caminhar da lei à liberdade e do extenso ao ponto, sem que nem um nem outro elemento se percam, porque não quero nem ascetas artificiais, como os "gurus" e "swamis" que, desvalorizados no mercado local, apesar da vaca sagrada —só certa se tôdas o fôsem— e da deshumana miséria a que, parece, se não quer pôr cobro, inundam o chamado mundo ocidental (e diria o Pessoa que há sempre un ocidente de outro ocidente —meu inextenso Deus, como se ignora ainda que é redonda a Terra!), nem quero também as falsas plenitudes e vivências que são apenas um vogar à toa, sem rumo, leme, ou vento ou hélice.*

Por outras palavras e sem tão longos períodos, defeito meu, porque tenho a tendência de dizer as coisas umas dentro das outras e não umas a seguir às outras, como aconselhava o mediterrâneo Azorín, tenho como Deus, ideal, remédio, receita, razão de vida, a coisa simples, clara e pura que se chama liberdade; e vou tão longe nisso que nem me importo muito com o problema de se ela existe ou não nas estruturas do mundo e me toca pouco a crise da física entre determinismo e não determinismo; creio, além de tudo, que são coabitáveis, mas não é preciso agora deixar bem patente que na verdade não sou filósofo, e vamos adiante; mas, mesmo que fôsse demonstrado que a não há no mundo êste, ainda a poria eu como a marca essencial do homem, sua saudade de quando era Deus e sobretudo sua saudade de vir a ser Deus (a saudade para mim é positiva e motriz). É-se libre é-se homem; quer-se ser livre quer-se ser homem. Resignamo-nos a não ter liberdade, pa-

ra o mau ou para o bem, que não importa, para a experiência nossa, e é não so de humanidade que se abdica, porque —lá vem a física— até as coisas, sob a lei, ocultam liberdade: abdica-se de existir; é-se coisa alguma; nada. Mas como, por fatalidade, se continua a existir, é-se assunto de náusea. Como disse o poeta, vomita-nos o Céu e nos vomita o Inferno.

Se, quanto à essência, se me define o homem por liberdade, a que reclama para si e a que não tira a ninguém, diria eu que se me define quanto a fenómeno, não por pensar —sei lá que pensam e como pensam pintassilgos (gostaría também de poder dizer xilgueiros *en Português ecuménico) ou meus amigos gatos—, mas por falar; fala, é homem livre, e que outro há? Não fala, não é livre, nem homem, nem coisa. Se assim é —vejam os meus amigos como o não-filósofo está tentado ser lógico— a língua é a mais íntima das propriedades do homem, a que não deve largar nunca ou, se algum dia a perdeu, a que deve recuperar sempre.*

Suponho ser êste o ponto essencial do que se refere à Galiza e a cada homem galego; perder foros é grave, mas não é fatal; perder economia é desastroso, mas não arrasta a morte; perder gente, é deshumano, mas não liquida; mas como é possível deixar de falar (ou escrever) a súa língua? Sei que houve Isabel, Carlos V e os Filipes, e outros, e não discuto o papel que tiveram na história; mas, a pesar de todos os outros méritos que podem ter tido, discuto, como lamentável, a atitude dos intelectuais galegos que, por esta ou aquela razão, deixaram de escrever em sua língua, e até de a falar; e se grave foi a falta dos que pecaram para bens de fortuna, posição social, cómoda paz de viver ou por medo, mais grave ainda me parece a dos que o fizeram para que suas obras ou suas idéas pudessem ter mais ampla divulgação; trairam o espírito em nome do espírito. Nobre foi o povo, grande foi o povo, profundamente humano foi o povo: galego era, galego falava; nem isolamento, nem desprezo, nem fome, nem ignorância o tiraram daí; os reis venciam aos de cima; mas a arraia miúda, *como no Portugal de Fernão Lopes ou no Brasil de Euclides da Cunha, ficóu fiel ao futuro. Mesmo que o galego para mais nada servisse senão para que cada homem galego desse testemunho de sua liberdade perfeitamente cumpriria sua missão; não teríamos que lhe pedir livros de literatura ou de ciência; nenhuma obrigação de ser língua culta: todas as obrigações de ser língua livre.*

Felizmente, foram os intelectuais galegos dos primeiros a entender no mundo que a renovação das nações, se é para durar, tem que partir do povo; houve quem não desse ouvidos às sereias que apontavam como veículo a imperial majestade do castelhano ou, por causa do galaico-português (designação de compromiso como a de luso-brasileiro), a extensão geográfica e populacional do português. Modestamente se prin-

cipiou por uns versos de almanaque ou uns recitativos de Assembleia; confundiu-se galego e folclore; mas a chamazinha pegóu, quem sabe quanto ajudada pela saudade dos emigrantes, incendiou o génio de Rosalía ou de Curros ou de Pondal, depois se pôs a contar histórias e verificou a língua que era apta à ficção, se arriscou ao ensaio e entrou a filosofar e a inventar economía ou política; e hoje, quem não ler galego, pode estar ignorando a poesía da mais progressista, a novela da mais realista e poética, a crítica social da mais percuciente e desassombrada, a filologia da mais precisa, a filosofia da mais original e rigorosa, a economia da mais científica que existe na Península.

Bem gostaria de pôr aqui nomes, como quem planta marcos miliários numa estrada, mas os tería que pôr todos, desde os floridos oitenta anos de Otero Pedrayo até os vinte ou trinta de Conde Cid ou Casares, o que sería longo; e, para ser curto, omitiria. Então, a receita a dar é muito simples para quem, sobretudo na área do português, com Portugal, Brasil, ou, esmiuçando ainda, Angola, Guiné, Moçambique ou Cabo Verde, Macau ou Timor, para já não falar em comunidades de tradição portuguesa como a de Mombaça, a de Goa ou a de Malaca, nen nos três, quatro ou cinco milhões de emigrantes —ninguém sabe ao certo quantos são— se interesse pelo futuro do mundo ibérico, o que fala castelhano ou galego, português ou catalão, basco ou a variedade de crioulos de América, África ou Ásia, a receita, dizia eu, é a de pegar na colecção de Grial *e aí ir vendo como, atraves de artigos originais, notícias, resenhas críticas, acôrdos ou polémicas se afirma o progresso da cultura em galego; se era dos que pensavam que galego é coisa de rústicos ou que bem fariam os intelectuais galegos em escrever castelhano ou português, mudará de idéas e, se for de espírito crítico ou de imaginação, se porá com comparações e com sonhos.*

Uribe Villegas, Oscar. *Sociolingüística: una introducción a su estudio,* Instituto de Investigaciones Sociales, UNAM, México, 1970.

Wagner, M. Nathaniel; Marsha J. *Chicanos: Social and Psychologial Perspectives.* The C. V. Mosby Co., St. Louis, 1971.

Weinreich, Uriel. *Languages in Contact,* Mouton & Co., La Haya, 1966.

SALVADOR RODRÍGUEZ DEL PINO
Universidade de California
Santa Bárbara

FERNANDO PÉREZ-BARREIRO, TRADUCTOR DE SHAKESPEARE: VERSIÓN GALEGA DO "MACBETH"

O destino das grandes obras é chegar á mente e ao corazón dos pobos. Sendo a lingua ese sangue da alma, que diría Unamuno, e por tanto, o vencello entre o corazón e o cerebro do home, para acadar a devandita situación, toda obra importante debe ser traducida ao meirande número de idiomas.

Shakespeare, con Cervantes, Homero, Virxilio, e o Dante, figuran entre os autores cuio labor acostuma a ocupar a másima atención dos tradutores. A riqueza da súa obra; a beleza estética, a comprexidade moral dos seus versos, dos seus persoaxes, foi dende sempre unha fonte de inspiración para toda cras de esperencias literarias, a tradución incluida. A lingua galega, por outra banda, non podía estar ausente desa cáseque divina liturxia dos grandes creadores literarios. Si Shakespeare tiña xa na Galicia a libérrima imitación cunqueiriá (lembrémonos da escelente esperencia que foi "Don Hamlet"), agora, coa tradución de Fernando Pérez-Barreiro que estamos a comentar —a versión galega do *Macbeth*— vaise consolidar no galego o infruxo sempre benvido do esprito xespirián.

Fernando Pérez-Barreiro Nolla é ben conocido dos leitores de "Grial". Nacido no Ferrol, cando a Segunda República comenzaba os seus primeiros pasos, por entón moi entusiastas, vive nesa cidade galega os tres primeiros lustros da súa existencia. No Ferrol cursa os estudos primarios e o Insino Medio. Discípulo quizáis predileito de D. Ricardo Carballo Calero, amosa moi cedo unha escepcional capacidade para o mundo que acostuma a chamarse das "Letras". Soio, sin cáseque ningunha axuda, deprende o galego, o francés, o inglés, o alemán, e máis que soio, desasistido, chega a dominar o latín e o grego. Andando o tempo, outras linguas (o noruego e o grego moderno, por exempro), veñen a aumentar o seu fabuloso caudal idiomático.

Xa na Universidade, onde cursa a carreira de Dereito, e simultáneamente a de Filosofía e Letras, acada como estudante unha outa estima por parte de mestres e compañeiros (Álvaro D'Ors chegóuno a considerar no seu momento como o máis distinguido dos seus alunos de Dereito Román). Nesta etapa académica, as súas preferencias literarias altérnanse entre a poesía e o teatro, sendo este último unha das súas grandes vocacións, á que, como vemos, continúa sendo moi leal. Pérez-Barreiro introduz no noso ámbito cultural a autores tan dispares como Ionesco e Paul Claudel, Albert Camus e Chejov, sempre tomando deles a súa faceta dramatúrxica.

A súa inquedanza vital, soio comparábel á súa inquedanza inteleitual, lévao a vivir a Londres, cidade onde radica actualmente. Alí ten ocasión de rematar a súa persoal esperencia coa cultura británica, seguindo neste senso unha traieitoria non estrana a un-

ha certa tradición anglo-galaica. Nefeito, xa na Idade Meia, monxes das Illas Británicas viñan a Sant-Iago (e a Toledo) a escoitar aos grandes mestres cristiáns da Eirexa de entón. Co paso do tempo, a relación invertiría o signo de orientación xeográfica, e serán homes galegos, e sobre todo portugueses, os que teñen posta a mirada na sólida e intelixente cultura nórdica. Portugal e Galicia refúganse en España, e xúntanse en Britania.

O Ferrol dos anos cuarenta, ese austero decenio da vida púbrica española, é unha cidade conflictiva. Militares (mariños) e obreiros, dominan o ambente humán dunha urbe neoclásica, de pouco máis de trinta mil almas. Discipliña, traballo, e silencio, soio turbado polas sirenas das fábricas e dos arsenáis, é a atmósfera que respira un picariño en trance de agromar a súa identidade. Pérez-Barreiro non foi un neno precoz, sinón algo moito menos perigroso, e máis fecundo: foi un adolescente precoz, incluso nas súas proporcións físicas. Pero, tras unha apariencia de rápido desenrolo intelectual e corporal, áchase un picariño feble e nervoso, un anaco de esprito movido por un pulo de adrenalina. Máis que soma, aquel rapaz ten ademán; máis que rostro, ten xesto; mans áxiles; voz proteiforme, de pubertade políglota, capaz de espresarse en moitas falas, capaz das máis inverosímiles infresións. Aquel picariño adrenérxico, dibuxaba daquela a figura dun home de teatro. Andando o tempo, o seu destino, nun dos máis felices avatares, sin dúbida o máis afortunado, prantóulle no corazón a presencia dunha moza providencial, que facía o contrapunto da súa persoalidade: fermosa, intrincada en sí mesma, a súa hierática figura era capaz de convertir un muro nun retablo: xesto de esfinxe; ademáns ríxidos; ollar de infindas distancias; voz de koré de traxedia clásica. Tíñanse que atopar; tíñanse que emparellar, pra vivir unha vida no esceario dun mundo en que o pano semella ter caído ao principio, pra poder traballar millor "entre bastidores".

Agora o telón érguese novamente, e aparez na escea *Macbeth*. Os persoaxes e os actores, nada teñen que ver entre sí. Afortunadamente, nin Pérez Barreiro seméllase en nada a Macbeth, nin menos a moza seméllase á torva dona que dí:

> Screw your courage to the sticking place
> And we'll non fail.
>
> (Tí apreta as chavetas do valor onde debes
> e xa verás si atinamos ou non).

De ela, se non podería predicar a hipócrita frase

> Yet do I fear thy nature
> It is too full o'the milk of human kindness.
>
> (Pero eu non fío na túa natureza
> chea do leite da ternura humá...)

A ternura non é humá nesta parella: é heroica, semidivina.E, ¿qué poden contra "os mouros esbirros da noite" ("night's black agents") estes refinadísimos axentes da lus, que, como Goethe, teñen postos os seus deseios na Nada...? Ún traduz; a outra, inspira. Mi-

rándose na distancia de ollos de esfinxe, vese preto (preto, lonxe) Galicia. O tradutor lémbrase da poesía. ¿Cómo superar, de non ser o propio Shakespeare, a beleza destes versos verquidos no recipiente galaico, na sella neolítica dunha lingua en vías de transformación?

Light thicknes; and the crow
Maken wing to the rooky wood;
Good things of day begin to droop and drowse,
Whiles night's black agents to their prey do rouse...

(O resplandor do día vaise poñendo mesto
e o corvo voa cara á fraguiza marmulante.
As boas cousas do día van caendo afogándose
e os mouros esbirros da noite érguense
para ir buscar as súas víctimas).

Pra comprender esta tradución temos que partir da base seguinte: o tradutor é un poeta que intercambia nos seus miolos os engramas como si fosen sonos lacaniás, de doble inscripción, galaica e inglesa. Cada siñificado manifesto é froito dun siñificante latente; si fala siñificantes inscriptos en inglés, son galegos os sonidos do siñificado aparente. O inglés dí: negros axentes da noite; o galego espresa: mouros esbirros; pero negro e mouro, unha dualidade moi xespiriá, son inscripcións que requiren cada unha a súa lingua. Basten os exemplos aducidos pra dar unha pista da estructura desta tradución. Quen seipa atopar os engramas duales, disfroitará do íntimo diálogo entre Shakespeare e o seu discípulo galego. Terá, así, ocasión, de penetrar o segredo vieiro da poesía. Outros farán as críticas convencionáis. Eu, soio podo facer aquí "crisis", non crítica. Crisis de ademiración. E mentras cae o pano, unha voz xespirián ruxe... What's done is done

XOSÉ MANUEL LÓPEZ NOGUEIRA
Santiago

AUTONOMÍA PRA ESCOCIA

Con este títduo e outros semellantes (Home Rule for Scotland) ven a prensa británica falando derradeiramente do plan do goberno conservador do Primeiro Ministro Mr. Heath de descentralizar a administración das rexións aínda máis do que están xa no Reino Unido. En particular, o xefe do goberno ven de decidir unha trasferencia de poderes limitados de Westminster a unha Asamblea elexida en Escocia. O Oficiña Escocesa (Scottish Office, organismo que amostra o degrau de descentralización con que conta o país) xa está a traballar nun "Libro Verde" que esprese as propostas en detalle.

As etnias diferenciadas do Reino Unido é sabido que teñen unha medida considerábel de autonomía, en compranza, por exempro, con outros países europeus. A Irlanda do Norte (que compre non confundir co Ulster, unha das catro provincias da illa de Irlanda, e que abrangue, amáis dos seis condados da "Irlanda do Norte", outros tres, integrados na República Irlandesa ou Irlanda do Sul despóis da partilla en 1920) tiña, até fai pouco máis dun ano, o seu Parlamento, co seu Goberno e Primeiro Ministro, distintos dos respeitivos de Londres. Hoxe, debido á situación de emerxencia, é gobernada por un Segredario de Estado con plenos poderes de Westminster.

O País de Gales conta cunha Oficiña Galesa (Welsh Office) e máis un Segredario de Estado pra Gales. A Illa de Man é completamente independente no lexislativo. As Illas do Canal ou Anglonormandas teñen tamén autonomía case completa e leis propias (que por certo benefician ao inversor que quer evitar os impostos ingleses). O caso do Cornualles (que abrangue ás illas Sorlingas) é especial, pois, a diferencia dos demáis países céltigos, a súa lingua morréu no século XVIII e hoxe está administrativamente integrada a Inglaterra.

Pero Escocia sempre foi a que tivo máis independencia efeitiva, se cadra debido a que nunca foi conquerida polos ingleses (como o foron Gales e máis Irlanda) senón que se xunguiron as dúas coroas (en 1707) por vontade común. Así retiveron un sistema legal e docente distintos (o gaélico escocés, do tronco céltigo, ensínase oficialmente no país, e úsase na radio, televisión e administración, o mesmo que o galés e o irlandés, inda que ten menos importancia ca eles) e máis un Segredario de Estado.

Pois agora trátase de ampliar esa autonomía xa ampla nunha decisión de Mr. Heath que está a topar oposición no seu propio partido (que por certo se chama oficialmente Partido Conservador e Unionista, pra abranguer aos diputados irlandeses do norte que queren a integración coa Gran Bretaña). O Primeiro Ministro tén as súas razóns pra coidar que esta proposta de reforma radical do sistema de goberno escocés ha de beneficiar a tódalas partes en xogo.

Pero además, está a custión candente do petróleo do Mar do Norte. Como é sabido téñense descoberto, e están a ser esplotados dende fai algúns anos, os depósitos de petróleo e gas natural do fondo mariño aprosimadamente a medio camiño entre Escocia e Inglaterra por unha banda e máis Holanda, Alemania, Dinamarca e Noruega, pola outra. A parte meirande deste achádego está en augas que no reparto do Mar do Norte corresponden a Escocia. Además as cidades que máis se poden beneficiar son Aberdeen, Dundee (onde os nacionalistas escoceses conseguiron un voto notábelmente alto nunhas eleccións locáis recentes) e Edimburgo, amáis das outras poboacións das rías escocesas ou "firths". O asunto foi tomado como motivo de campaña eleitoral polo SNP (Scottish Nationalist Party), que recentemente cobróu forza na Cámara dos Comúns.

Son estes feitos, analizados con mentalidade fría e realista, os que agora poñen en movimento as reformas. Esta política de devolución de poderes terá tamén repercusións pra Gales e costituirá unha iniciativa cara a un sistema federal pra a totalidade do Reino Unido (no caso que a maioría dos habitantes da Irlanda do Norte non decidan pasar á soberanía republicá e católica de Dublín).

Esta política xa fora encetada polo hoxe Ministro de Asuntos Esteriores e da Commonwealth (que é escocés) sir Alec Douglas-Home hai cinco anos, cando o seu partido estaba na oposición e percuraba apoio nas rexións. A instancias de Mr. Heath, sir Alec foi cabezaleiro dun comité pra estudar a devolución, e o resultado contido no informe foi favorábel a unha Asamblea Escocesa elexida, coa función restrinxida de debatir proiectos de lei iniciados en Westminster. Pero recoñécese que, unha vez formado, un Parlamento Escocés desenrolaría peso de seu, polo que a proposta é criticada e oposta pola mitade do Partido Conservador, incluindo diputados escoceses. Moitos déles teñen medo de que o tal Parlamento, na eventualidade de ser dominado polos laboristas, poderíalle crear ao goberno de Londres problemas semellantes aos que prantexaba o desaparecido Stormont na Irlanda do Norte.

Por outra banda a Comisión Kilbrandon está actualmente a traballar nun informe sobre reforma costitucional que decidirá a autoridade e estensión das novas entidades rexionáis nas que se propón dividir a Gran Bretaña, aínda que parece que a comisión está moi dividida sobre o asunto. Pero Mr. Heath quer incluir o tema no prósimo manifesto eleitoral do seu partido, o que indica a permanencia das intencións conservadoras encol deste problema e a convicción de que o eleitorado escocés xa non se vai satisfacer sen unha sustancial trasferencia de responsabilidades políticas de Londres e Edimburgo.

CARLOS DURÁN

Londres

FARSAS PARA TITERES, por Eduardo Blanco-Amor [1]

Non hai dúbida de que o teatro está hoxe de cheo en fervura. Abonda con botar unha ollada ao panorama literario do mundo pra nos poder decatar de tal feito. Este desacougo na creación escénica arrinca dos anos cincuenta, cando emprincipia a se manifestar en Europa unha nova dramaturxia: En Francia, co antiteatro; na Alemania co trunfo de Brecht, e despóis con dramaturgos coma Hochhouth e Peter Weiss; en Londres co teatro dos xóvenes irados, Osborne, Pinter, Wesker, o norteamericano Albee. Dentro da liña anovadora que eses autores encarnan, figura algo merecente de se destacar: a palabra, a linguaxe, perderon moito do seu rol. O teatro, como quería Artaud, anda a se trocar nunha liturxia xestual baseada no escándalo e na provocación. A intriga esmorece e sustitúese por unha situación que pode ser política, psicoanalítica, escandalosa ou simplemente absurda. Os persoaxes-cochinillas de Samuel Beckett —eses homes i esas mulleres decrebados que ollamos morrer e apodrecer dediante de nós, antre unha vida que se resiste a rematar e unha morte que se resiste a chegar— téñense trocado nos símbolos dunha humanidade feble. Trivial ou desencantada, a vida de parexas que non se aveñen inspira ao Osborne de *A paz do domingo*, as pezas de Pinter ou de Albee. Esa fraxilidade das existencias humás recolle a esperiencia cinematográfica de autores coma Buñuel, Fellini, Pasolini, Chabrol, Godard, sobre de todo. Na pantalla, coma no escenario, impresiona a situación dun mundo absurdo, non o que din os persoaxes: *La Chinoise* prefigura os acontecementos do 1968 en París; *Weekend* denuncia os escesos da civilización mecánica e ridiculiza a sociedade de consumo, do mesmo xeito que o Berliner Ensemble denunciaba o capitalismo ou *Les Paravents*, de Genet, acusaba de obscenos aos valores tradicionáis. A un nivel superior —en *Marat-Sade* de Peter Weis, *La Soif et la Faim* de Ionesco— a civilización mesma é acusada. Así coma os tristes protagonistas de Godard e de Jean Genet, os tolos do hospicio de Charenton que Peter Weis fai representar, e os prisioneiros de Ionesco, viven agardando a chegada do acontecemento catastrófico. A civilización desintégrase: o único importante é facer sensibel deica o colmo esta desintegración. Cando comparamos estas pezas adoito solprendentes, ás veces xeniáis, con aquelas que temos conocido e amado noutrora, trábanos o sentimento dunha oposición total.

Porén, a carón desa nova dramaturxia máis xestual que verbal, sigue a se desenvolver con bó ritmo creador outro xeito de arte dramático, que, sin se desvencellar de cheo das pautas do teatro tradicional, mantén un acento de pura modernidade. Antre nós non tivo cabida aínda, o xogo daquela dramaturxia revolucionaria arestora tan en boga. Pero, en troques, asístese á presencia dun teatro moderno, moi alonxado do que a comezos de século tivo vixencia no país. Conscente dos anovamentos foráneos, e afincándose no ambente nutricio, vaise deseñando, inda que tímidamente, unha creación escénica de novo pulo. Ahí están como exemplos as obras de Dieste, Castelao, Cunqueiro,

[1] Edicións do Castro. Coruña, 1973.

Mariñas del Valle, Xohana Torres, Carballo Calero e algún máis. E, xa que logo, estas *Farsas para títeres* de Eduardo Blanco-Amor, que ideadas polos anos trinta, veñen agora de se publicar en edición bilingüe. O seu autor se non bota da parte de afora dun "novo" teatro en galego. Porque, además, Blanco-Amor tense achegado mesmo ao teatro do absurdo, según se dexerga nalgunha peza do seu libro inédito *Teatro pra a xente*. Noustante, o canle destas farsas, sin se afastar dunha técnica moi de hoxe, decorre por eidos de feitío que poidéramos chamar clásico e convencional.

As pezas que compoñen o volume fermosamente presentado e ilustrado por Luís Seoane, son seis. Cada unha delas leva, como ilustración do tíduo, unha referencia ao tipo de farsa de que se trata. Así: *Romance de Micomicón e Adhelala,* farsa pra títeres especiosos; *Amor e crimes de "Juan el Pantera",* farsa pra títeres de cachiporra; *Falsa morte e certa morte de Estoraque o indiano,* farsa pra títeres simuladores, con remate de negra; *A verdade vestida,* farsa violenta; *Un refaixo pra Celestina,* farsa de tema terxiversado; e *Anrélica no ombral do ceio,* farsa violenta. Referíndose ao que todas estas seis obriñas encarnan ou representan, o propio autor invoca ao realismo máxico. E afirma que o verdadeiro "realismo máxico" do teatro de títeres permite o manexo dunha "humanidade" suprahumá, dunha poboación alcaloidal na que caben o símbolo e a alegoría. Tamén destaca o feito de que os títeres —ou os actores que heroicamente os imitan— na súa existencia antre o ser e o non ser, inducen a moi dramáticas crueldades. De calquer xeito, cada farsa, cunha vida de seu, responde a unha concepción e a un tratamento que se desemellan antre sí. Ás veces é o "esperpentismo", outras a complexa degradación do amor platónico, e outras, ao cabo, unha engaioladora sotileza no falar.

Blanco-Amor sabe moi ben que na vida real é frecuente ouservar coincidencias compostas de xestos, medias palabras ou olladas, que son máis elocuentes que as frases feitas. E mesmamente por eso, o ésito das súas farsas baséase, ao noso ver, na gracia das súas pantomimas, que en ocasións din máis do que poderían ilustrar certos textos. E dínnolo dentro dun xeito de expresión moi peculiar e ausolutamente válido. Así os diálogos dos persoaxes poden semellar nalgún intre valeiros de significados reás; pero non por elo deixan de se desenvolver dentro dunha fondura humá, ou suprahumá, que os fai chamativos ao espectador, en atención e receptividade. Percura, pois, o autor, o simbolismo dunha realidade que xaz baixo do raciocinio, dentro de termos alegóricos. Non tenciona, xa que logo, Blanco-Amor, representar ao mundo, sinón facer, en certa maneira, unha parodia sobre do mesmo. Hai así, nas *Farsas para títeres,* un simbolismo transparente. Vaise nelas ao fondo do chocalleiro, e a comicidade ten un alento moi de seu. Ninguén desconoce que en todas as artes xurden intres nos que a coherencia comeza a fadigar. Velahí por qué se andan a percurar novos meios de espresión que tencionan evadírense do convencional. No caso destas pezas, sin se desentender do convencional, o que Blanco-Amor tenciona é reflexar verdades en termos artísticos e contemporános, poisque o realismo tenas falseado. O certo é que o ser humán require raizames pra se sustentar en algo. E si non as ten, andará ás toas, ausolutamente despoxado dun senso pra a súa vida. Aquí, inda tratándose de títeres, ou de actores que fan de títeres, as raizames veñen dadas polo simbolismo e máis polo alegorismo. Compre considerar tamén verbo désto, que no comezo foron as máscaras, superpostas ao rosto do actor. Elas reemprazaban os xestos revelando ao persoaxe. Despóis as palabras fixeron de máscaras e o actor vestíunas. Posteriormente sobrevíu o disfraz fora do escenario, e as máscaras adequiriron o senso moi humán do grotesco. Os caracteres distorsionados agrándanse na caricatura, condenados ao absurdo da mentira na que se escusan pra se protexer.

Eduardo Blanco-Amor ten tratado aos persoaxes de *Farsas para títeres* sin complacencia. Limitóuse a tirar dos seus fíos pra que eles digan as frases que —coma outras máscaras— confiren beleza aos actos do engano do que todos son conscentes. Pero ese conocemento non os depura. Pola contra, péchaos con dimensión dramática na súa frustración. Pra elo, nalgúns momentos o autor traspasóu a fronteira do grotesco e abeiróu un certo senso dese absurdo que

ía ter vixencia anos despóis da ideación destas farsas. En consecuencia, semella esplicábel que os persoaxes falen unha linguaxe case antinatural —si nos atemos ás precarias esixencias do realismo— e que os escenarios prolixamente indicados reproduzan unha atmósfera que, privada da maxia do ideal, se non axeite tampouco a un ambente posíbel. Eduardo Blanco-Amor ten percorrido así un non doado camiño de creación escénica, pra trocar en imaxes a idea que el consideróu a verdade primeira.

S. LORENZANA

OBRAS SELECTAS, PARLADOIRO, ARTÍCULOS, por R. Otero Pedrayo [1]

Aínda co que ten de romántico e barroco, Otero Pedrayo é un clásico da literatura galega. Pois o romantismo e o barroquismo teñen tamén os seus clásicos. E o clasicismo non consagra como clásicos a todos os seus oficiantes. Abandonemos o doado xogo coa bisemia do termo. Doutra banda, romantismo, barroquismo e clasicismo son conceitos históricos, e somente en sentido analóxico podemos aplicalos a un escritor dos nosos días. A obra de Otero Pedrayo está madura para a gran edición que poña o esencial da súa creación ao dispor do leitor gravemente interesado pola morosa e respeitosa delectación da arte frorida e fructuosa deste denodado prosista.

Pois ¿quén ousará soñar cunhas "Obras completas"? A masa esmagadora dunha producción en grandísima parte dispersa, resístese invencíbelmente á compilación. Unha galaxia tan acugulada de sustancia estelar resulta inabranguíbel para a ollada humana. Temos que renunciar a poseer o tesouro na súa totalidade, e tallar, por aquí e por alá a carne obriza da nebulosa, para organizar unidades que podan ser razonabeis ouxetos de contemplación, axeitados á limitación dos nosos órgaos visuáis.

Este tomo que agora temos de comentar, preséntasenos como o primeiro dun conxunto de catro no que se aspira a choer unha escolma da ricaz literatura oteriana. Resistímonos a empregar a espresión *Obras selectas*, que figura na portada, polo seu aséptico e un tanto esbaradizo e xiado feitío de neutralidade lingüística, que lle acái pouco ao celmoso, xeneroso, franco e resolto talante locutivo do autor de *Os camiños da vida*. Ben ollado, somente o tíduo *Parladoiro* do volume, tomado do que dou Otero a unha serie dos seus artigos, é, nesa portada, galego enxebre, de xinea popular e señorial, marcado polo caritel da herdanza morgadía máis nidia. "Artículos" devólvenos á neutralidade circunspecta. ¿É galego? ¿Castelán? ¿Latín? A forma oteriana "artigos", consagrada na lingua culta galega moderna, como n portuguesa, ten todas as nosas simpatías. Mais esta edición, agás nunha cita do prólogo, consideróuna merecedora de desterro. ¿Por temor a que os carabiñeiros da fronteira do Miño a estimasen contrabando de manufactura lusitana? Pero éste é un caso particular dunha tendencia á que adicaremos unhas palabras máis adiante, ou outro día se o de hoxe non dá para tanto.

Ben está que a serie comence cunha escolma dos artigos de Otero. Dísenos no prólogo que esa escolma comprende textos escritos (ou publicados) de 1927 a 1968. Dúas ouservacións verbo desas datas. A primeira debe ser rectificada, pois achamos (p. 146) un texto de 1922. A segunda seméllanos algo temperá. ¿Por qué non se insertan orixináis dos anos 70? ¿Porque o ano 68 cumplíu Otero oitenta anos? Esta é unha razón pra felicitalo, como xa fixemos editor e crítico; mais non pra pechar a porta do *Parladoiro*. E se é un límite convencional, habería de se indicar nalgures; pero en ningures o vemos indicado.

[1] Editorial Galaxia. Vigo, 1973.

Tamén se presta a debate a composición do libro. Nós, xa que éste se rotula "Artículos", houbéramolo formado con artigos tan só. Os anacos de libros e algúns outros textos que obviamente non son artigos, áchanse —seméllanos— desprazados. As razóns que no prólogo se aducen para xustificar esta licencia, son, desde logo, válidas: pero a condición de que a rotulación do tomo tivera sido dalgún xeito trocada, abreviada ou ampliada. Son escrúpulos, por suposto. Endebén, a escrupulosidade é virtude que non di mal nunha edición.

Dígao, senón, nésta o resultado da ausencia de escrúpulos ortográficos, que determinóu un aspecto irregular da acentuación gráfica das palabras. Fálase da necesidade de unificar a ortografía, pero abonda con percorrer as primeiras páxinas do volume para ver que tal programa non se realizóu. É posíbel que haxa algúns erros de imprensa; pero tantos acentos de falta e tantos de sobra, tantas palabras que levan acento aquí e non o levan alí, sendo ás veces o aquí e o alí dous lugares da mesma páxina e aínda da mesma liña, non poden menos de desconcertar ao leitor. É mágoa que non se acometese unha tarefa que non oferece dificuldade algunha, pois as normas ortográficas actuáis son nese aspecto perfeitamente craras, e coinciden prácticamente coas do español oficial. Mais o feito é que, veña o mal de orixe do autor ou do primeiro impresor, ou sexa o resultado dunha deficiencia dalgún corrector, atopamos en custión de acentos as máis inesplicábeis anomalías. Mesmo aparecen acentos circunflexos, que xa ninguén usa. É evidente que non se veu esta cara do problema. A carón destas eivas, feitos como que unhas veces se fagan as contracións da preposición *de* e os demostrativos e outras veces se non fagan, non merecen que se insista neles.

E verdadeiramente, aparte da escolma dos textos, o que podíamos agardar da edición era a posta ao día da ortografía dos mesmos, cometido subalterno que se puido encomendar a calquer persoa perita, de non poder encarregarse dela o preparador do volume. En troques, concedéuse unha escesiva importancia á unificación morfolóxica, ou, máis ben, á corrección morfolóxica.

Seméllanos que nesto houbo un equívoco. Compréndese que un autor se edite coa ortografía vixente no tempo da edición; pero que se modifique o seu texto para axeitalo aos cambios morfolóxicos sobrevidos, é menos comprensibel. As normas morfolóxicas promulgadas pola Academia Galega —que, por outra parte, o *Parladoiro* segue unhas veces e outras non— sen dúbida foron elaboradas para orientar aos escritores no presente. Mais aplicalas con carácter retroactivo, seméllanos contrahistórico. O escrito, escrito está, e os morfemas e os lexemas poseen un valor de caracterización estilística que debemos respeitar. Nesta edición tense, máis que unificado, enmendado a morfoloxía de Otero Pedrayo. Non nos cabe dúbida que o autor concedéu ao editor todas as cartas brancas imaxinabeis para facelo así. Está perfeitamente dentro da psicoloxía de Otero. Pero deste xeito, Otero admite unha colaboración que inxerta na súa vigorosa madeira unha puga de madeira allea, o que nos ripa aos leitores a integridade da fala do autor.

Escribir *estudante* e *estudo* é o característico e natural en Otero Pedrayo, como noutros autores do grupo "Nós", e esta solución non é resultado da ignorancia do galego. Ao constituir a súa lingua literaria, Otero opta neste caso pola forma que acha en portugués. Sustituir sistemáticamente todos os *estudantes* e *estudos* do autor de *O estudante* polas formas castelás correspondentes, ¿non é desvirtuar o ton, o estilo, o valor histórico, a sinificación teleolóxica da prosa de Otero?

Fagamos unha proba. Tomemos un texto cuia primeira edición sexa fácil de consultar. Abramos o libro pola páxina 317, eleita ao azar dentro daquel texto. Achamos polo menos, trinta e tres enmendas, que son as que imos elencar baixo as siglas *O* (Otero orixinal)) e *OB* (versión Otero-Baliñas).

	O	*OB*
1	ouxeto	obxeto
2	bulras	burlas
3	de aquil	daquil
4	soportás	soportales
5	eisames	exames
6	cumprían se	cumplían se
7	calificaciós	calificacións
8	brilo	brillo
9	razoar	razonar
10	liberás	liberales
11	outos ramos	———
12	coidadiños	cuidadiños
13	craras	claras
14	peleriño	peregrino
15	ó	ao
16	interpretaciós	interpretacións
17	sensuás	sensuales
18	i	
19	escuras	oscuras
20	gostaba	gustaba
21	conceito	concepto
22	lus	luz
23	dende	desde
24	eisame	exame
25	estudos	estudios
26	decrebar	dequebrar
27	organidade de	permanencia como estudiante en
28	discusiós	discusións
29	locía	lucía
30	leviás	leviáns
31	abóvedas	bóvedas
32	———	e
33	estudos	estudios

Non podemos convir en que este elevadísimo número de enmendas responda ao programa de unificación de formas anunciado no prólogo. A verdade é que en Otero non hai máis vacilacións léxicas ou morfolóxicas que no tipo medio de escritor do seu tempo. As formas rexistradas no orixinal son prácticamente constantes en Otero, mentras que as elencadas baixo o rubro *OB*, pola maior parte, ou non se dan nunca ou non se dan con frecuencia. De xeito que non nos parez exacto falar de unificación. O que houbo é refundición. O editor puxo en galego ideal, no galego que lle pareceu máis recomendábel, as obras escolmadas.

O criterio indúcese dos exempros copiados. No orixinal temos un escritor que emprega formas moi enxebres (*razoar, liberás*), con signos fonéticos que as diferencian fortemente do castelán; formas típicamente ruráis, como *craras, decrebar;* formas de fonética máis ou menos próxima ao portugués, como *conceito, eisame;* e formas que corresponden á morfoloxía da súa terra ourensá, como *interpretaciós, discusiós, leviás.* No texto enmendado, rexeitáronse as verbas en que caéu o *n* ou o *l* intervocálicos, que foron sustituidas polas formas castelás; as formas de laibo compesiño houberon de ceder o seu posto ás máis urbanas; as que arrecendían a portugués foron correxidas para liberalas de tal arrecendo; e as propias do galego central foron sustituidas polas do galego suroccidental. Así, o texto contén as ideas de Otero Pedrayo, pero a cromática da súa fala ten sido alterada. Trinta e tres correccións nunha páxina poñen do revés un estilo lingüístico.

Nós, que desempeñamos certo papel nos intentos de normalizar a nosa lingua, nunca pensamos que calquer normativa que se adopte, deba cubrir as edi-

cións dos nosos escritores clásicos. Éstes non deben vestirse á derradeira moda, como se naceran despóis da promulgación das novas leis. Así que, ouxetivamente, estimamos que houbo trabucamento no criterio adoptado para fixar a lingua neste *Parladoiro*. Ouxetivamente. Pois subxeitivamente, desde o momento en que o autor outorgóu ao editor poderes para actuar como actuóu, e aprobóu o feito, segundo consta na decraración formulada nas derradeiras liñas do prólogo, o profesor Baliñas está —nin qué decir ten— moralmente xustificado. A nosa discrepancia co seu criterio —e, polo visto, co novo criterio do escritor reeditado— non é senón unha custión de técnica filolóxica, sometida á eventualidade da controversia. Agardemos que deste contraste de opinións poda brotar algunha luz para angueiras futuras.

R. C. C.

A TEIMA, por Carlos Durán [1]

Veleiquí unha das novelas aparecidas nos derradeiros anos que máis nos teñen impresionado. Nela, además do que poderíamos chamar relato directo, hai ou pode haber —e nós coidamos que o hai e que isto é do más subido interés na novela de Carlos Durán— un suxestivo simbolismo polo cal os feitos que nela se narran son, además do relato novelesco, todo un tecido que nos está a suxerir como trasfondo outra realidade, pode que de máis amplitude, que nos pon de manifesto a crara intención ideolóxica do autor.

Pois ese Martiño, protagonista da novela, que "conservaba no seu caletre unha probe idea do que fora o seu casal" (páx. 13), de certo que é no relato moito máis que ese home que con tanta teima percura a auga que fará das súas probes terras vizosas veigas. É certo que todo o relato está artellado arredor dese tema e que as aventuras que se suceden son o desenvolvemento novelesco do mesmo. Mais á par, non hai dúbida que ese Martiño é un símbolo no que se pretende apreixar unha complexa realidade. Pois ese home que aínda conserva no seu caletre "unha probe idea do que fora o seu casal", ven ser o símbolo de que o autor se val pra se referir á nosa propia comunidade galega. ¿Ou é que non ocurre tamén que esa comunidade nosa, como o Martiño da novela de Carlos Durán, non ten "unha probe idea do que fora o seu casal"?

Pero Martiño, aínda con tantos contratempos, con tantas aventuras que lle saen furadas, aínda con tanto esnafrarse contra a realidade que se lle impón ten unha teima que o empuxa, que o alumea "por dentro anublándolle a vista de fora", que o lanza "como un boi tourengo" (páx. 51). E esa teima é a que o empuxa a unha loita "con determinación irresistíbel" pra se impoñer á realidade que o quixera aniquilar e engulir. E velaí temos xa ao Martiño entregado por enteiro á súa empresa vital de atopar a auga —¿a libertade?— que dea lentura ás súa terras resequidas. Pois este Martiño estaba certo "de que o seu defeuto era cousa de tempo" e de que, tamén co tempo, habíalle pasar, deica chegar un día no que abraiaría "a todos coa súa nova persoalidade recén descoberta" (páx. 19). ¿Os tempos son chegados? Non, aínda non. Mais Martiño toma concencia da súa facareña realidade.

Despóis de aventuras e derrotas, Martiño, na súa teima, atopa a auga tan cobizada. Entón Martiño "esprementaba un pracer raro a embarrar os dedos na lama morna e mol". A terra mollada cheiraba dun cheiro especial, o cheiro que o entolecía como as emanacións dun augardente bravú (páx. 54). Son moi fermosas estas páxinas de "A teima": poucas veces nos foi dado lér algo que tivera tan fondo sabor telúrico, tan agudo latexar cósmico, tan vivo "humus" expresado literariamente. Noustante, nesa hora de ledicia, Martiño vai ter, o mesmo que en todas as horas da súa probe vida, a sombra —a negra sombra— do Bisiño, esa forza abascalladora e fatal que sempre vai supoñer a súa derrota. Destruido o seu pozo, cegada a súa cantareira fontenla, a derrota de Martiño semella total. Pero Martiño volverá coa súa teima.

[1] Editorial Galaxia. Vigo, 1973.

Agora, de novo en posesión da auga farturenta que agoira un ventureiro porvir, non está disposto a padecer unha nova derrota. E da pasividade pasa á iniciativa. Non vai ser desta vez o noxento veciño quen o abascalle, senón que, pola contra, vai ser Martiño o que o derrotará. E Martiño mata brutalmente ao Bisiño. E Martiño, entón, rosma pra sí: "¡Cabróns! Ter que eu facer isto pra vivir!" (páx. 125). Agora sí, os tempos son chegados.

Velaí tedes a fábula da novela. E coido que con ela tamén a intención, o simbolismo que o autor percurou. Unha novela que ten moito de berro, case de urro, de ferinte desespero. A min seméllame un libro feito case de sangue, arrincadó do desespero e misticismo do propio autor, tal e como o Martiño arrincóu a auga do seo da terra. Un libro, como nos di o xoven escritor, "que me pedía o corpo".

Derradeiramente, engadiremos tan soio que a novela está escrita nun galego rico, craro, cheo de espresividade, ben escollido, cortante, como poucas veces se pode lér. E, ademáis, moi ben construida, artellada de maneira sinxela, disposta en capítulos breves, contada en tempo rápido. Sin dúbida algunha, revela a un seguro narrador. E esta seguridade que Carlos Durán demostra na súa primeira obra narrativa, está a facernos presente que un novo e puxante narrador ten aparecido entre nós. Ben chegado, pois.

X. L. FRANCO GRANDE

OS ANXOS CÓMENSE CRÚS, por Jorge Díaz [1]

Se, certamente, non se pode decir que dispoñamos de abondosos textos teatráis en xeral, a carencia dos específicamente infantiles —orixináis en galego ou traducións— é de todo ausoluta. *Os anxos cómense crús*, peza pra nenos do latinoamericano Jorge Díaz, en versión galega de Daniel Cortezón, ven contribuir, na súa medida, a encher un pouco a falla neste xénero tan esquencido. Outra cousa é —e comentario aparte require— que algúns dos poucos fatos teatráis nosos se estreva a poñela en pé nun esceario, que é o seu axeitado lugar e pra o que, sen dúbida algunha, foi escrita. Anque, coido, millor sería que xurdise algún grupo encamiñado a especializarse no teatro pra nenos, que tanto precisamos, índa que sóio sexa pola grandísima importancia que ten que os pícaros escoiten en púbrico a súa propia língoa.

O sonado autor de *El velero en la botella* ofrécenos unha obriña sinxela, direita, paveira; ben dialogada, ben estructurada; sempre aberta e pedindo a miúdo, ou suxerindo, a participación dos rapaces. Jorge Díaz ten unha longa esperencia teatral e domina moi ben a técnica dramatúrxica, indispensábel pra a creación dun texto destinado ao esceario.

A cidade durme. Un garda chamado Platón vela os seus sonos e soños. Mais tres gatos (Ludovico, Aniceto e Toribio), ladroeiros de profesión alcumados "anxos", cando poden, aproveitan pra facer das súas. Rouban certas "chilindradas insiñificantes" e, despóis, frustrados, collen pulos pra dar o "gran golpe" (nada millor pra tres "anxos" que os cucos dos reloxes nunha tixola!). Nunha escea ricaz e suxerente rouban os arelados cucos no taller do reloxeiro Inocencio, que celebraba o seu 70 cumpreanos (o tempo xoga un rol moi importante na peza) en compaña da súa doce e garimosa compañeira Margarida. Pro axiña son pillados e, xa que logo, pouco despóis, xuzgados. Platón, representante da lei e o orden, será seu acusador; a velliña Margarida, súa defensora; e os nenos do púbrico (gran acerto!), os xueces. Os gatos son condenados e a obra remata ca celebración por tódolos demáis, cucos tamén, do cumpreanos do reloxeiro.

[1] Editorial GALAXIA. Vigo, 1973.

Moitos son os camiños que en arte se poden escoller pra comunicarse e Jorge Díaz propónnos unha farsa —pingueirada de belidas cancións e música de Vittorio Cintolesi, cuias partituras ilustran o libro— cun fondo didáctico. Camiño moito máis perigoso que o pantástico ou o simpremente advertido, por exemplo. O "fondo moralizante" é moi craro: o que rouba debe ser castigado. Totalmente de acordo, pro... ¿non hai escepcións? Pódese mostrar eso, eisí en abstracto, ¿aos nenos? ¿De qué lei e de qué orden é representante o garda Platón? ¿Por qué se adican a roubar os anxos? Nada desto está concretado na obra e, sendo ésta didáctica, falla faría que o estivese pois os nenos non son parvos —aínda que, moitas veces, por elo os tomen artísticamente— e todo o comprenderían á perfección. Algo desto debía sospeitar o mesmo autor, xa que ao final do xuicio as dúas solucións que propón —sexan decrarados polos nenos os anxos culpables, sexan decrarados inocentes— son condenatorias, pro, no derradeiro caso, dun xeito eufemístico (pasar unhas "vacacións" na cadea). Se todo se concretara máis, se todo se crarificara, os nenos non dubidarían no intre de emitir o veredicto, que sería unánime. Por outra banda, moitas vegadas, os tres "anxos" acaen máis simpáticos que o garda Platón, cousa que agrava tamén o plantexamento da obra.

De tódolos xeitos, estas pequenas chatas (ao meu entender, craro!) pódense endereitar cunha axeitada posta en escea. I eisí sería desexable que fora.

E. R. R.

LOS GALLEGOS EN BUENOS AIRES, por Antonio Pérez Prado [1]

Un labor intelixente, preparado con abondosos datos e con apaixoado senso de crarexamento, distingue a importancia deste libro. Antonio Pérez Prado —coma Carlos Zubillaga e Ricardo Palmás— é un mozo arxentino fillo de galegos que se ten entregado ao empeño de amosar a presencia de Galicia nas terras do Plata. Cun prantexamento axeitado, o autor de *Los gallegos en Buenos Aires* foi tecendo unha riola de páxinas ilustrativas encol do tema. De comezo prepara ao leitor coa aguda glosa dun poema de Borges sobre da fundación mítica da capital bonaerense; e conta a seguido a historia do longo nacer da cidade, e cómo os inmigrantes lle deron corpo e realidade viva.

O volume está orgaizado en sucesivas partes, nas que se artella a información e o análise interpretativo do papel que na creación de Buenos Aires lle correspondéu aos homes do noroés ibérico. As cifras estadísticas revelan que foron os "italiáns" os máis numerosos dos inmigrantes. Eles marcaron deica hoxe a poboación porteña e o influxo de todas as súas xentes. Pero o protagonismo dos chamados "españoles" tivo tamén unha proxeción moi fonda. Déstes, o núcleo máis neto na súa diferenciación é o galego. Pra Pérez Prado, todo o tratamento do tema Buenos Aires —que ven ser en boa parte o do país, ou represéntao esaxerando os seus crarescuros— debe emprincipiar polo comezo, que é a inmigración.

Porén, o autor do libro antes de se poñer co home galego, que ao seu ver resulta imprescindíbel xeito de entrar no home porteño, bótalle unha ollada afondadora ao escenario que a historia lle ofrecéu a aquél. Dentro do contexto da obra revela unha evidente importancia ese dexergar, do que trascende un itinerario das preocupacións de Pérez Prado pola vella terra dos seus devanceiros. Por tal camiño chega á percura de crarexamentos fundamentáis na historio existencial dos galegos. E van decorrendo así, páxina a páxina, consideracións culturáis, sociáis, económicas e políticas, relativas ao pobo emigrante. Todo o que é básico pra explicar as raizames e a diáspora está presente

[1] Ediciones La Bastilla. Buenos Aires, 1973.

neste volume. Porque o escritor fai con louvábel capacidade de síntese, ao mesmo tempo que un resume dos problemas da língua, da eirexa e da escola en Galicia, un enxuiciamento dos efeitos da fame no esprito das súas xentes. Pérez Prado sostén que Galicia é un pobo de xentes que se van. Galicia, a gran poboadora, éo sobre de todo verbo do continente americano, a partir do século XVIII.

A parte central do volume está destinada a puntualizar o protagonismo que os galegos exerceron no vello e no novo Buenos Aires. Alonxado de esquemas remanidos, e sin percurar o doado apoio de canto sé ten escrito con anterioridade encol do tema, o autor procede léndo, informándose, analizando as súas propias experiencias persoáis. Alude así, de primeiras, aos pioneiros, a aqueles galegos chegados á Arxentina na expedición de Magallanes. Pero é máis tarde, despóis de se fundar o "rancherío" onde medraría a moi noble cidade de fermoso nome, cando se encetaron as infindas historias de galegos inmigrantes. Xa nos séculos XVII e XVIII andan a se fundar moitos linaxes de homes de Galicia por terras do Plata. Dous simples datos abondan pra revelar a presencia inmigrante con pulo protagonizador: No ano 1770 constitúese en Buenos Aires a "Congregación de Naturales y Originarios del Reyno de Galicia", primeira asociación americana de carácter galego. No 1806 fúndase o "Tercio de Voluntarios Urbanos de Galicia", nunha de cuias compañías se alista o galego Don Bernardino Rivadavia, primeiro presidente dos arxentinos. I é que na gran cidade, os inmigrantes foron de todo, emprincipiando polo de abaixo.

As páxinas do libro, escritas con sinxeleza, vigor e precisión informativa, veñen inspiradas polo entusasmo mozo de quen sinte latexar nas súas veas o sangue da terra dos seus pais. Trócase así, o autor, no intelixente e apaixoado narrador das angueiras, da laboría, do papel sustantivo que as xentes do vello fisterra europeo exerceron nas beiras do Plata. E todo ésto sábeo facer moi ben, cun certo protocolo de rememoranzas, si se nos permite a expresión. En contrapartida, conta cómo os porteños adeprenderon a ver aos galegos. Era unha visión recibida en herdo, pois os insultos que se tiñan chantado nas costas de Galicia e das súas xentes, foran moitos dende antigo. Dos insultos cultos podería facerse unha longa escolma. Que eses insultos e alcumes antigalegos, escoitados en España con todos os acentos, se traspasaran a América e arraizaran alí, semella resultado inevitábel. Pero onde os porteños adeprenderon, sobre todo, a ver aos galegos foi no sainete; i eso pola sinxela razón de que no sainete dáse un elemento de comicidade infalíbel: os tropezos lingüísticos de quen non mamóu a língua na que rín os espectadores. Noustante, ao marxe da anécdota, o certo é que Buenos Aires énchese de xentes chegadas de Galicia e convírtese na cidade galega meirande do mundo. Nela fundan tantas pequenas sociedades como parroquias do país de orixe teñen alí representantes. Nela exercen variegados oficios e actividades. Os tipos máis característicos son os de afiadores, almaceneiros, encarregados ou porteiros, enfermeiros, taxistas, xornalistas; tamén, por qué non, os de anarquistas, sindicalistas e axitadores; e, asemade, os de artistas e intelectuáis calificados, que alí viviron ou se fixeron.

Coller este volume antre as mans incita a non abandonalo deica o remate. Déixase ún arrastrar na leitura, pola seguranza dos conocementos do autor, pola suxestión que lle imprime ao tema. Non é soio a que xurde da presencia dos inmigrantes que fixeron a cidade, nin a que espertan os seus millores homes —Rivadavia, Sarmiento, Paz, Alén, Pardo de Cela...— que recibiron deles os seus apelidos. É, asimesmo, a da moitedume de seres anónimos que habían constituir o fogar galego-porteño como unha ínsula da saudade. De certo, haberá poucos pobos que sintan á terra nutricia coma o de Galicia. Mesmo por eso, os fillos dos galegos naceron —ao decir de Pérez Prado— na illa da nostalxia. No fogar galego contaban cun modelo simple pra comprender a sociedade porteña. Estaba a ínsula fogareña da que, portas afora, falábase pouco. Estaban na rúa, na vida, as outras nacións de emigrantes. Estaban coma fondo común, os "criollos", nome que daban a todos os arxentinos, sobre de todo aos porteños nativos.

Nas derradeiras páxinas do libro, o autor refírese á vida pública das xentes de Galicia en Buenos Aires. Sostén que as tres cartas partes de todo o "español" foi alí galego, pero sin comiñas. Unha parte desa vida pública non é dexergábel pra todos, e non é, propiamente falando, vida. Trátase da estadea dos mortos galegos, ou das súas almas en pena. A cidade que tivo máis galegos no mundo —engade— tiña que contar, forzosamente, cos seus espritos vagorosos, e ademáis, á galega, en procesión, en hoste, en "Santa Compaña". Así —prosigue o autor— Galicia fixo de Buenos Aires a cidade galega meirande do mundo. E Buenos Aires fixo de Galicia a máis americana das rexións europeas, a máis arxentina, a máis porteña. A presencia de Galicia en Buenos Aires é constante. Buenos Aires está, carne e voz, en Galicia. O porteño ten moitísimo sangue galego e ten, do galego, virtudes e defeitos...

Non hai dúbida de que Antonio Pérez Prado ten disfrutado co seu labor de redacción deste interesante volume. Conocedor do tema, entusasmado con el, e convencido por outra banda da utilidade da develación de segredos galegos en Buenos Aires, actuóu con conciencia do seu papel, ofrecendo perspectivas incitantes ao leitor: Prometéulle un viaxe ilustrativo polo mundo do sentimento, da cultura e a sensibilidade do pobo dos seus antergos; e preséntalle a misión que ese pobo desempeñóu na súa cidade natal, nun libro cheo de amenidade, de información, áxil e moderno.

S. LORENZANA

A COCIÑA GALEGA, por Alvaro Cunqueiro [1]

Coido que é este libro un dos máis orixinales aparecidos nos anos derradeiros en Galicia. E penso que moi poucas cociñas nacionales contarán cun libro así, raro froito de amor e saber, de experiencia e creación, de gracia e de cultura. Porque de todo isto, e moito máis, hai neste libro de Álvaro Cunqueiro, cuia chegada non podemos deixar de saudar con afervoada ledicia. Coa afervoada ledicia con que sempre se saúda algo verdadeiramente novo e cuia realidade tanto tempo foi botada en falta.

Ao meu ver, un dos méritos que compre suliñar xa de primeiras do libro de Don Álvaro, é que, despóis de rematar a súa lectura, quedamos cunha idea ben artellada da cociña galega. Ou dito con outras palabras, temos unha idea crara dun dos aspectos máis importantes dunha cultura, pois ninguén poñerá en dúbida que a cociña dun país vai especialmente vencellada á súa cultura deica ser parte integrante dela. Os exemplos máis ilustrativos poderíamos ilos tirando da nosa propia historia cultural, dende os orixes máis lonxanos deica aos nosos días, pasando polas densas empanadas dos tempos de Xelmírez. ¿E qué idea tiramos da nosa cociña, despóis da lectura do libro de Cunqueiro?

Pois eu penso que a de que é a nosa unha cociña ben imaxinativa, isto é, rica, orixinal, certamente viva. E isto, xa se trate desa rara síntesis e profundo compendio que é o lacón con grelos, ou xa nos refiramos, poñamos por caso, á antiga e vedraia caldeirada mariñeira. E desta cociña imaxinativa fálasenos no libro que comentamos con imaxinación tamén. O cal é verdadeiramente importante, pois, como se nos dí xa no limiar, "sin imaxinación toda a alimentación do home pode reducirse, de seguro, a unhas píldoras". De certo que con este libro de Cunqueiro nas mans —eu máis ben diría que con el na nosa cociña de cada día, si isto fora posible—, chegaremos ao que quería o conde de Clermont-Tonnerre: asociar a nosa sustancia terrea ao lugar de onde somos, pra millor percibir entón o lazo que nos xungue á terra que nos soporta.

De certo que, como digo, este libro será pra isto o noso millor guieiro. En todas e cada unha das súas páxinas atoparemos sempre algo que nos ensine a

[1] Editorial Galaxia. Vigo, 1973.

degustar os nosos platos con imaxinación, isto é, a comer millor. E tanto ten que se trate da cociña nosa que, por tan traída e levada, podemos xa chamar tópica, como de outras noticias dunha cociña apenas sabida ou máis en desuso si se quere, ou que sinxelamente tiñamos esquecida, como nos pasa con tantas cousas. No primeiro caso, o autor fainos chegar case sempre a súa certeira opinión do bo "gourmet", en moitas ocasións en desacordo coa opinión máis ao uso ou máis consagrada polos recetarios de máis sona. E no segundo, traéndonos noticias, case sempre coa nota da anécdota persoal de cociñados que, ao millor, aparécennos como un raro froito que, o tiñamos por alleo ou que nos semella unha descoberta, esas raras descobertas das cousas que se teñen máis perto; pero que cando ún cae na conta, axiña se decata de algo que xa era do noso mundo, que remata de se nos revelar e que, ao cabo, é verdadeiramente noso.

Por suposto que este libro único (e decimos isto porque a nós antóxasenos que non hai outro parello) non é un recetario de cociña. Se fora iso, a verdade é que non sería moita cousa. É moito máis que iso: en realidade trátase da visión máis orixinal que deica hoxe nos foi dada da cociña galega, do que é, do que representa ou do que revela da nosa vida, da nosa comunidade, isto é, da nosa cultura. Porque este libro delicioso faltaba na cultura galega. E poder decir agora que xa o temos, e cheo de tanta orixinalidade, penso que é algo que debe ser saudado con ledicia e fervor. As noticias, esperiencias ou suxerencias que atoparemos ao longo das súas páxinas, de certo que serán pra calquera —galego ou non— unha descoberta inesquecible.

Penso, ao cabo, que este libro será dos non moitos que axudan a crarificar un pouco máis en nós mesmos. De ben poucos libros se pode decir isto. De ahí o acerto, ao noso ver, de que a editora o presente como "manual", pois estamos certos de que iso é o que ha ser pra moitos: un guieiro indispensable pra millor caletrar nesa realidade maravillosa —como todas as realidades culturales dun pobo— que é a cociña galega. Por iso tamén agardamos que a todos lles haberá de ser de moito e bo proveito.

X. L. FRANCO GRANDE

O GALEGO DE LAGO GONZÁLEZ

Este ano o día das Letras Galegas estivo adicado á persoa do Arcebispo don Manuel Lago González, figura interesante da nosa Renacencia. A Cátedra de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago, como en anos anteriores, pubricóu un opúsculo no que estuda, ao traveso das súas poesías, as características da linguaxe empregada polo autor [1].

Encétase cunha pequena *Introducción* sobor da vida e obra do Doutor Lago, cuns comentarios xeráis sobre a lingua, ouxeto do traballo. Nos capítulos que seguen estúdase desde o punto de vista lingüístico todo o material poético, dividíndoo en cinco apartados:

Fonética, na que se estudan os seguintes rasgos: vacilación vocálica, *a* protético, *i* epentético, *e* paragóxico, asimilación en fonética sintáctica, seseo, aférese, crase, despalatalización, metátese, síncopas, grupos consoánticos.

Morfoloxía, estudando nela: sufixo —ANU, —ANA, pluráis dos nomes en —L, pluráis dos nomes en —N, sufixo —ATE, sufixo —UTE, xénero trocado, formas dobres, flesión verbal.

Sintase, na que se estudan os rasgos: uso de *che* e *te,* o artigo, dativo de solidaridade, sintase do pronome átono, pronomes pleonásticos, *que de,* o verbo, locucións prepositivas, formas de reforzo, uso de *ben.*

[1] Cátedra de Lingüística e Literatura Galega. *Algunhas características do galego de Lago González,* Secretariado de Publicaciones de la Universidad de Santiago, 1973.

Ortografía

Vocabulario, rexistrando os casos de castelanismos, hiperenxebrismos, cultismos, vulgarismos.

O sistema empregado nos distintos apartados é o mesmo: recóllense todos os casos que aparecen nas poesías, dos diversos rasgos estudados, facendo, en ocasións, comentarios de formas pouco frecuentes, ou de formas insólitas no galego; estabelecendo sempre unha comparanza co galego que damos en chamar "común", ao que se toma como paradigma.

Algúns rasgos están tratados con máis estensión, por ser máis característicos ou por apareceren con máis frecuencia no autor. Esto ocurre, por exempro, coa vacilación vocálica, moi frecuente en Lago González; a flesión verbal na que se suliñan as formas que non seguen o paradigma xeral, destacando as formas contractas de imperativo, as formas apocopadas, os perfeitos en —*no,* as formas en —*stes* máis etimolóxicas que as formas evolucionadas en —*che,* os participios fortes, os verbos con alternancias no radical. Tamén é dabondo estenso o uso do dativo de solidaridade, sobre todo co pronome de 2.ª persoa *che.*

Os rasgos que presentan distintas solucións, como o grupo —CT, o sufixo —ANU, o plural dos nomes en —L, —N aparecen con todas as súas formas rexistradas, suliñando a forma predominante. Deste xeito, vemos, por exempro, cómo a forma máis frecuente empregada por Lago para a solución do sufixo —ANU é —*an,* propia do galego suroccidental, que aparez 19 veces frente a 15 ocasións en que adouta outra das solucións. Vemos tamén que nos pluráis en —L o predominio da forma castelanizante, —*les,* é absoluto.

Remata o traballo cunha pequena antoloxía na que se inclúen seis poesías e un anaco de prosa tiduado *Ensame de concencia,* de amena lectura.

M. L.

TIENDA DE LOS MILAGROS, por Jorge Amado [1]

Con el —co que é el e a súa literatura—, coa cidade da Bahía —que case é decir o mesmo— e con moitas cousas máis, Jorge Amado ten "feito" máis que escrito esta maravillosa "tenda dos miragres", que ven de se publicar en versión castelá. A palabra maravilla, dita agora ao comezo, non está demáis nin é un esaxero ao se referir á derradeira novela do conocido escritor brasileiro; pero maravilla no senso máis amplo, no de sorpresa, no de maxia, no de omnipodente facultade de trocar a realidade en fantasía criadora e vital.

O autor de *Dona Flor e os seus dous maridos* confesóu hai pouco que o mestizo brasileiro, pra el, era o elemento importante no desenvolvemento cultural e social do Brasil. Un mestizo —Pedro Archanjo— é o persoaxe presente e ausente, ubícuo sempre, da súa novela. Como si tivese querido poñer na práctica a súa teoría, volvendo sobre de sí mesmo unha vez máis, recreóu primeiro con grande deleite, que se trasmite ao seu leitor, e logo con inda máis grande verdade —que agardamos chegue intacta na súa mensaxe—, o mundo dun bahiano; é decir, o seu propio e amado mundo.

O desenfado, a alegría, a trasformación da Bahía en gran cidade; as oposicións dos "nacionalismos" brasileiros —os enfrontamentos das súas cidades—; o mundo local e o mundo foráneo, éste derradeiro a traveso da visión dos inefables turistas; o pasado e o presente desa cidade na que os costumes ancestráis son, sinxelamente, o costume ou a vida; todo eso ten sido axuntado polo fabulador no libro de podente ironía e fonda humanidade que é *Tenda dos miragres.*

[1] Editorial Losada. Buenos Aires, 1972.

Engadir que a sátira e o humor constitúen o seu meirande pulo estará demáis. Hai no mesto pero levián volume máis dun mundo contemporáneo satirizado, e o do xornalismo e a crítica literaria non é menor. Namorado do seu persoaxe, Jorge Amado arremete contra xuicios e prexuicios, porque a súa figura, a do case fabuloso xa citado Archanjo, é, quezáis, coma o indica o seu nome, a dun *arcanxo;* é decir, a do persoaxe que pasa a símbolo.

Pero, sobre de todo, o mundo da Bahía, espello de virtús e vicios, humanidade sobexa só porque se amosa e non é hipócrita; sobre de todo ese mundo alabarante e máxico, onde a África é máis que unha palabra e os cultos son máis que un folklore, era merecente destas páxinas rebordantes, amosas dun oficio de escritor na súa maturidade e dun home na plenitude da súa humanidade.

O. H. V.

FALEMOS GALEGO[1]

Unha proba que evidencia a importancia e a presencia do conflicto lingüístico en Galicia dende fai moito tempo atopámola na constancia e a insistencia con que se ven reparando decote nesta cuestión ao longo de varios séculos. No moito que se fala e se escribe arreo, por persoas dispares, encol da lingua galega. Ben seña pra atacala. Ben seña pra defendela.

Mostra recente e oportuna é esta antoloxía editada por Castrelos.

No tocante ás actitudes personáis en relación coa nosa lingua, xa se sabe, hainas ben diferentes. Dende os que a defenden por motivacións sentimentáis, digamos emocionalmente, hastra os que están en contra dela por razóns da súa particular e especial comenencia. Dende os que a combaten porque sí, por seguir unha determiñada tendencia, irracionalmente, hastra os que están con ela razonadamente, despoixa de teren cismado a fondo e con honestidade nos miolos do problema.

A antoloxía que nos ocupa recolle amostras na liña dos defensores —emocionalmente, uns; racionalmente, outros— da lingua natural do noso país.

O libro, máis ben breve, é unha escolma de cincuenta textos —en prosa e en verso— escritos ao longo dos tres séculos derradeiros por cuarenta e tantos autores entre os que figuran persoas tan significadas, e aínda con tantas diferencias, como son: Castelao, Rosalía, Curros, o Cura de Fruime, Otero Pedrayo, Murguía, Pondal, Risco, Cabanillas, Piñeiro, Carballo Calero, Celso Emilio Ferreiro, Lamas Carvajal e Méndez Ferrín. Medio cento de retrincos ou anacos, testemuñas relevantes, dispostos un algo ao chou, máis ben sen moito orde nin concerto. Alfonso Álvarez Gándara, o seu prologuista, tentando unha clasificación elemental destes textos apoloxéticos da lingua galega, agrúpaos en: epigramas irónicos contra os que arrenegan da fala nai, ditirambos e discursos esteticistas, alegatos nacionalistas, ensaios sociolóxicos.

En definitiva, ésta é unha obra, pensamos nós, que lle ha de ter comenencia a non poucas xentes. Polo menos, será útil a galegos cangados de prexuicios pouco serios encol da súa lingua, compriráilles a galegos desconocedores da problemática concreta que atinxe á lingua galega e que desexan achegárense honradamente a ela, viráilles ben a non galgos dispostos a furgar con intensidade nesta mesma problemática. A lectura seguida destes textos pode resultar máis ou menos interesante: asegún os presupostos mentáis dende os que se repare neles. O ter á man, arrecadados nun volume, este ramalliño de textos, ordeadores eles de que os galegos adoitemos decote a nosa lingua, é comenente sempre. Facer uso axeitado e frecuente dos tales textos, cecáis non nos virá mal a ninguén.

Entendemos que esisten motivacións abondo pra xustificar un libro coma o presente.

V. ARIAS

[1] Antoloxía. Edicións Castrelos. Vigo, 1973.

OBRA POÉTICA DE ROSALÍA DE CASTRO

O Patronato Rosalía de Castro ven de publicar unha edición da obra poética esencial rosaliá: *Cantares Gallegos, Follas Novas* i *En las orillas del Sar*. A edición foi preparada pola cátedra de Lingua e Literatura Galegas da Universidade de Santiago. O Prof. Carballo Calero dí na nota limiar que estes libros de Rosalía, publicados moitas veces, foron a miúdo alterados despóis da morte da autora. Nesta nova edición tenciónase dar unha leitura dos libros mencioados, fiel aos orixináis en maior medida que calquera das edicións anteriores.

A diferencia de outros editores, os que prepararon este novo volume axéitanse rigurosamente aos textos rosaliáns, sin pretender milloralos por razóns lingüísticas. Como se non empregóu aparato crítico, se non esprican casuísticamente as leituras feitas. Mais estudáronse miuciosamente as versións esistentes, e ningunha novedade carez de xustificación... Polo que se refire ao galego como polo que toca ao castelán. Endebén, razóns de métrica ou de rima, obrigaron nalgúns casos a refrexar particularidades fonéticas que hoxe non se recollen xeralmente na escrita. Outras veces, esta fidelidade a dialectalismos de pronuncia, está motivado polo desexo de conservar o sabor orixinal do texto no que ten de labio popular.

Esta edición honra, xa que logo, ao Patronato, i é el quen nos dí: "A espléndida vitalidade dos *Cantares*, libro co que se inicia a moderna literatura galega; o profundo lirismo de *Follas*, nunca denantes ensaiado en galego; as ousadas innovacións formáis das *Orillas*, que constituien un fito na historia da métrica española, percuran unha vez máis, ao traveso deste volume, ao fiel leitor de Rosalía, —e con el ao que, por unhas ou outras razóns descoñecía a súa obra— para renovar naquél, e promover néste, o gozo dunha poesía xa clásica dentro das literaturas europeas".

LITERATURA GALEGA PRA NENOS

Con motivo da celebración da Xornada Internacional da Infancia, organizóuse na Biblioteca Nacional José Martí, da Habana, unha curiosa mostra de libros pra nenos, editados en diversos países. Por primeira vez nunha exposición desta índole figuraron, en lugar destacado, libros pra nenos escritos en língua galega.

Referíndose a este feito, sinala un comentarista nunha publicación literaria cubana:

A literatura galega pra nenos —ao contrario do que ocurre coa poesía, a narrativa, o ensaio, etc., con destino a adultos— xurdíu hai poucos anos. Esistían algúns antecedentes illados: *Os nenos*, de Filgueira Valverde, 1925; *Cantigas de nenos*, de Emilio Pita, 1944; *Fábulas galegas pra os nenos grandes e pequenos*, de Xosé Rubinos, 1960. É no 1967 cando emprincipian a se publicar, de xeito máis ou menos sostido, libros galegos pra nenos. A Editorial Galaxia de Vigo, dá o primeiro paso con dous tíduos verquidos do catalán, en coordinación coa editora barcelonesa "La Galera". Virían logo os traballos orixináis de autores galegos, a recreación de narracións populares, algo de poesía, algo de teatro, a tradución ao galego dun clásico francés do xénero, e á inversa, a versión dunha obra galega ao castelán, ao catalán e ao ucraniano.

Os concursos anuáis da coruñesa Agrupación Cultural "O Facho" —traballos de nenos e pra nenos— ten movido o interés dos autores galegos, e posibilitóu o acopio dalgunhas obras de elevada calidade.

Este labor de autores i editores irá en ascenso. Todo escritor que se precie —e máis aínda si se desenvolve no marco dunha língua e dunha cultura marxinadas— debera escribir algo pra os nenos, inda que se non adique de cheo a elo. I ésto é valedeiro tamén pra os plásticos: deben propoñérense ilustrar algún libro pra nenos, ou orientalos pra que eles mesmos o fagan, como nos consta que fixo o pintor lugués Saturno Lois, e como supoñemos fai Xohán Ledo coas edicións infantís de Galaxia.

O labor non é doado, pero deberán multiplicárese as edicións. Si a palabra escrita, destinada aos nenos, sigue a ser deficitaria nas áreas onde millor se atende esta demanda, e onde non esiste conflito lingüístico, ¿qué diremos da situación dun país subdensenrolado —e Galicia éo— coa agravante de que o ensino non se realiza na fala materna? Dende a infancia ha de se atender o alleamento provocado por este desencontro idiomático. E mentras non cristalicen outras solucións, o poñer en mans do pequeno leitor algunhas páxinas na língua cotiá da súa terra equival a salvalo de traumas futuros.

ESTRENO DE "A NOITE VAI COMA UN RÍO"

O Grupo de Teatro Experimental Tespis presentóu no Teatro Colón da Coruña, a peza de Álvaro Cunqueiro *A noite vai coma un río*. Un dos críticos teatráis máis solventes desta hora en Galicia publicóu un análise da obra, ao que pertenecen os seguintes párrafos:

Nesta peza prodúcese o feliz encontro do poeta co fundo esterior, do meigo da palabra co meigo da escea; a invención dunha sintase fondamente dramática i enxebremente cunqueirá. O Paso de Valverde, o mundo imaxinario onde se moven estas xentes de *A noite vai coma un río*, é a nosa terra mesma de Galicia, anque sería moito menos si non poidera ser moito máis. As xentes van e veñen, "pasan", páranse a chorar, a botar un parrafeo, a escoitar os laios de dona Inés, asolagada nos degaros dun amor nunca presente, pero nunca ausente. A liquidez do espacio, a "barredura" de paixóns, de voces, que a noite vai levando —afortunado tíduo— son un achádego estilístico ao que poideran vérselle rabos de Ghelderode, motivos pictóricos, varias influencias. De estilo e de concepto, non, que a invención é nidia e personal. Pousemos un mollo de razóns:

—Os espacios son finxidos, diversos e trasformábeles nas súas partes, e mesmo na totalidade. Por exemplo, o "lugar do espello" será tal en tanto espello esista pra alguén. Estase fora ou dentro en tanto dentro hai ruina e quentura, e fora é vento, frío ou chuvia.

—Hai unha intromisión de cada parte na totalidade, por mor dun rumor, un balbordo, un riso, unha cantiga, unha ollada.

—Non hai mundos aparte, pero sí a carón.

—Os persoaxes "sinten" o mundo dos outros, espresándose en razón dese sentir, e non por un voluntarismo. Eis un "cativo", detalle, que, de Chehov acó, se ven esquecendo.

—Xa que logo, non hai apartes, sinón alternancias, ritmos.

—As relacións antre os persoaxes son antixestuáis, antirretóricas, agás no caso do rei, cuia composición é novelística máis que teatral; nalgúns anacos, tamén a figura de dona Inés sofre esta trasposición a un mundo literario que lle cadra lonxe. Porén, domea a relación carnal, poética mesmo que os rumores dunha fraga, non val máis un chirlo que unha folla abaneada polo vento, que un lagarto, que o crebar dun carabullo.

—A masa humá non é escultórica, que é líquida. Ninguén tan lonxe de Brecht que Cunqueiro. E ben poucos haberá tan perto de Breughel, do Patinir, de Chehov, de Ghelderode.

—A palabra ten un gran valor; pero non hai que treicionala matinando monólogos, apartes, "duetos", etc.

—Un realismo poético, a xeito de marmurio universal, nun tempo e nun fogar que van ser afogados cos ensoños derradeiros.

—Unha guerra concreta nunca acada asolagar un universo. A guerra de *A noite vai coma un río* é calada e contínua, ten o niño nos ósos dos moinantes e deixa un remorso saudoso. A poesía é posíbel.

—O Paso de Valverde fica solagado nos miolos dos espectadores. Quizaves

sempre estivo alí, ou debera estar. As esperiencias da ficción non son máis que as esperiencias da mente, que o poeta sabe regalar.

Teño pra min —velahí unha improvisación desusada nestes comentos— que, a esguello da valoración crítica do espectáculo, estamos diante do texto máis importante da literatura dramática galega. E, dende logo, do subtexto máis fondo e máis ricaz.

LEMBRANZAS DE GUIMARÃES ROSA

Hai uns meses falóuse en Francia de Jorge Amado cando acudíu a Niza á festa do Premio Internacional do Libro. Agora fálase de Guimarães Rosa, co gallo dun número especial que lle adican os "Cahiers de l'Herne". As letras brasileiras, aparecen, pois, no país galo na chavelleira de adiante.

João Guimarães Rosa nacéu no 1908 en Cordisburgo, no Estado de Minas Gerais. Os contos ou novelas cortas de *Sagarana* e *Corpo de Baile,* os poemas, a novela *Grande Sertão: Veredas,* os relatos de *Primeiras Estorias,* déronlle merecida sona. Da súa obra hai traducións a todas as falas cultas, e foi xa tido en conta nas votacións dos derradeiros anos pra o Premio Nobel.

Unha vez, nunha entrevista, confesóu Guimarães Rosa: "Non me gosta falar da infancia. El é un tempo de cousas boas, pro sempre con personas maiores amolando, intervindo, estragándolle a ún os praceres. Lembrando os tempos de neno, vexo unha grande abondosidade de adultos, todos eles, mesmo os máis queridos, coma soldados e policías do invasor na patria ocupada. Fun daquela rencoroso e revolucionario permanente. Eu era miope e ninguén o sabía, nin siquera eu. Gostábame estudar soio e xogar á xeografía. Pero o tempo bon de verdade soio comezóu coa conquista dalgún isolamento, coa seguranza de me poder meter nunha habitación e pechar con chave. Deitarme no chan e maxinar historias, poemas, novelas, poñendo de persoaxes a todos os meus conocidos, mesturando as cousas vistas e ouvidas. Advertíame poñéndolle trapelas aos paxaros e despóis ceibándoos. Tirar das mazorcas do millo como si fosen os bois dunha estrada, emparellar unha mazorca branca con outra bermella ou con dous bois negros, mazorcas enmourecidas ao lume. Engaiolar formigas en illas que eran pedras postas nun estanque, e comunicar as pedras con pauciños pra que as formigas pasasen. Aproveitar un fío de auga que viña da banda do lavadeiro, e cambear o seu curso dúas veces ao día, trocándoo no Danubio ou no San Francisco, ou no Saprakal-lai —nome inventado— con todas as súas curvas, con todas as súas ribeiras, todo ésto baixo o vóo dos papagaios do señor Augusto Matraca, na eira".

Moitos dos contos de Guimarães Rosa están cheos de lembranzas da nenez. *O Burrincho Pedrés,* por exemplo, é un persoaxe dela. E *Campo Xeral,* a gran novela que abre *Corpo de Baile,* tamén ten moito do ambente da infancia do grande escritor do Brasil.

NACEMENTO DUN TEATRO INFANTIL NOSO

Como remate da "1.ª Mostra de Teatro Galego" promovida pola Agrupación Cultural "Abrente", estrenóuse en Ribadavia a peza teatral infantil *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas,* de Carlos Casares. A representación estivo a cargo do Grupo Teatral "O Facho". A peza de un soio acto, é unha fantasía onde todo adequire unha dimensión desmesurada. A carón de Elías e Anxa, os persoaxes donos da casa e da horta onde ten lugar, cunha acción constante, toda a obra, acuden o "veciño da escopeta", o "veciño gordo" ou Toneladitas, a "veciña desdentada", a "veciña sabida" e o "veciño torto". Todos eles, xunto cunha laranxa xigante —a meirande do mundo—, un ovo —asimesmo o máis xigantesco—, a galiña Petra e o can Paulino, que falan o mesmo que as personas, protagonizan unha serie de situacións fantásticas nas que o movemento e colorido xogan un rol fundamental.

O estreno da obra, cuios bocetos de figuríns e decorado xeneral fixo Luís Seoane, outivo un sinalado éxito. Denantes da presentación, o autor escribíu: "Nestes momentos non sei qué decir da obriña que se vai estrenar. Dende que a escribíu non a volvín ler, pois coas presas de última hora non tiven a precaución de quedarme cunha copia. De

tódolos xeitos, quédanme dúas impresións: o movemento e o colorido. Ambos os dous parécenme elementos indispensábeles nunha obra escrita pra os nenos. Tamén me queda a mágoa de que sexa unha peza teatral de representación difícil, polas súas complicacións técnicas, o que lle vai restar eficacia nun medio teatral tan escaso de recursos como é o noso. Claro que, ao mellor, o que a min me parece complicado, non o é na realidade.

Respecto ao significado da obra, penso que é importante a última escea, que, pesie a todo, resulta didáctica, anque a obra estea escrita ao marxe de todo didactismo, pois eu coido que o didactismo do teatro infantil debe descansar na pura teatralidade".

UNHA NARRADORA DANESA

Karen Blixen, a baronesa von Blixen, foi unha das representantes máis destacadas da literatura danesa. Nacera perto de Copenhague, no 1885, e alí finóu no 1962. En 1934 chamóu a atención polos seus *Seven gothic tales,* publicados co seudónimo de Isak Dinesen —o seu apelido de solteira era Dinesen—. A esta obra engadíronse *Out of Africa, Last tales, Shadows on the grass, Winter's tales, The angelic avengers.*

Pertenecéu Karen Blixen á Academia Danesa e foi membro honorario da Academia norteamericana de Artes e Letras. Viviu longo tempo na África oriental i estudóu pintura en Roma i en París. Foi candidata ao Premio Nobel.

Encol do seu bilingüismo como escritora, dixo unha vez: "Escribo en inglés a primeira redacción dos meus contos; pero a réplica que fago deles en danés non é unha tradución, os textos son adoito moi diversos, inda no que se refire ao contido".

Sobre desta grande escritora publicóuse hai tres ou catro anos en New York un libro tiduado *Titania. A Biography of Isak Dinesen,* firmado por Parmenia Migel i editado por Random House. Recentemente, "Gallimard" ten publicado os *Contes d'hiver,* nos que é dado apreciar a mestría desta ademirábel contista.

A FALA DO VAL DE SUARNA

Con este tíduo léu a súa tese doutoral na Universidade de Santiago, o Profesor Antonio Santamarina Fernández. En primeiro termo, o doutorando espuxo as liñas fundamentáis da súa pescuda e detívose, a xeito de exemplo, na exposición de un dos capíduos da súa tese relativo a algúns aspectos lingüísticos que presenta unha diptongación típica que se ouserva no lugar xeográfico escolmado pra o estudo. E ao propio tempo custionóu algunhas das conclusións que, nese senso, tiña dado como definitivas don Ramón Menéndez Pidal. Conclusións das que logo diría o Prof. Carballo Calero que poden ter resultado do diferente ángulo de enfoque do que partiron ambas e dúas pescudas.

O propio Prof. Carballo Calero calificóu o traballo realizado polo doutorando como aportador de conclusións de socioloxía lingüística, xa que, ademáis de estar realizado con un bó conocemento do tema e cun rigor científico comprido, descobre —antre outras cousas— o que non exista no val estudado senso peiorativo nin discriminación cara aos que empregan o galego coma meio de expresión. É decir, que o empregan con normalidade todas as crases sociáis. Destacóu, dentro do traballo, o valor testemuñal que presenta o catálogo de palabras e frases dialectáis desa bisbarra. E outro tanto afirmóu da contribución que o Sr. Santamarina fai aos estudos lingüísticos galegos.

Ao cabo, o presidente do tribunal, Prof. Dámaso Alonso, sinalóu o interés que lle producira a leitura da tese, á que non tiña que opoñer ouxecións fundamentáis.

NOTAS

NOAM Chomsky, profesor no Massachusetts Institute of Technology, en Cambridge, é o lingüista máis sonado da actualidade. A gramática xenerativa trasformacional que ten elaborado, sinifica unha verdadeira revolución na historia da lingüística contemporánea. A súa actividade política ten sido tamén moi intensa, sobre de todo como animador da oposición á guerra do Vietnam. O seu derradeiro libro, *Problems of Knowledge and Freedom*, aparecido en New York o pasado ano, ten particular interés pra o gran público, pois nel atópase unha presentación global tanto da teoría lingüística do autor como do seu pensamento político.

UN profesor universitario europeu —o Dr. Augusto Willemsen, da Universidade de Amsterdam—, interesado na literatura do Brasil, considera a Graciliano Ramos coma "o maior novelista brasileiro de todos os tempos". Ás obras do escritor algoano tenlle adicado particular atención, realizando pescudas orixináis, como tamén ven ocurrindo noutros centros universitarios de Europa. Non hai moito publicóu en Lisboa unha breve monografía tiduada *Os bichos em Graciliano*. Recentemente decidíuse a viaxar ao Brasil pra proseguir as súas pescudas, e a primeira cousa que fixo foi desplazárese a Alagoas co fin de establecer contactos con amigos e contemporáneos de Graciliano Ramos, e rebuscar documentos en arquivos públicos e particulares.

NESTE ano cumplíronse 50 do nacemento do "Seminario de Estudos Galegos", creado simbólicamente no Castro de Ortoño —onde Rosalía de Castro viviu anos de nena— por us fato de estudantes universitarios. Foi o primeiro presidente da institución o Dr. Cotarelo Valledor, e o seu prestixio asegurou o ésito dos traballos iniciáis. Dirixido fundamentalmente á formación de investigadores, o Seminario non refugóu dende o primeiro intre o seu contacto co público. A carón do estudo cultivóu a vulgarización, deica o momento mesmo no que se viu forzado a desaparecer. Ao "Seminario de Estudos Galegos" débesellе unha das máis serias e continuadas labouras a prol do país noso, da nosa historia, da nosa língoa e do noso vivir.

O ESCRITOR escocés máis importante da súa xeneración é Hugh Mac Diarmid, nado no 1892, e considerado campeón da inspiración autóctona en oposición á influencia inglesa. Os seus poemas, escritos en inglés i en escocés, revélanno coma un escritor lírico e satírico. "Brillante, ás veces desconcertante —dí Albert J. Farmer—, capaz de abordar grandes temas, pero proclive a se deixar distraguer, Mac Diarmid impónse pola fogaxe e pola integridade do seu esforzo poético". Deste autor, de quen se publicara no 1970 un volume tiduado *Selected Poems*, aparecéu recentemente *The Hugh Mac Diarmid Anthology*, preparada por Michael Grieve e Alexander Scott.

LE Seuil ten esparexido a terceira edición de *le degré zéro de l'écriture*, de Roland Barthes, o crítico francés máis famoso de arestora. "En toda obra literaria —dí o editor— afírmase unha realidade formal independente da língua e do estilo: a escritura considerada como a relación que mantén o escritor coa sociedade, a linguaxe literaria trasformada polo seu destino social. Esta terceira dimensión da forma ten unha historia que sigue de vagariño o rachamento da conciencia burguesa: da escritura trasparente dos clásicos á cada vez máis escura do século dazanove, e logo á escritura neutra de hoxe". Esa relación antre literatura e historia é a que analiza Barthes neste libro, i é ilustrada por oito ensaios reunidos aquí por vez primeira, e nos que se refire, antre outros, a La Rochefoucald, Chateaubriand, Flaubert, Proust, Verne e Loti.

O INSTITUTO José Cornide de Estudios Coruñeses ven de publicar unha edición façsímil da *Historia y Descripción de la ciudad de La Coruña*, de Enrique de Vedia y Goosens. En nota limiar do volume díse que o Instituto ten o propósito de dotar á cidade dunha historia ate o día, dacordo con criterios

historiográficos modernos. Pero namentras esa hora non chega, coidóuse útil reeditar esta Historia que Vedia publicóu en 1845. O autor empregara pra a súa obra moitos e valiosos testemuños documentáis, e trazóu un cadro histórico e descriptivo de gran estilo que convirte ao seu libro nunha das millores historias locáis de España.

UN libro dun irlandés desconocido está sendo un best-seller en Francia. Chámase o autor Christy Brown. Nacéu case totalmente eivado, i escribíu o seu libro —unha novela autobiográfica— co pé esquerdo. Pero hai que se esquecer deste detalle, "que faría máis honor ao circo que á literatura". Trátase da novela autobiográfica dun grande valor e dun narrador cuia sensualidade "incrementada a forza de estar inmóvil, colorea e fai vibrar sin común medida este terríbel relato, que leva por títduo *Aquel que miraba pasar os días*. Christy Brown vai publicar unhas pezas de teatro, outra novela e un libro de poemas. Georges Belmont, o seu tradutor, asegura que Brown ten aínda moito que decir.

NO mes de maio do ano que ven cúmplese o cincuentenario da aparición en Lugo da revista de arte *Ronsel*. Figuraban como direitores, Correa Calderón e Álvaro Cebreiro, e como segredario de Redacción, Álvaro Gil. Na nómina de redactores contábanse: Francisco Luis Bernárdez, Euxenio Montes, Manuel Antonio, Xesús Bal, Luís Pimentel, Fernández Mazas, Xesús Carracedo, Domingo Carvallo e S. Bonhome. Todos eles, escritores e artistas radicados en distintas cidades galegas, coincidían na súa apertura inteleitual cara outras áreas de interés ideolóxico e literario. No sexto e derradeiro número, aparecéu por primeira vez o subtíduo de "Revista de la nueva generación gallega", e nel a publicación tornaba a ofrecer abondosas amosas de apertura á poesía europea.

A OBRA de Pat Rogers *Grub Street*, é un dos máis importantes estudos literarios encol do século dezaoito aparecidos nos derradeiros anos, e a millor pescuda que se tén realizado sobre da profesión das letras nese período. O subtíduo do volume, *Studies in a Subculture*, alude ao mundiño dos escritores a soldo. "Grub Street" é o ámbito considerado o fogar deses escritores. Pat Rogers, profesor do King College, de Londres, examina o sinificado que a Grub Street tivo pra escritores coma Pope e Swift: loucura, inmoralidade, crime, suciedade e outras cousas máis. Analiza as obras dos escritores a soldo, os seus hábitos e a súa sinificación cultural.

O BOLETIN do Museo de Pontevedra publica, no seu número vinteséis, catro dos traballos lidos na sesión conmemorativa do centenario do nacimento de Víctor Said Armesto: os do Prof. Carballo Calero, da Universidade de Santiago; da Dra. Eliane Lavaud, da Universidade de Dijon; do Sr. Martínez-Risco, presidente da Real Academia Gallega, e do Prof. García de Diego, da Real Academia Española. Nun destes traballos afírmase que Said Armesto non é figura esquecida, nin na súa terra pontevedresa... nin no mundo hispánico, onde a súa obra permanece. Lémbrese o seu madurecido estudo sobre a lenda de Don Juan, tan ligada a Galicia, non só porque, como o propio Said demostróu, hai antre nós versións folklóricas do motivo do convidado difunto, senón tamén porque os Tenorios, coma os Ulloas —persoaxes do drama de Tirso— son linaxes galegos poboadores de Andalucía...

ALGÚNS consideran a Klaus Rifbjerg coma o escritor máis importante de Dinamarca na actualidade. Ten escrito novelas, contos, dramas, poemas e adicóuse ao xornalismo. Á súa obra abondosa amecéronse dous novos libros: *Leif den Lykkelige jun* e *Narrene*, unha novela e unha obra de teatro. O títduo da novela alude ao vikingo Leif Ericsson, de quen se di que descobríu América denantes que Colón. O protagonista é un rapaz danés chamado Leif Eriksen, que viaxóu dos Estados Unidos a Escandinavia, ao revés do vikingo famoso. *Narrene*, en tres actos, decorre nun ámbito de conto de fadas e semella ser a millor peza dramática de Rifbjerg.

ÍNDICE DO TOMO XI

Xaneiro-marzo, abril-xunio
Xulio-setembro, outubro-decembro
1973

	N.º	Páx.
Alfaya, Xoan Xulio		
Pracer e realidade	39	100
Alonso, Dámaso		
La revista "Grial", directora de la cultura de un pueblo	42	465
Arias, V.		
"Refráns e ditos populares"	39	122
"O Espantapaxaros"	39	125
"Contos populares da provincia de Lugo"	40	249
"Historias e lendas"	40	255
"Aventuras de Alberte Quiñoi"	41	380
"Falemos galego"	42	510
Bal y Gay, Jesús		
Panorama de la música popular gallega	41	345
B (eiras), X (osé) M (anuel)		
"A planificación rexional e Galicia"	40	246
"Negociantes catalanes y sus fábricas de salazón en la Ría de Arosa"	40	251
Blanco, Domingo		
Aspectos do galego na comarca de Ortigueira	40	224
Brecht, Bertolt		
Contos de almanaque. Historia do señor Keuner	41	324
Carballo Calero, R.		
Unha ducia de poemas	39	60
"L'infinitif gérondival portugais: quelques notes sur sa propagation"	40	247
Na morte de Fermín Bouza-Brey	41	351
"Obras selectas, Parladoiro, Artículos, de Ramón Otero Pedrayo"	42	500
Casares, Carlos		
Leria con Eduardo Blanco-Amor	41	337
Castro Nogueira, Lois		
Relato: A historia do vello Prisciliano, morrendo cáseque e sen nisco de alcol nas bágoas, a noite na que o inmenso paxaro, de xentes asixa, coma sempre se decía, era o reino dos ceos	42	437
Costa Clavell, Xavier		
"Mar adiante. Historias de nenos e pra nenos"	41	379

	N.º	Páx.
Crespo, Fr. José S.		
25 topónimos de Xunqueira de Ambía y su municipio: Su significación y breve etimología .	39	87
Cunqueiro, A.		
Comezando por un morto	41	315
Denley, Gerald		
Poemas en galego	42	449
Díaz Fierros, F.		
"Las tierras cultivadas de Valga y Puentecesures". "Las tierras cultivadas de Caldas de Reyes"	41	379
Dónega, Marino		
As comunicacións de Luís Seoane	41	372
Durán, Carlos		
"Macbeth, por W Shakespeare"	39	119
"O porco de pé"	40	248
"As calexas do Cigurath"	40	254
Outro libro do Dr. Bowlby	41	354
"Morte na Catedral"	41	374
Autonomía pra Escocia	42	496
E. R. R.		
"Os anxos cómense crús"	42	504
Faraldo, Antolín		
Artigos	40	153
Artigos	41	288
Fernández, Maruxa		
Lembranzas	40	206
Fernández, Xosé Luís		
"Calriños e o abó"	40	256
Fernández Ferreiro, X.		
O Espantallo	39	69
Filgueira Valverde, José		
Un poeta con su tema. Don Juan de la Coba Gómez y su lengua poética	42	475
Fontoira, M.ª Lydia		
O teatro en "Illa Nova"	41	360
Fraguas Fraguas, Antonio		
"Etnografía galega (cultura espiritual)"	40	253
Franco Grande, X. L.		
A festa das sete vacas, en Tebra. ¿Reminiscencia dun vello culto xermánico?	39	10
"Historia de Monforte y su Tierra de Lemos, III"	41	376
Introducción a Álvaro Cunqueiro	42	403
"A Teima"	42	503
"A Cociña galega"	42	507
García-Sabell, Domingo		
Doutrina xeneral da persoalidade	41	261
González, José Carlos		
Dimensão. Comentario sobre o poeta	41	308

	N.º	Páx.
González López, Emilio		
A visión epifánica de Valle-Inclán, "La lámpara maravillosa"	39	1
González Reboredo, Xosé Manuel		
A emigración e outros temas nun viaxeiro inglés do século XVIII	39	74
G (onzález) S (uárez-Llanos), C (amilo)		
Trad. de "Carta a Arnaud" de Leibniz	39	45
Iglesia Alvariño, A.		
O poema "Abedoeiras" en occitano	40	240
Labrada, Álvaro		
Sandor Petöfi e Charles Péguy	39	82
Landeira Yrago, X.		
Viaxe sentimental por Galicia do autor de "El viaje entretenido"	41	327
Ledo, Xohán		
En memoria dun neno chamado Pabliño	40	217
Leibniz		
Carta a Arnaud	39	45
López Nogueira, Xosé Manuel		
Fernando Pérez Barreiro, traductor de Shakespeare: Versión galega do "Macbeth"	42	493
Lorenzana, Salvador		
"Letras I"	39	117
"Historia de caciques, bandos e ideologías en la Galicia no urbana"	40	242
"Farsas para títeres"	42	498
"Los gallegos en Buenos Aires"	42	505
M. L.		
O galego de Lago González	42	508
Magariños, Alfonso		
"As relacións Eirexa-Mundo en Galicia"	39	123
Marco, Aurora		
Rubindo á lua	42	463
Maure, Xulián		
Notas pra un "Catecismo do emigrante"	39	107
Miloslav Pluhar		
Escritores da Península Ibérica en checoslovaco	40	239
O. H. V.		
"Tienda de los milagros"	42	509
Otero Pedrayo, Ramón		
Noite compostelá	40	187
Palmás, R.		
Luís Seoane: Poemas e grabados	39	126
Pampín, Xosé M. R.		
"A crisis da concencia relixiosa no mundo moderno"	41	377
Pena Trapero, Xosé M. R.		
"O aforro e a inversión na Galicia"	40	250

	N.º	Páx.
Pensado, J. L.		
Emigración e promoción económica de Galicia no século XVIII	42	417
Un vilancico galego inédito	42	485
Pérez Barreiro-Nolla, F.		
Acenos náufragos - Lendo a Manoel Antonio	39	93
Piel, Joseph M.		
"Grial", órgão literário e espiritual da Galiza	42	467
Piñeiro, Ramón		
Carta a Don Manuel Rodrigues Lapa	42	389
Placer, Fr. Gumersindo		
Mercedario francés pelegriño a Sant Iago, no 1709	39	103
"Mari-Hernández la Gallega". Notas pra un prólogo	40	171
Rabón, Xosé M.		
Á percura dun cine galego	40	235
Ramírez Jiménez, Manuel		
Pervivencia política del siglo XIX	39	35
Risco, Vicente		
Presencia del mito en la vida gallega	40	231
Rodrigues Lapa, M.		
A recuperação literária do galego	41	278
"Grial", verdadeira empresa de cavalaria andante	42	466
Rodríguez del Pino, Salvador		
O idioma de Aztlán: Unha língua que xurde	42	488
Serrano, Miguel		
Rexurdimento do mito: o Grial	40	209
Silgar, María		
Historia da miña terra. O Herdeiro da Degolada	42	458
Silva, Agostinho da		
"Grial" até no título é tão de Ocidente como de Oriente	42	469
Taboada Chivite, Xesús		
"Escudos de Noya"	39	120
"El Padre Feijóo. Su vida, doctrina e influencias"	40	244
Tavani, Giuseppe		
"Grial", agile, moderna, vivace	42	468
Tobío, Lois		
Gondomar e o galego	40	133
Uría-Santos, María R.		
O antiteismo do teatro de Carlos Solórzano	40	145
Vilas Nogueira, X.		
Federales e rexionalistas galegos no XIX. Un exemplo de mistificación histórica	42	430
Villares Paz, R.		
"Guía para el estudio de la Edad Media Gallega"	41	375
Zamora Vicente, Alonso		
La revista "Grial", significativa y excelente	42	467

En cumplimiento de lo dispuesto en el art. 24 de la vigente Ley de Prensa e Imprenta, y para información de nuestros lectores, se consignan a continuación los nombres de las personas integrantes del Consejo de Administración u órgano rector de la *Editorial Galaxia,* Sociedad Anónima, como empresa editora de la presente publicación:

PRESIDENTE

D. Ramón Otero Pedrayo

VICEPRESIDENTE

D. Domingo García-Sabell

VOCALES

D. Álvaro Gil Varela
D. Sebastián Martínez-Risco
D. Jesús Ferro Couselo
D. Agustín Sixto Seco
D. Marino Dónega Rozas
D. Salvador Rey Rodríguez
D. Manuel Caamaño Suárez

CONSEJERO-DELEGADO

D. Jaime Isla Couto

SECRETARIO

D. José Luis Franco Grande

Asimismo se hace constar que ninguno de los accionistas de esta Sociedad es poseedor de una participación que alcance al diez por ciento del patrimonio social, a que se refiere el precepto legal referido.

Editorial Galaxia, S. A., fue fundada por escritura pública de tres de noviembre de mil novecientos cincuenta, ante el Notario don Miguel Hoyos de Castro, con el número 2.909 de su protocolo, con un capital de 500.000 pesetas, dividido en acciones de mil pesetas cada una, en la actualidad enteramente suscritas y desembolsadas.

EDITORIAL
GALAXIA, SA

Esta edición facsimilar
da revista GRIAL,
rematouse de imprentar
no obradoiro de
Artes Gráficas Galicia, S.A.,
na rúa Segovia, 19 de Vigo,
o día 15 de setembro do 1988